<ul style="list-style-type: none"> - O regreso de Fernando VII: o Sexenio Absolutista. - O Trienio Liberal, de 1820 a 1823. - A última década do reinado de Fernando VII: a Década Ominosa. - O movemento de independencia das colonias en América e a caída de España como potencia colonial. - O xurdimento do carlismo á morte de Fernando VII: a elección entre Carlos María Isidro ou Isabel. - As guerras carlistas e a Revolta dos Matiners. - A construción do Estado liberal a mans de Isabel II. - A rexencia de María Cristina e de Espartero. - A Década Moderada baixo o mando de Narváez. - O Bienio Progresista a mans do xeneral O'Donnell. - A degradación do réxime isabelino. - O Sexenio Democrático: a "Gloriosa Revolución" e o Goberno provisional. - A monarquía de Amadeo de Savoia e a Primeira República. - Galicia na política española do século XIX. 	<p>2. Describir os feitos máis relevantes dos reinados de Fernando VII e Isabel II e explicar os principais conflitos aos que tiveron que lles facer fronte.</p>	<p>2.1 Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII e explica as causas do proceso de independencia das colonias americanas. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p> <p>2.2 Expón o ideario carlista e identifica os conflitos que tiveron lugar pola oposición absolutismo-liberalismo. <i>Comunicación Lingüística - Aprender a Aprender.</i></p> <p>2.3 Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II, describe o Sexenio Democrático e relata os sucesos máis relevantes. <i>Comunicación Lingüística - Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - A Restauración borbónica: o reinado de Alfonso XII. - O sistema de Antonio Cánovas del Castillo: a alternancia no poder dos partidos Conservador e Liberal. - O caciquismo e o falseamento electoral. - O xurdimento dos nacionalismos en Cataluña, o País Vasco e Galicia. - A crise de 1898: a independencia de Cuba, Filipinas e Porto Rico. 	<p>3. Explicar o sistema político da Restauración como intento de establecer unha monarquía constitucional, garante da orde social.</p>	<p>3.1 Define a grandes trazos en que consistiu a Restauración, os seus obxectivos e as súas características. <i>Comunicación Lingüística - Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p>
Indicadores de logro		

<p>Describe as diferenzas entre as monarquías constitucional e absoluta e explica cando se implantou o liberalismo en España Expón as dúas opcións que conformaban o liberalismo e as consecuencias das prácticas que obstaculizaron o libre xogo electoral Sintetiza as características que tivo en España a implantación do liberalismo político e xustifica se contribuíu a darlle estabilidade ao sistema Explica o cambio, proposto por Godoy, que se deu nas relacións entre España e Francia Desenvolve a invasión napoleónica e describe en que consistiron as abdicacións de Baiona Expón a Guerra da Independencia, sitúa as principais batallas nas que tivo lugar, e describe as súas repercusións Explica o papel das Xuntas, as Cortes de Cádiz e os trazos da Constitución de 1812. Elabora unha táboa na que sintetiza as tres etapas do reinado de Fernando VII Explica as causas do proceso de independencia das colonias e sitúa cada unha das fases Describe os sucesos que amosan que o absolutismo era unha ideoloxía moi arraigada en Galicia Expón as causas do conflito carlista e sitúa nun mapa o desenvolvemento da primeira guerra. Indica o significado dos catro elementos que compoñen o lema da ideoloxía carlista Menciona as distintas etapas do reinado de Isabel II, enumera os partidos políticos vixentes nese período e describe as diferenzas entre eles Explica que foi a Revolución de 1868, as súas causas e os obxectivos que perseguía. Describe como se proclamou a Primeira República e a nova forma de organización do Estado Elabora un eixe cronolóxico coas diferentes etapas do Sexenio Democrático e explica por que non se conseguiu estabilizar un réxime democrático Explica os obxectivos da Restauración e as súas características. Enumera as causas do xurdimento dos nacionalismos.</p>		
BLOQUE 4		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - O precursor da arte contemporánea: Francisco de Go-ya. Pintor de Corte e pintor costumista. - O cronista da crise do Antigo Réxime. 	<p>1. Analizar e comentar diversas obras artísticas dos séculos XVII e XIX e recoñecer o estilo ao que pertencen.</p>	<p>1.1 Describe as principais características da pintura de Goya: etapas e obras principais. <i>Conciencia e Expresións Cul-turais - C. Dixital.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Define as distintas etapas da pintura de Goya, exemplifícaa a través de distintas obras e céntrase na análise das Pinturas Negras Explica como reflectiu Goya a crise do Antigo Réxime</p>		

UNIDADE 5: INDUSTRIALIZACIÓN E CAMBIO SOCIAL NA ESPAÑA DO SÉCULO XIX (novembro)

Obxectivos Didácticos

- Xustificar se a Revolución Industrial foi un éxito ou un fracaso en España.
- Coñecer a evolución demográfica española do século XIX.
- Identificar os conceptos básicos relacionados coa propiedade da terra en España e coa reforma agraria liberal.
- Coñecer o proceso de industrialización en España e valorar os motivos da súa lentitude.
- Entender as repercusións da explotación mineira e da construción do ferrocarril.
- Analizar os cambios económicos, sociais e educativos que se deron en España durante o século XIX e os seus límites.
- Describir a aparición e actuación dos movementos obreiros en España.
- Expor as características das ideoloxías xurdidas das inxustizas sociais e comparalas entre si.
- Sinalar as características da economía e sociedade galegas do século XIX.

BLOQUE 3		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - Os problemas aos que se enfrontou a Revolución Industrial en España: o compoñente agrario, a difícil articulación do mercado e o proteccionismo, o déficit da facenda e a escasez de capital. - A idea de atraso relativo. - O crecemento demográfico e a emigración. - A transformación agrícola. - A reforma agraria liberal e as desamortizacións. - Os inicios da industrialización española. - A industria téxtil algodoneira en Cataluña e a industria siderúrxica no País Vasco. - A explotación mineira española. - O proceso de substitución na banca e nas finanzas. - Os efectos da construción do ferrocarril: vantaxes e inconvenientes. - O cambio social: dunha sociedade estamental a unha sociedade de clases. - O predominio das clases populares e o nacemento do proletariado industrial. - A Institución Libre de Ensinanza. - Observación de mapas, esquemas, gráficos e debuxos para unha maior visualización do período referido. - Análise dun ensanche urbano a través dun plano de A Coruña do século XIX. 	<p>1. Desenvolver o proceso de industrialización de España, os cambios que supuxo para a sociedade e as limitacións coas que se encontrou.</p>	<p>1.1 Explica as dificultades coas que se encontrou a Revolución Industrial en España e valora o seu carácter de éxito ou fracaso. <i>Aprender a Aprender - Sentido de Iniciativa e Esp. Emprendedor.</i></p> <p>1.2 Expón o proceso de cambio que tivo lugar en España a raíz da súa parcial industrialización e compárao correctamente co resto dos países. <i>Aprender a Aprender - Sociais e Cívicas.</i></p> <p>1.3 Describe os cambios sociais que tiveron lugar en España, e concretamente en Galicia, durante o século XIX e as súas limitacións. <i>Aprender a Aprender - Sentido de Inic. e Esp. Emprendedor – Sociais e Cívicas.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - As primeiras asociacións obreiras en contra das duras condicións de vida. - As revoltas campesiñas como consecuencia da reforma agraria liberal. - A creación da Federación Española da Primeira Internacional: marxismo e anarquismo. - A economía e a sociedade galegas no século XIX. 	<p>2. Expor o nacemento da conciencia colectiva a raíz dunha serie de inxustizas relativas ás condicións laborais.</p>	<p>2.1 Analiza as orixes do movemento obreiro en España a causa das duras condicións de traballo ás que estaban expostos. <i>Sentido de Inic. e Esp. Emprendedor – Sociais e Cívicas.</i></p>
Indicadores de logro		

<p>Expón os problemas que dificultaron a modernización da agricultura en España e sitúa nun mapa como se distribuía a propiedade</p> <p>Explica por que a industria española tivo que recorrer ao proteccionismo e comenta un poema relativo a este</p> <p>Argumenta se a Revolución Industrial foi un éxito ou un fracaso en España</p> <p>Compara, a través dun gráfico, o crecemento de España co doutros países e xustifícao.</p> <p>Describe a reforma agraria liberal e todos os procesos que se levaron a cabo en relación a ela.</p> <p>Expón a importancia das industrias téxtil e siderúrxica en España e a súa evolución</p> <p>Describe a importancia da explotación mineira e comenta un texto sobre o carbón.</p> <p>Explica por que era importante a creación dunha nova banca e dunha bolsa</p> <p>Identifica nun mapa as diferentes fases de construción do ferrocarril.</p> <p>Fai unha táboa comparativa do sector mineiro e o ferroviario coa información máis relevante</p> <p>Describe as características das clases dirixentes na España do século XIX.</p> <p>Explica, a través dun gráfico, a distribución dos distintos grupos sociais.</p> <p>Expón por que o desenvolvemento da burguesía e do proletariado foi menor en España que noutros países.</p> <p>Coñece a importancia de Francisco Giner de los Ríos e a súa achega á educación española.</p> <p>Explica os trazos que presentaba a sociedade galega do século XIX.</p> <p>Describe as formas que adoptaron as primeiras accións do movemento obreiro e as súas principais reivindicacións</p> <p>Expón a difusión das ideas socialistas e anarquistas en España e as zonas de maior influencia</p>		
BLOQUE 4		
Contidos	Crit. De Avaliación	Est. De Aprend. E Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A arte do século XIX en España: o intento de recuperar a tradición clásica grecorromana e as novas tendencias da sociedade liberal. - A arquitectura modernista: Antoni Gaudí. 	<p>1. Analizar e comentar diversas obras artísticas dos séculos XIX e recoñecer o estilo ao que pertencen.</p>	<p>1.1 Describe as principais características do Neoclasicismo, o Barroco, o Realismo e o Modernismo españois. <i>Aprender a Aprender – Conc. E Exp. Culturais – Sent. Inic. E Esp. Emprendedor.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Describe as características das correntes artísticas do século XIX e os temas que predominaron na escultura</p> <p>Completa unha táboa na que se recollen as características da pintura dos distintos estilos</p>		
BLOQUE 10		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - O limitado avance da educación: a reforma educativa de Moyano e a comparación coa educación actual. 	<p>1. Recoñecer que o xeito no que se dispoñen as cousas no presente depende dos feitos que sucederon no pasado e inflúe nas posibilidades do futuro.</p>	<p>1.1 Compara unha lei educativa do pasado, a Lei Moyano, coa educación actual. <i>Sent. Inic. e Esp. Emprendedor.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Explica as achegas da Lei Moyano á ensinanza e compáraas coa educación actual</p>		

UNIDADE 6: A ÉPOCA DO IMPERIALISMO (decembro)

Obxectivos Didácticos

- Analizar as causas da expansión imperialista e a xustificación de dito fenómeno por parte das potencias implicadas.
- Describir a Segunda Revolución Industrial, os cambios que introduciu e as repercusións económicas que tivo tanto en Europa Occidental como nos Estados Unidos.

- Expor o crecemento demográfico que se deu en Europa a raíz da Segunda Revolución Industrial e o proceso migratorio ao que deu lugar.
- Explicar as expedicións de Europa polo mundo en vistas á conquista de novos territorios e os enfrontamentos aos que deron lugar.
- Desenvolver as formas de organización e de explotación das colonias e valorar as súas repercusións na situación económica e social dos países implicados.
- Rexeitar as xustificacións do colonialismo e a segregación racial.
- Identificar a extensión e posesións dos imperios coloniais formados polos países europeos e a expansión territorial dos Estados Unidos e Xapón.
- Comentar a revolución artística que se deu no cambio de século e as influencias que recibiu a arte occidental da asiática e da africana.
- Describir o progreso que se deu na ciencia e a tecnoloxía durante o cambio de século e a revolución que isto supuxo na vida cotiá.

BLOQUE 3		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A Segunda Revolución Industrial. - Frederick Taylor e a organización científica do traballo. - A fábrica de automóviles Ford e o fordismo. - A banca e a concentración empresarial. - O dominio do comercio e as finanzas internacionais. - A explosión demográfica europea. - As viaxes transoceánicas. - A diversidade entre a emigración europea: emigrantes pobres e elites coloniais. - A exploración e a conquista de Europa polo mundo. 	<p>1. Expor a relevancia da Segunda Revolución Industrial e os beneficios que supuxo para a sociedade do momento.</p>	<p>1.1 Explica os cambios que produciu a Segunda Revolución Industrial nos distintos países. <i>Comp. Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender - Comp. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía.</i></p> <p>1.2 Expón as consecuencias que tivo a Segunda Revolución Industrial a nivel demográfico e os avances que supuxo en canto á calidade de vida dos individuos. <i>Aprender a Aprender - C. Lingüística - C. Dixital.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Expón as novas fontes de enerxía que apareceron na época e as súas principais aplicacións.</p> <p>Describe en que consistiu o taylorismo e os seus obxectivos principais</p> <p>Explica a posición dos países industrializados no conxunto da produción mundial e valora a súa capacidade para controlar a economía mundial</p> <p>Describe as causas do crecemento demográfico europeo.</p> <p>Coiñece os países con maior número de emigrantes, sitúa nun mapa os principais destinos.</p> <p>Describe como se levaban a cabo as viaxes e a revolución que supuxo o barco a vapor.</p>		
BLOQUE 4		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - As causas da expansión imperialista: os intereses económicos, o aumento da poboación europea, o desexo de ampliar as zonas de influencia e as concepcións racistas e nacionalistas. - Os enfrontamentos entre as potencias coloniais: o imperialismo. - A organización, a explotación das colonias e os seus distintos tipos. - Os avances na investigación científica e tecnolóxica: a medicina, a información e 	<p>1. Describir en que consistiu o imperialismo, as súas causas e as razóns ás que se apela para xustificalo.</p>	<p>1.1 Enumera as causas do imperialismo e recoñece a vontade de expansión nas diferentes potencias a través de diversas fontes. <i>Com. Lingüística - Aprender a Aprender.</i></p>

a comunicación, os medios de transporte e as transformacións que ocorreron na vida cotiá.		
<ul style="list-style-type: none"> - Os imperios coloniais: o Reino Unido, Francia, os Estados Unidos e Xapón. - Observación de mapas, debuxos e esquemas, e análise de textos para profundar na época estudada. 	2. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo.	2.1 Identifica as potencias imperialistas e as súas liñas de expansión na procura de novos territorios. <i>Aprender a Aprender - C. Dixital.</i>
<ul style="list-style-type: none"> - As consecuencias do imperialismo para os pobos colonizados: modificación do territorio, impacto demográfico e económico, colonización cultural e desarticulación das sociedades tradicionais. 	3. Explicar en que consistía o colonialismo e as súas consecuencias.	3.1 Describe as consecuencias que tivo a colonización tanto para as potencias colonizadoras como para os territorios colonizados. <i>Aprender a Aprender - Com. Lingüística - C. Dixital.</i>
<ul style="list-style-type: none"> - A revolución artística de principios do século XX. - O Impresionismo, o Posimpresionismo e os seus máximos representantes. - A arquitectura do ferro e do aceiro. - A influencia da arte asiática e africana na arte occidental. - As pinturas xaponesas e a súa influencia en artistas da vangarda europea: o xaponismo. - A estética africana e a súa repercusión nos artistas europeos. - Comentario de obras artísticas propias das correntes de finais do século XIX e principios do século XX. 	4. Analizar e comentar diversas obras artísticas dos séculos XIX e XX e recoñecer o estilo ao que pertencen.	<p>4.1 Expón as principais características, artistas e obras do Impresionismo e do Postimpresionismo, e o envorcamento que se deu na arquitectura coa introdución de novos materiais construtivos. <i>Conciencia e Exp. Culturais- Co-m. Lingüística - C. Dixital.</i></p> <p>4.2 Compara movementos artísticos asiáticos e africanos e recoñece a súa influencia nas vangardas artísticas. <i>Conciencia e Exp. Cult. - Aprender a Apr. - C. Ling.</i></p>

Indicadores de logro

<p>Describe o peso de Europa na economía mundial e o seu interese en ocupar colonias.</p> <p>Comenta un texto de Jules Ferry e outro de Chamberlain, onde se reflicte a vontade de expansión imperialista de Francia e Inglaterra, respectivamente</p> <p>Explica as causas do imperialismo e as xustificacións que se deron para lexitimalo</p> <p>Enumera as potencias que impulsaron as expedicións e describe as súas grandes rutas</p> <p>Desenvolve o proceso de colonización do territorio, tendo en conta as condicións previas e os conflitos derivados dela</p> <p>Comenta un texto de Tagore relativo á visión dos coloni-zadores por parte dos colonizados.</p> <p>Enumera os imperios colinais máis importantes e coñece as zonas que ocuparon</p> <p>Completa un cadro sobre a colonización onde aprezan os diferentes países coas súas colonias.</p> <p>Cita as consecuencias económicas da colonización para os pobos indíxenas</p> <p>Comenta un texto onde Sartre acusa os colonizadores da destrución da cultura nativa.</p> <p>Describe o problema que xerou o colonialismo en Ruanda e as súas consecuencias.</p> <p>Explica a principal preocupación dos pintores impresionistas e como lograron o seu obxectivo</p> <p>Expón a innovación que introduciu o postimpresionismo e os seus máximos representantes</p> <p>Describe os novos materiais e necesidades que posibilitaron o desenvolvemento da arquitectura</p> <p>Valora a influencia da arte asiática e africana na arte occidental e as súas principais características</p>
--

2º Trimestre

UNIDADE 7: A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA (xaneiro)

Obxectivos Didácticos

- Expor os conflitos que tiñan lugar entre as potencias participantes na expansión imperialista antes de 1914 e o sistema de alianzas militares que se estableceron entre elas.
- Identificar as causas profundas e locais que desencadearon a Primeira Guerra Mundial.
- Analizar as fases da Gran Guerra e as súas repercusións económicas, sociais, políticas e territoriais.
- Coñecer a situación dos soldados na fronte e ser consciente do sufrimento que isto supuxo.
- Definir o concepto de 'guerra total' e explicar por que se considera a Primeira Guerra Mundial como tal.
- Expor as causas de que tivera lugar a Revolución Rusa e a súa relación coa Primeira Guerra Mundial.
- Explicar a caída do tsarismo e describir a toma do poder na xornada revolucionaria de outubro e a construción do primeiro estado socialista.
- Comprender as consecuencias da guerra civil rusa e o proceso de formación da URSS.
- Describir a situación de Europa ao finalizar a Gran Guerra e coñecer o seu reflexo na arte.

BLOQUE 4		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - As causas da Primeira Guerra Mundial: os enfrontamentos coloniais, o nacionalismo, os conflitos balcánicos, as alianzas militares e tamén a carreira armamen-tística. - O estalido da guerra e o seu desenvolvemento: guerra de movementos e guerra de trincheiras. - A definitiva mundialización do conflito coa entrada do-SEUA na guerra e o seu final. - A realidade da guerra: o sufrimento humano e a vida diaria na trincheira. - O novo concepto de guerra: unha guerra total. - A implicación da poboación civil, a propaganda e o control da opinión. - A economía ao servizo da guerra. - O papel das mulleres na Primeira Guerra Mundial. - Compleción dun mapa conceptual a modo de resumo da información do tema. - Observación de mapas, debuxos, gráficos, imaxes e táboas con datos relevantes para o período estudado. 	<p>1. Coñecer as causas que levaron á Primeira Guerra Mundial, as características principais e os grandes acontecementos que ocorreron no seu desenvolvemento.</p>	<p>1.1 Explica o contexto que favoreceu que tivese lugar a Primeira Guerra Mundial. <i>Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender - Com. Lingüística.</i></p> <p>1.2 Expón as fases e os sucesos máis significativos no desenvolvemento da Gran Guerra. <i>Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender - Com. Lingüística.</i></p> <p>1.3 Describe as características da Primeira Guerra Mundial e define por que se recolle baixo o concepto de "guerra total". <i>Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender - Com. Lingüística.</i></p>

<ul style="list-style-type: none"> - A Revolución rusa: contexto, causas e consecuencias. - A caída do tsarismo logo da revolución de febreiro de 1917. - A suba ao poder dos bolxeviques na revolución de outubro. - A Guerra civil e a formación da URSS. - Comentario dun cartel de propaganda política. 	<p>2. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa, e establecer as relacións pertinentes coa Gran Guerra.</p>	<p>2.1 Expón a situación na que se achaba Rusia para que se desencadease unha Revolución e como influíu esta no desenvolvemento da Guerra. <i>C. Dixital – Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender - Com. Lingüística.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - A situación de Europa ao terminar a guerra: o desastre demográfico e económico. - A organización da paz: o Tratado de Versalles e a Sociedade de Nacións. - O novo mapa europeo conformado tras os tratados de paz. 	<p>3. Expor todas as consecuencias posibles da Primeira Guerra Mundial.</p>	<p>3.1 Enumera as consecuencias da Guerra a distintos niveis: demográfico, económico, social e político. <i>Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender - Conc. e Exp. Cult.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - O nacemento das vangardas artísticas como cuestionamento da arte do pasado. - O fauvismo e os seus máximos representantes: Matisse, Derain e Vlaminck. - O expresionismo e os seus grupos principais: Die Brücke e Der Blaue Reiter. - O cubismo e as súas etapas: a fase analítica e a fase sintética. - O futurismo e a pintura metafísica. - Análise e comentario de textos e obras de arte relativos á época tratada. 	<p>4. Analizar e comentar diversas obras artísticas do século XX e recoñecer o estilo ao que pertencen.</p>	<p>4.1 Analiza as Primeiras vangardas como cuestionamento da arte do pasado e rexeitamento da imitación da realidade. <i>Conc. e Exp. Culturais - C. Lingüística.</i></p>

Indicadores de logro

Explica as causas do conflito entre os países europeos nas colonias.

Describe a época da “paz armada” e como desembocou na Primeira Guerra Mundial.

Expón as causas profundas e o feito concreto polo que estalou a Primeira Guerra Mundial.

Describe o xogo de alianzas que produciu que o enfrontamento entre Austria e Serbia se convertera nun conflito mundial.

Explica as fases da guerra e os acontecementos e características de cada unha delas

Enumera os feitos que provocaron a mundialización do conflito.

Explica, a partir dun debuxo, o sistema de Trincheiras da Primeira Guerra Mundial.

Redacta unha descrición dun día nas trincheiras.

Describe as características da Primeira Guerra Mundial, en relación ao tipo de exército, implicación da poboación, papel da propaganda, etc.

Explica as consecuencias que tivo a guerra para a poboación civil

Cita o papel das mulleres na guerra

Define por que se califica a Primeira Guerra Mundial como “guerra total”.

Expón o contexto no que se desencadeou unha revolución en Rusia: forma de goberno, grupo social dominante, situación económica, etc.

Enumera as causas da Revolución rusa a partir da observación dun esquema

Elabora unha redacción sobre a orixe do Partido Obreiro Socialdemócrata Ruso a través da procura de información na Rede

Describe os sucesos máis importantes durante o desenvolvemento da Revolución rusa.

Explica por que tivo lugar unha guerra civil en Rusia e a súa relación cos ataques exteriores e a suba ao poder dos bolxeviques

Expón as consecuencias que tivo a Guerra Mundial a distintos niveis

Identifica os problemas pendentes que levaron a unha nova guerra mundial anos máis tarde

Describe características das primeiras vangardas artísticas e analiza unha das súas obras: fauvismo, expresionismo, cubismo ou futurismo

Analiza unha obra de Otto Dix na que se reflicten os horrores da guerra e contextualízaa.

UNIDADE 8: O PERÍODO DE ENTREGUERRAS (xaneiro-febreiro)

Obxectivos Didácticos

- Enumerar os problemas que desembocaron nunha nova guerra mundial vinte anos despois da fin da Gran Guerra.
- Expor os factores que transformaron os Estados Unidos na primeira potencia mundial e describir o *american way of life*.
- Analizar as causas que provocaron o crac bolsista de 1929 e o desencadeamento da depresión económica xeralizada.
- Describir os factores que explican o ascenso dos réximes totalitarios en Alemaña e Italia.
- Identificar e rexeitar a ideoloxía do fascismo italiano e o nazismo alemán.
- Coñecer os piares do nazismo alemán e as súas liñas de actuación.
- Explicar a chegada ao poder de Stalin na URSS e xustificar por que se considera a súa ditadura como un réxime totalitario.
- Analizar as características da arte do período de entreguerras e coñecer as principais correntes que xurdiron, os seus máximos expoñentes e as súas obras máis representativas.

BLOQUE 4		
Contidos	Crit. De Avaliación	Est. De Aprendiz. E Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – Os problemas que desembocaron nunha nova Guerra Mundial: desequilibrios económicos mundiais, efectos da Revolución rusa e crises das democracias. – Os Estados Unidos e os seus “felices anos vinte”. As contradicións da prosperidade e a posterior crise. – Roosevelt e o New Deal. 	<p>1. Expor as consecuencias que tivo a Primeira Guerra Mundial nas distintas potencias que participaron nela, profundando no caso de EUA.</p>	<p>1.1 Describe a situación de posguerra en Europa e no resto das potencias participantes na Primeira Guerra Mundial. <i>Sociais e Cívicas - C. Lingüística.</i></p> <p>1.2 Explica o proceso de crecemento que se deu en EUA tras a Guerra e as causas do seu posterior declive. <i>Comp. Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas - C. Lingüística.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> – A arte do período de entreguerras: as correntes de protesta. – O dadaísmo e o seu máximo representante: Marcel Duchamp. – As correntes da abstracción: o construtivismo, o suprematismo e o neoplasticismo. – O surrealismo e as súas dúas vertentes: a automatista e a onírica. – A nova obxectividade e os seus principais expoñentes: Georg Grosz e Otto Dix. 	<p>2. Analizar as correntes artísticas de protesta que naceron durante o período de entreguerras e comenta algunha das súas obras.</p>	<p>2.1 Describe as características do dadaísmo, as correntes da abstracción, o surrealismo e a nova obxectividade. <i>Conciencia e Exp. Culturais - C. Dixital.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Enumera as potencias industriais na década de 1920 e a situación de EUA de como primeira potencia económica ao finalizar a Primeira Guerra Mundial</p> <p>Explica a situación económica de Europa tras a guerra</p> <p>Describe as causas que contribuíron á crise e inestabilidade na Europa da posguerra</p> <p>Explica en que consiste o dadaísmo, a arte abstracta e o surrealismo.</p> <p>Analiza unha obra de Dalí.</p>		

BLOQUE 5		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com.
<ul style="list-style-type: none"> - O crack do 29 como exemplo de crise da economía capitalista: ciclo de prosperidade, burbulla especulativa, crise bolsista e crise económica. - A mundialización da crise. - Observación de mapas, debuxos, fotografías, gráficos e esquemas para unha maior comprensión do período en cuestión. 	<p>1. Describir as causas e o alcance da crise financeira de 1929.</p>	<p>1.1 Analiza o alcance da crise financeira de 1929 e a súa vinculación co tipo de sistema económico capitalista. <i>C. Dixital - Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - O fascismo italiano como consecuencia da Gran Guerra. - A situación de Italia na posguerra. - Benito Mussolini e o ascenso ao poder. - As características e os principios ideolóxicos do fascismo. - A Alemaña da posguerra. - Adolf Hitler e a aparición do Partido Nazi. - A chegada de Hitler ao poder e o réxime nazi como sistema totalitario. - Os principios ideolóxicos do nazismo. - A Unión Soviética e a ditadura estalinista. - A chegada ao poder de Stalin tras a Revolución rusa. - As directrices da política stalinista. - A imposición do poder absoluto de Stalin na URSS. - Análise e comentario de textos sobre a época traballada. 	<p>2. Explicar os diversos factores polos que se fixo posible o auxe dos totalitarismos en Europa e describir tres casos concretos: os fascismos de Italia e Alemaña, e o goberno stalinista en Rusia.</p>	<p>2.1 Expón as causas polas que se deu o auxe do fascismo en Italia e os seus principios ideolóxicos. <i>Sociais e Cívicas - Sentido de Iniciativa e Esp. Emprendedor - Conc. e Exp. Culturais.</i></p> <p>2.2 Explica como e por que se produciu o ascenso do nazismo en Alemaña e as súas principais características. <i>Comunicación Lingüística – Sociais e Cívicas - Conc. e Exp. Culturais - C. Dixital.</i></p> <p>2.3 Describe a chegada ao poder de Stalin na Unión Soviética e o carácter da súa ditadura, e argumenta por que se considera como un réxime totalitario. <i>Sociais e Cívicas - Com. Lingüística.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Describe o sistema económico capitalista e o carácter inevitable das súas crises.</p> <p>Expón o paso da crise bolsista á crise económica.</p> <p>Define as causas de que se producira a mundialización da crise e as súas repercusións</p> <p>Relaciona a aparición dos totalitarismos co estalido dunha nova guerra mundial en 1939.</p> <p>Describe a situación da posguerra italiana e os elementos que levaron ao zuxe do fascismo</p> <p>Expón os principios ideolóxicos do Partido Nacional Fascista, as súas principais características, quen era o seu líder e como acadou o poder</p> <p>Explica as consecuencias da chegada do fascismo para a democracia</p> <p>Describe a situación económica e política á que lle tivo que facer fronte a República de Weimar.</p> <p>Coñece as características do NSDAP, quen era o seu líder e como acadou o poder.</p> <p>Explica as principais características do réxime nazi e por que é considerado como totalitario</p> <p>Describe a persecución que promoveu o nazismo á oposición e, concretamente, aos xudeus</p> <p>Expón as diverxencias entre as propostas de Trotski e Stalin e quen se fixo co poder</p> <p>Sintetiza as medidas adoptadas por Stalin para transformar a URSS nunha potencia industrial</p> <p>Explica por que se considera o Estado soviético como un réxime totalitario e establece as diferenzas respecto a Alemaña e Italia.</p>		

UNIDADE 9: ESPAÑA NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX (1902-1939) (febreiro-marzo)

Obxectivos Didácticos

- Expor as causas da crise do sistema da Restauración e os seus protagonistas sociais e políticos.
- Analizar a situación socioeconómica e política de España no primeiro terzo do século XX.
- Explicar as características da Ditadura de Primo de Rivera e valorar criticamente a represión exercida por este goberno.
- Analizar o contexto no que se produciu a proclamación da Segunda República e as reformas que se realizaron para modernizar e democratizar a sociedade española.
- Coñecer as causas que desencadearon a Guerra Civil española e saber explicar, coa axuda de mapas, a evolución do conflito.
- Rexeitar as formas de terror e represión impostas sobre a poboación durante o conflito e valorar o impacto da guerra sobre a poboación civil.
- Comprender a situación política e económica de España ao finalizar o conflito.
- Analizar o contexto social e político de Galicia entre 1898 e 1939.

BLOQUE 5		
Contidos	Crit. de Avaliación	Están. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - As causas da crise do sistema da Restauración: a insuficiencia das reformas, o fortalecemento da oposición, a semana trágica e a crise de 1917. - O problema de Marrocos tras a ocupación do Rif, a crise social e as súas causas. - O golpe de Estado militar dirixido por Primo de Rivera e a instauración da ditadura. - A crise económica e o derrubamento da ditadura. 	<p>1. Explicar o declive da Restauración e a posterior imposición da ditadura a mans de Primo de Rivera.</p>	<p>1.1 Expón os factores que levaron á crise ao sistema da Restauración. <i>Aprender a Aprender - C. Lingüística.</i></p> <p>1.2 Explica as causas polas que se impuxo a ditadura de Primo de Rivera e a súa posterior crise. <i>C. Dixital - Sociais e Cívicas.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - A proclamación da Segunda República española. - O goberno provisional, as Cortes Constituíntes e a Constitución republicana de 1931. - O recoñecemento do dereito ao sufraxio feminino en España. - As reformas que emprendeu a República: territorial, do exército e separación Igrexa -Estado. - A importancia da reforma agraria. - A oposición ao goberno republicano-socialista: os afectados polas reformas e os sectores de esquerda. - A igualdade entre homes e mulleres como un dos obxectivos da Segunda República. - A escola republicana e a Institución Libre de Ensinanza. - A reforma das escolas de maxisterio: unha educación pública e laica. - A incorporación ao proxecto cultural da República. - A dimisión de Azaña, a convocatoria de eleccións por Alcalá Zamora e o Bienio 	<p>2. Expor as características da Segunda República e as súas principais reformas.</p>	<p>2.1 Describe o proceso que se levou a cabo ata a proclamación da Segunda República española tras as eleccións de 1931. <i>Aprender a Aprender - C. Lingüística.</i></p> <p>2.2. Enumera as reformas que emprendeu a República en distintos ámbitos como o militar, o relixioso, o territorial, o agrario e o educativo, e define as reaccións que xerou. <i>C. Dixital – Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender - C. Lingüística - Sent. Inic. e Esp. Emprendedor.</i></p>

<p>Conservador.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Fronte Popular e o goberno dos republicanos de Azaña. - Galicia entre os anos 1898 e 1939. 		
<ul style="list-style-type: none"> - A oposición á Fronte Popular e o enfrontamento entre dereitas e esquerdas. - O inicio da Guerra Civil e o seu contexto internacional. - A guerra na República e a revolución social. - A creación dunha ditadura con Francisco Franco como líder. - As fases militares da Guerra Civil. - Os apoios internacionais a ambos bandos. - Galicia entre os anos 1898 e 1939. - Observación de mapas, esquemas e imaxes que permiten unha maior comprensión do tema estudado. 	<p>3. Describir as causas e o desenvolvemento da Guerra Civil española.</p>	<p>3.1 Explica a situación política tras o levantamento de Casas Viejas e identifica o ambiente de tensión previo ao estalido da Guerra Civil. <i>Sociais e Cívicas.</i></p> <p>3.2 Desenvolve as causas da Guerra Civil española e cita os sucesos principais que tiveron lugar até chegar ao seu fin. <i>C. Lingüística – Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Explica en que consistiron o reformismo conservador e liberal</p> <p>Describe as principais forzas de oposición e valora se compartían os mesmos obxectivos.</p> <p>Expone por que entrou en crise o sistema da Restauración</p> <p>Describe as transformacións que se deron en Madrid durante a crise da Restauración</p> <p>Explica os intereses de España en Marrocos e os problemas que formulaba a ocupación do Rif</p> <p>Expón a situación que conduciu ao golpe de Estado en 1923, a chegada ao poder de Primo de Rivera e a fin da súa ditadura.</p> <p>Enumera as principais medidas do goberno provisional e os grupos sociais máis beneficiados</p> <p>Explica a ideoloxía dos partidos políticos, os líderes e a posición fronte ao réxime republicano</p> <p>Elabora unha táboa onde aparecen as características da Constitución de 1931</p> <p>Realiza un esquema coas opcións políticas galegas durante a crise da Restauración</p> <p>Fai un cadro onde aparecen as reformas do bienio reformista: causas e consecuencias</p> <p>Explica as medidas que se tomaron durante a reforma agraria para paliar o latifundismo</p> <p>Expón o levantamento de Casas Viejas</p> <p>Describe os obxectivos da República na educación e a cultura e o novo papel das mulleres</p> <p>Desenvolve o cambio político polas eleccións de 1934 e explica por que se volveron convocar</p> <p>Describe por que se produciu un golpe de Estado en 1936 e os apoios que recibiu</p> <p>Expón as causas do inicio da Guerra Civil española e o seu desenvolvemento.</p> <p>Menciona os problemas internos aos que se enfrontou a República durante a guerra</p> <p>Explica as accións dos sectores máis revolucionarios da República.</p> <p>Sitúa espazotemporalmente os sucesos máis relevantes da Guerra Civil e descríbeos</p> <p>Cofece os apoios cos que contou cada bando durante a guerra</p> <p>Expón a posición de Galicia durante a Guerra Civil.</p>		
BLOQUE 7		
Contidos	Crit. De Avaliación	Está. De Aprend. E Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - Os desastres da guerra: sufrimento, persecución e represión, e consecuencias. 	<p>1. Expor a situación de posguerra española.</p>	<p>1.1 Describe os desastres da guerra e as súas consecuencias a distintos niveis. <i>C. Dixital - Soc. e Cív. - C. Ling.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Explica as nefastas consecuencias da guerra</p>		

UNIDADE 10: A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (marzo)

Obxectivos Didácticos

- Coñecer as causas que desencadearon a Segunda Guerra Mundial.
- Expor o desenvolvemento da guerra e identificar as súas ofensivas máis importantes.
- Definir o concepto de ‘guerra total’ e explicar por que a Segunda Guerra Mundial se considera como tal.
- Describir as características da Segunda Guerra Mundial en canto á ocupación de territorios e a violencia exercida sobre os seus habitantes.
- Explicar o Holocausto xudeu e valorar o seu alcance como un acontecemento que marcou a historia a partir do século XX.
- Describir as consecuencias demográficas, económicas e políticas do conflito.
- Expor a fundación da Organización das Nacións Unidas, os seus órganos de goberno e o seu labor.
- Coñecer o papel que xoga a ONU na actualidade.

BLOQUE 6		
Contidos	Crit. de Avaliación	Está. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - As causas da Segunda Guerra Mundial: a política expansionista dos totalitarismos, as agresións bélicas a outros países, a debilidade das democracias e a formación das alianzas. - O desenvolvemento da guerra: as vitorias do Eixe e as ofensivas aliadas. - O fin da guerra no Pacífico co estalido da bomba atómica en Hiroshima e Nagasaki. - O alcance mundial da Segunda Guerra Mundial: unha “guerra total”. - A poboación e a economía ao servizo da guerra. - A mobilización das consciencias por medio dos medios de comunicación de masas. - A implicación das mulleres na guerra. - O dominio político de Alemaña sobre os países europeos ocupados. - A explotación económica como obxectivo da ocupación dos países sometidos por Alemaña. - A violencia contra a poboación la civil. - Os gobernos colaboracionistas e os resistentes. - O Holocausto xudeu como evidencia do racismo, o autoritarismo e a xenofobia do réxime nazi. - A deportación aos campos de concentración: o exterminio como “solución final”. - Análise e comentario de textos relativos ao contexto no que se desencadeou a Segunda Guerra Mundial. - Busca de información na Internet sobre algunha cuestión relacionada co tema tratado. 	<p>1. Coñecer as causas, as características e os principais feitos que aconteceron durante a Segunda Guerra Mundial.</p>	<p>1.1 Contextualiza o estalido da Segunda Guerra Mundial e establece unha das súas causas no ocorrido durante a Primeira Guerra Mundial. <i>Aprender a Aprender - C. Lingüística.</i></p> <p>1.2 Describe o desenvolvemento da guerra, facendo referencia ás distintas alianzas que se formaron. <i>Aprender a Aprender - C. Dixital.</i></p> <p>1.3 Expón as características da guerra en canto ao seu alcance e métodos de propagación. <i>Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender - C. Dixital.</i></p> <p>1.4 Coñece a situación de represión que se deu durante a Segunda Guerra Mundial, as causas e os seus principais afectados. <i>Aprender a Aprender - C. Dixital.</i></p>

<ul style="list-style-type: none"> - As consecuencias da guerra: as perdas humanas e económicas, e o impacto moral. - Os xuízos de Núremberg como tribunal en defensa da condeza dos crimes contra a humanidade. - As conferencias de Paz e a repartición de Europa. - Observación de imaxes, mapas, esquemas e táboas referidas ao período estudado. 	<p>2. Desenvolver os efectos que supuxo a Segunda Guerra Mundial a distintos niveis.</p>	<p>2.1 Relata as consecuencias que tivo a Segunda Guerra Mundial nas potencias participantes. <i>Sociais e Cívicas - Aprender a Aprender.</i></p>
---	--	---

Indicadores de logro

Explica os plans belicistas do nazismo
 Describe os cambios territoriais que se deron nas fronteiras de Alemaña a partir dun mapa.
 Expón a invasión de Polonia como causa do estalido da Segunda Guerra Mundial
 Xustifica por que a Segunda Guerra Mundial foi un conflito preparado e buscado
 Explica as ofensivas que levaron a cabo as potencias do Eixe e o cambio nas alianzas bélicas
 Define cal foi o detonante da entrada dos EUA na guerra e a importancia deste suceso
 Expón as fases das ofensivas que realizaron os aliados
 Describe as causas e as consecuencias do lanzamento da bomba atómica
 Identifica os territorios que ocuparon as potencias do Eixe e como se organizaron
 Coñece por que se fala da guerra en cuestión como guerra mundial
 Explica en que consistiu a batalla ideolóxica e como se expresaba mediante a cartelería.
 Expón a evolución dos traballadores estranxeiros en Alemaña durante a guerra
 Describe como someteron os alemáns a poboación e os movementos de resistencia que xurdiron ao respecto.
 Define os principios ideolóxicos que motivaron a violencia, opresión e persecución dos opositores e as minorías.
 Explica, a partir dun mapa, os principios ideolóxicos aos que respondían os campos de concentración e de exterminio.
 Expón as consecuencias da guerra nos distintos países
 Explica que foron os xuízos de Núremberg e a súa im-portancia para a xustiza internacional.
 Describe que sucedeu en Europa ao final da guerra e identifica as áreas que quedaron baixo influencia da URSS e dos EUA

BLOQUE 10

Contidos	Crit. de Avaliación	Estad. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A fundación da ONU en substitución da Sociedade de Nacións. - A aprobación da Declaración Universal de Dereitos Humanos. - Os órganos de goberno da ONU: a Asemblea Xeral, o Consello de Seguridade e a Secretaría Xeral. - O labor da ONU e o seu papel na actualidade. 	<p>1. Recoñecer que el xeito no que se dispoñen as cousas no presente depende dos feitos que sucederon no pasado e inflúe nas posibilidades do futuro.</p>	<p>1.1 Explica a orixe da ONU e sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar posteriormente a unha unión económica e política. <i>C. Dixital - C. Lingüística.</i></p>

Indicadores de logro

Expón cando se fundou a ONU e cales foron os seus obxectivos
 Explica os organismos esenciais da ONU e as súas funcións.
 Busca información e sintetiza o labor dos organismos da ONU.
 Comenta algúns artigos das Declaración de Dereitos Humanos da ONU.

3º Trimestre

UNIDADE 11: UN MUNDO DIVIDIDO: GUERRA FRÍA E DESCOLONIZACIÓN (abril)

Obxectivos Didácticos

- Coñecer a evolución dos Estados Unidos e a URSS tras a Segunda Guerra Mundial.
- Analizar as causas que explican a polarización do mundo en dous bloques antagónicos.
- Expor a situación de Alemaña durante a Guerra Fría e as consecuencias do levantamento do muro de Berlín.
- Identificar os principais conflitos da Guerra Fría.
- Explicar os motivos que conduciron á “coexistencia pacífica” dos anos 50 e 60.
- Recoñecer as causas e as principais etapas do proceso de descolonización e situalo no seu contexto correspondente.
- Describir as causas do conflito de Oriente Próximo e desenvolver as consecuencias de cada unha das guerras árabe-israelís.
- Comprender a necesidade do neocolonialismo e o xurdimento do Terceiro Mundo.

BLOQUE 6		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A división do mundo en dous bloques antagónicos: URSS e EUA. - A desconfianza entre os aliados. - A rivalidade entre dous sistemas contrapostos: socialismo e capitalismo. - A consolidación dos dous bloques tras a doutrina Truman. - O plan Marshall como intento de frear a expansión comunista. - Os diferentes sistemas de alianza: o pacto Atlántico e a OTAN, e o COMECON e o Pacto de Varsovia. - A declaración Balfour, a inmigración xudía e a creación do Estado de Israel. - As posicións israelí e palestina e as guerras árabe-israelís: causas, desenvolvemento e consecuencias. 	<p>1. Explicar as consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis.</p>	<p>1.1 Coñece a situación da posguerra mundial e describe a división do mundo en dous grandes bloques separados por un “telón de aceiro”. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p> <p>1.2 Expón en que consistiu o conflito en Oriente Próximo e atribúe a súa orixe a unha vontade de compensación polo Holocausto xudeu. <i>Aprender a Aprender - C. Dixital – Sociais e Cívicas.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso descolonizador: contexto, causas, etapas e consecuencias. - A dependencia económica tras a descolonización e a necesidade do neocolonialismo. - A Conferencia Internacional de Bandung: a vontade neutralista e o afastamento da política de bloques. - O concepto de Terceiro Mundo e a súa dependencia comercial, tecnolóxica e financeira. 	<p>3. Relatar os feitos principais da descolonización de posguerra no século XX.</p>	<p>3.1 Explica como se desenvolveu o proceso descolonizador e describe os seus feitos máis relevantes. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p>

Indicadores de logro

<p>Explica o deterioro das relacións entre os aliados ao finalizar a Segunda Guerra Mundial e a creación dos dous bloques e as súas diferenzas</p> <p>Describe en que consistiu o Plan Marshall e cal era o seu obxectivo.</p> <p>Razona por que a URSS e os seus aliados se negaron a aceptar a axuda americana</p> <p>Define a que se refire Churchill coa expresión “telón de aceiro” e por que a usa para describir a situación da posguerra mundial en Europa</p> <p>Explica como se creou o Estado de Israel e a súa posterior división.</p> <p>Describe como as diferentes guerras árabe-israelís modificaron a partición proposta pola ONU, a través da observación dun mapa.</p> <p>Explica a situación actual do conflito a través da procura de información na Rede.</p> <p>Explica, a partir dun mapa, que potencias ocuparon Alemaña tras a guerra e en que consistiu o Bloqueo de Berlín.</p> <p>Expón por que se levantou o muro de Berlín e como se xustificou a través do Pacto de Varsovia.</p> <p>Comenta un texto de Kennedy sobre a súa visita a Berlín e recoñece a intención do seu discurso</p> <p>Define o concepto de Guerra Fría e coñece os distintos escenarios onde se produciu o enfrontamento entre ambas potencias</p> <p>Explica por que se desatou a guerra en Corea, os países implicados e o seu desenvolvemento</p> <p>Describe os conflitos que tiveron lugar en Vietnam, elabora un informe sobre eles e argumenta por que os EUA decidiron retirarse.</p> <p>Define que foi a coexistencia pacífica e os factores que a propiciaron.</p> <p>Explica a situación interior das dúas grandes potencias e como cambiou a orientación da súa política internacional.</p> <p>Comenta dous textos, de Kennedy e Jruschov, e identifica como argumentan a conveniencia da coexistencia pacífica</p> <p>Describe o contexto internacional que favoreceu o proceso descolonizador na posguerra</p> <p>Sitúa o proceso descolonizador e identifica os países onde se deron guerras de liberación</p> <p>Expón que foi a Conferencia de Bandung, os seus participantes e os seus obxectivos</p> <p>Describe que é o neocolonialismo e a situación de dependencia dos países que accederon á independencia tras o proceso descolonizador</p>
--

UNIDADE 12: CAPITALISMO E COMUNISMO: DOUS SISTEMAS ENFRONTADOS (abril-maio)

Obxectivos Didácticos

- Expor as diferenzas entre o bloque capitalista e o bloque comunista e identificar as dúas potencias que se erixiron como líderes de cada un deles.
- Entender o proceso de construción de Europa tras a Segunda Guerra Mundial.
- Coñecer os factores que, tras a Segunda Guerra Mundial, lles permitiron aos Estados Unidos converterse no líder do mundo capitalista.
- Explicar o proceso de crecemento que se deu nos EUA até chegar á crise enerxética en 1973.
- Describir que é o Estado do benestar e os piares sobre os que se sustenta.
- Valorar a loita das mulleres pola igualdade e identificar as dificultades coas que se encontraron para lograla.
- Recoñecer as características da Unión Soviética, como unha gran potencia mundial, e o proceso de expansión do comunismo no mundo.
- Identificar os cambios experimentados na URSS tras a morte de Stalin e coñecer as causas da crise e o afundimento do comunismo.
- Analizar as características de dúas concepcións distintas da arte, dos EUA e da URSS, reflexo dos seus dous sistemas contrapostos de organización social: o Pop Art e o realismo socialista

BLOQUE 4		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – O reflexo da oposición entre os dous bloques na arte: o Pop Art e o realismo socialista. 	1. Analizar e comentar diversas obras artísticas do século XX e recoñecer o estilo ao que pertencen.	1.1 Explica as características do Pop Art e do realismo socialista e analiza algunhas obras. <i>Conc. e Exp. Cult.</i>
Indicadores de logro		
Describe as características do Pop Art e do realismo socialista e compáraos		
BLOQUE 6		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – O liderado dos EUA sobre os países do mundo capitalista e da URSS sobre os países comunistas. – A prosperidade dos países de economía capitalista. – EUA, Europa e Xapón como líderes do crecemento. – A crise económica desencadeada polo petróleo: contexto, causas e consecuencias. 	1. Explicar as consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis.	1.1 Describe a situación política e económica das grandes potencias hexemónicas despois da Segunda Guerra Mundial e compáraas entre si. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i>
Indicadores de logro		
<p>Expón por que os EUA se impuxeron como líderes do mundo capitalista tras a guerra.</p> <p>Cóñece os piares sobre os que se fundou o crecemento económico da posguerra mundial</p> <p>Sintetiza as características políticas, económicas e sociais do sistema soviético</p> <p>Enumera as diferenzas entre o sistema capitalista e o comunista</p> <p>Desenvolve a evolución da economía dos EUA e de Europa Occidental durante a posguerra mundial e a súa relación coa sociedade de consumo</p> <p>Explica como conseguiu Xapón converterse na segunda potencia económica mundial e os trazos que caracterizan o seu sistema económico.</p> <p>Cóñece as causas que provocaron a crise do petróleo, a súa evolución e as súas consecuencias</p>		
BLOQUE 8		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – A implantación do Estado de benestar e os seus piares. – A loita pola igualdade e a paridade das mulleres: a situación da muller nas leis e os costumes, a educación e o traballo e na política e a toma de decisións. – O teito de cristal como obstáculo para a igualdade entre homes e mulleres. 	1. Definir o Estado de Benestar e analizar os seus proles e as súas contras.	1.1 Explica en que consiste o Estado de Benestar e os avances que promoveu en Europa. <i>Aprender a Aprender - C. Dixital – Sociais e Cívicas.</i>
<ul style="list-style-type: none"> – A influencia do bloque comunista nas democracias populares de Europa Oriental. – O inmovilismo político da URSS. – Observación dun mapa no que se reflicte a expansión mundial do comunismo. – O estancamento económico da URSS e o descontento social como factores relevantes na crise do mundo soviético. – O proxecto reformista da perestroika e os seus campos de actuación: económico, político, territorial e de política internacional. 	2. Describir a nova situación da URSS: o auxe e o derru-bamento.	2.1 Expón a evolución do bloque comunista tras a Guerra Fría: a expansión mundial e o seu posterior declive. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i>
Indicadores de logro		

<p>Explica que é o Estado de benestar e os servizos básicos que lles garante aos cidadáns. Comenta un texto sobre Suecia e o seu modelo de benestar social Expón se as mulleres avanzaron na igualdade cos homes ao longo do século XX Define a que fai referencia a expresión 'teito de cristal', en que consiste e cales son as súas consecuencias Identifica, a partir dun mapa, as zonas de Europa nas que se estendeu a influencia soviética Coñece o sistema económico e político das democracias populares e a súa relación coa URSS. Explica as reformas que introduciu Jruschov na URSS e en que consistiu a desestalinización Expón as causas do colapso do sistema soviético e os motivos de descontento da poboación soviética. Comenta, con axuda de textos, a situación da URSS cando Gorbachov chegou ao poder</p>		
BLOQUE 10		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A creación do Consello de Europa, o Convenio Europeo de Dereitos Humanos e a Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro. - O Tratado de Roma e a institución da Comunidade Económica Europea e a Comunidade Europea da Enerxía Atómica. 	<p>1. Recoñecer que o xeito no que se dispoñen as cousas no presente depende dos feitos que sucederon no pasado e inflúe nas posibilidades do futuro.</p>	<p>1.1 Relata as razóns polas que se procurou avanzar cara a unha colaboración entre estados europeos e sopesa como se pode chegar a ela tras un período de guerra. <i>C. Dixital - C. Lingüística.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Expón os aspectos que conduciron a propor unha unión de países europeos Explica os pasos que levaron á constitución da CEE e como se foi ampliando Describe o funcionamento da CEE e as súas principais institucións</p>		

UNIDADE 13: ESPAÑA: A DITADURA FRANQUISTA (1939-1975) (maio)

Obxectivos Didácticos

- Identificar as características básicas do sistema político franquista.
- Avaliar as políticas económicas emprendidas polo franquismo na posguerra e a situación de penuria económica á que tivo que facerlle fronte a poboación.
- Comprender a condición da muller durante o franquismo.
- Coñecer as medidas introducidas polos tecnócratas no réxime e as súas consecuencias.
- Identificar os focos expulsos e receptores das migracións da década de 1960 así como as súas características principais.
- Describir os cambios da sociedade española a partir da década de 1960.
- Identificar os principais movementos de oposición ao franquismo e reflexionar de forma crítica sobre a represión que exerceu o réxime.
- Analizar as causas da crise da ditadura desde principios dos anos 70.
- Coñecer a evolución política, social e económica de Galicia durante o franquismo.

BLOQUE 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A ditadura militar de Francisco Franco. - Os apoios de Franco en contra da República. - A represión á oposición. - O apoio franquista ás potencias do Eixe: o envío da División Azul. 	<p>1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo, tendo en conta as transformacións políticas, sociais e económicas que promoveu.</p>	<p>1.1 Explica as bases do réxime franquista e os seus principios ideolóxicos. <i>Aprender a Aprender - C. Lingüística.</i></p> <p>1.2 Expón a situación de posguerra en España, e concretamente en Galicia, e o</p>

<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos da Guerra Civil. - A política económica baseada na autarquía e na intervención do Estado. - O fracaso da autarquía e o colapso económico. - As cartillas de racionamento, o mercado negro e o estraperlo. - O papel da muller durante o franquismo. - A Sección Feminina e a súa función. - A desigualdade xurídica e social entre home e muller. - A defensa dos dereitos femininos e a incorporación á loita antifranquista. - O fracaso da autarquía e a reorientación política e económica. - A estabilización e os plans de desenvolvemento propostos polos tecnócratas. - A crise final do franquismo: a crise internacional de 1973, a violencia política e o conflito do Sáhara. - O franquismo en Galicia. - Compleción dun mapa conceptual a modo de resumo do tema estudado. - Contrastación de fontes históricas co fin de valorar a súa fiabilidade. - Procura de información na Rede. - Observación e comentario de imaxes, esquemas, textos e gráficos relativos ao período en cuestión. 		<p>intento de restitución da economía por parte do franquismo. C. <i>Lingüística – Sociais e Cívicas</i>.</p> <p>1.3 Describe a situación da muller durante o franquismo. <i>Aprender a Aprender - C. Lingüística – Sociais e Cívicas</i>.</p> <p>1.4 Desenvolve os cambios que se deron no réxime, o seu crecemento económico e demográfico e as súas consecuencias, e a súa posterior crise. <i>Aprender a Aprender - C. Lingüística</i>.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - A situación dos opositores ao réxime: ou o exilio ou a resistencia. - A creación dos maquis e a súa clandestinidade. - O fortalecemento da oposición ao réxime. - A Lei de Amnistía e a Lei de Memoria Histórica. 	<p>2. Explicar a situación do bando republicano despois da Guerra Civil e o desenvolvemento dos movementos de oposición ao franquismo.</p>	<p>2.1 Explica o destino dos exiliados por causa da opresión franquista e como naceron e se desenvolveron os movementos de oposición. <i>Sociais e Cívicas - C. Dixital - Aprender a Aprender</i>.</p>
Indicadores de logro		
<p>Explica, a partir dun esquema, os poderes que se lle atribuían a Franco</p> <p>Expón como o réxime franquista intentou restaurar a vella orde social.</p> <p>Describe o papel da represión e se foi un fenómeno puntual ou se mantivo.</p> <p>Elabora unha redacción explicando as bases sobre as que se asentou o réxime de Franco.</p> <p>Enumera os efectos demográficos e económicos que provocou a Guerra Civil</p> <p>Caracteriza a política económica impulsada polo franquismo, as súas medidas e efectos.</p> <p>Explica as razóns polas que se produciu un colapso económico durante os anos 50.</p> <p>Describe a situación de posguerra en Galicia e os cambios demográficos que tiveron lugar.</p> <p>Expón o papel da muller durante o franquismo e a súa xustificación ideolóxica</p> <p>Define a Sección Feminina e os valores</p> <p>Compara os dereitos das mulleres actuais cos que tiñan durante o réxime de Franco</p> <p>Expón a institucionalización do réxime de Franco e as novas leis que promulgou</p> <p>Explica quen eran os tecnócratas e os obxectivos de cambio que perseguían.</p> <p>Describe en que consistiron o Plan de Estabilización, os Plans de Desenvolvemento e os efectos.</p> <p>Define as circunstancias económicas e políticas que se deron durante os últimos anos de Franco</p> <p>Describe o conflito do Sáhara a partir da observación dun mapa.</p> <p>Expón s causas da fuxida ao exilio por parte dos republicanos</p> <p>Define que eran os maquis e cal foi a súa intervención máis importante</p> <p>Enumera os grupos sociais e políticos implicados na loita antifranquista a partir de 1960, en España e en Galicia</p> <p>Explica que se entende por recuperación da memoria histórica e os seus obxectivos</p>		
BLOQUE 8		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave

<ul style="list-style-type: none"> - O crecemento económico entre os anos 1960 e 1973. - O impacto do crecemento económico na sociedade española: crecemento demográfico, migracións exteriores, éxodo rural, mellora das condicións de vida e modernización social. 	<p>1. Expor o crecemento económico que se deu na sociedade española a partir de 1960 e o impacto que tivo nela.</p>	<p>1.1 Describe como os cambios producidos na España dos anos 60 afectaron os costumes e os xeitos de vida dos seus habitantes. <i>Sociais e Cívicas - C. Dixital - Aprender a Aprender.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Expón a evolución que seguiu a poboación española e identifica as súas causas Define os tipos de inmigración que se deron en 1960 e localiza os focos de emisión e acollida Explica a evolución no nivel de vida dos españois e os cambios sociais que supuxeron a urbanización e o contacto co estranxeiro</p>		

UNIDADE 14: TRANSICIÓN E DEMOCRACIA EN ESPAÑA (xuño)

Obxectivos Didácticos

- Identificar as causas polas que o franquismo non sobreviviu tras a morte de Franco.
- Coñecer o proceso de transición á democracia e as políticas desenvolvidas polos primeiros gobernos democráticos en España.
- Recoñecer os trazos esenciais da Constitución de 1978 e a estrutura territorial resultante do novo Estado das Autonomías.
- Detallar as características do Golpe de Estado do 23-F.
- Coñecer os principais partidos políticos españois e o sistema electoral e analizar as medidas de goberno impulsadas polo PSOE e o PP.
- Apreciar as relacións internacionais de España e o seu papel no mundo.
- Analizar os cambios sociais e económicos que se produciron na sociedade española durante as tres últimas décadas e a evolución do Estado do Benestar.
- Describir o desenvolvemento político, económico e demográfico de Galicia en democracia.
- Analizar as correntes artísticas do século XX en España e en Galicia.

BLOQUE 4		
Contidos	Crit. De Avaliación	Estd. De Aprend. E Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - As correntes artísticas do século XX en España e a súa relación coas vangardas. - A arte do século XX en Galicia. - Análise de obras artísticas da época. 	<p>1. Analizar e comentar diversas obras artísticas do século XX en España e recoñecer o estilo ao que pertencen.</p>	<p>1.1 Explica as características máis destacadas das correntes artísticas do século XX en España e, concretamente, en Galicia, e coñece os seus artistas máis representativos. <i>Conciencia e Expresións Culturais.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Explica cales foron os artistas máis destacados de metade do século XX Analiza os estilos dalgúns pintores e escultores como Gargallo e Miquel Barceló. Describe os movementos artísticos do século XIX que tiveron unha importante presenza en Galicia e os seus artistas máis destacados</p>		
BLOQUE 7		
Contidos	Crit. De Avaliación	Estd. De Aprend. E Com. Clave

<ul style="list-style-type: none"> - A construción do Estado do benestar en España e os seus piares. Debilidade e crise en 2008. - As transformacións económicas e demográficas a partir de 1985. 	<p>1. Comprender o concepto de crise económica e recoñecer a súa repercusión mundial nun caso concreto.</p>	<p>1.1 Expón as características do Estado de benestar en España, analiza como desembocou na crise económica de 2008 e compáraa coa crise enerxética de 1973. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p>
Indicadores de logro		
<p>Explica o desencadeante da crise económica de 1973 e as súas repercusións en España Define que é o Estado de benestar, que é esencial para mantelo e cales son os seus piares Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.</p>		
BLOQUE 8		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A morte de Franco e a vontade de cambio político por parte de Juan Carlos I. - A disputa entre inobilistas e aperturistas por conseguir o poder. - A organización da oposición a favor da democratización do réxime: a Xunta Democrática e a Plataforma Democrática. - O fin do illamento internacional tras o derrubamento do franquismo. - A dimisión de Arias Navarro. 	<p>1. Expor as causas da fin do franquismo e coñecer a situación na que se achaba España nese momento.</p>	<p>1.1 Describe a situación de España tras a morte de Franco e o proceso de cambio que se iniciou nese momento. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - A Lei de Reforma Política e a legalización dos partidos políticos. - A celebración das primeiras eleccións democráticas en España. - A vitoria da UCD e a investidura de Adolfo Suárez como presidente: goberno, medidas e crises. - O novo Estado xurdido da Constitución de 1978: a monarquía constitucional parlamentaria. - Os fundamentos da Constitución e a creación do Estado das Autonomías. - Os factores que promoveron a consecución da democracia en España: a loita polas liberdades políticas, o compromiso da Igrexa, as mobilizacións feministas e as asociacións cívicas e veciñais. - Os gobernos da democracia a partir de 1982: o bipartidismo PP-PSOE. - O nacemento dunha nova correlación de forzas: Podemos e Ciudadanos. - O ingreso de España na CEE e a OTAN. - Galicia en democracia. 	<p>2. Explicar o cambio que experimentou España durante a época da Transición a distintos niveis: político, social e económico.</p>	<p>2.1 Enumera os principais fitos que deron lugar ao cambio da sociedade e a política españolas durante a Transición. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p> <p>2.2 Relata como as mobilizacións sociais contribuíron ao establecemento da democracia e o papel que desempeñó cada un dos sectores da sociedade. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p> <p>2.3 Explica os cambios que experimentou España na época da Transición a nivel económico e político. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas - C. Lingüística.</i></p>
Indicadores de logro		

Expón a situación de España á morte de Franco e a división do persoal político franquista
 Explica a fin do franquismo tras a morte de Franco e o cambio político que se iniciou en España
 Define por que Juan Carlos I optou polo cambio do xefe de goberno e coñece a quen nomeou
 Expón a lei de Reforma Política e o seu papel como intento de desmantelamento do franquismo.
 Relata cando se celebraron as primeiras eleccións de-mocráticas e os partidos máis votados
 Describe a Constitución de 1978 e como se organizou o sistema político español a partir dela
 Expón a organización territorial de España e en que consiste o Estado das Autonomías.
 Describe as mobilizacións populares e a súa contribución á instauración da democracia
 Explica que papel xogou a Igrexa durante a Transición.
 Menciona a reordenación de partidos políticos que se produciu en 1982.
 Expón as principais liñas de actuación dos partidos do PP e do PSOE e como se foi dando a súa alternancia no poder
 Explica a evolución que se deu na economía española durante as últimas décadas e as súas debilidades estruturais.
 Describe os cambios sociais máis relevantes nas últimas décadas en España
 Expón as medidas económicas e sociais realizadas para que España se adherise á CEE
 Explica a evolución política, económica e demográfica de Galicia en democracia

UNIDADE 15: O MUNDO ACTUAL (xuño)

Obxectivos Didácticos

- Expor as causas do fin da división do mundo en bloques.
- Recoñecer as características da nova orde internacional e as causas que fixeron dos Estados Unidos a única superpotencia mundial.
- Describir a evolución europea posterior á caída do muro de Berlín.
- Explicar o desenvolvemento da construción da Unión Europea e as súas políticas.
- Detallar as causas e as características da crise económica mundial de 2008.
- Identificar os principais conflitos bélicos actuais en Europa, América, Asia e África, así como o papel do terrorismo no panorama internacional.
- Expor as características da arte no mundo actual..
- Definir en que consiste a globalización e que efectos ten sobre a economía.
- Explicar en que consiste a Terceira Revolución Industrial, a súa estreita vinculación coa globalización e os cambios que supuxo.
- Identificar os riscos medioambientais derivados dunha explotación masiva dos recursos naturais e a necesidade dun desenvolvemento sostible, e elaborar un proxecto relativo a isto.

BLOQUE 8		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
– O cambio na xeopolítica mundial a partir de 1990. – A crise en Europa Oriental: o fin dos réximes comunistas e a convocatoria de eleccións libres. – A caída do muro de Berlín e a reunificación de Alemaña. – A desaparición da URSS, a desintegración do bloque comunista e a proclamación dos EUA como única superpotencia.	1. Coñecer as causas e consecuencias inmediatas do derrubamento da URSS e outros réximes soviéticos.	1.1 Analiza diversos aspectos dos cambios producidos tras o derrubamento da URSS. <i>Comunicación Lingüística - Aprender a Aprender.</i>

<ul style="list-style-type: none"> - O camiño cara a un mundo multipolar: as intervencións da UE, India, Brasil, China e a nova Rusia. - O xurdimento do nacionalismo tras a época comunista e a creación de novos Estados e fronteiras en Europa. 	<p>2. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos de ámbito mundial.</p>	<p>2.1 Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - A construción da Unión Europea: o tratado de Maastrich e as sucesivas incorporacións. - As políticas da Unión Europea. - A crise de 2008 como crise do modelo de benestar: do ámbito financeiro ao ámbito económico. 	<p>3. Entender a evolución da construción da Unión Europea e a implantación do Estado de benestar.</p>	<p>3.1 Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. <i>Aprender a Aprender - C. Lingüística.</i></p> <p>3.2 Comprende os proles e os contras do Estado do benestar e explica as causas e as consecuencias da súa crise. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p>
BLOQUE 9		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A inestabilidade do mundo actual: o fundamentalismo islámico e o problema do terrorismo. A realidade do mundo árabe e de África. - A diversidade de realidades dentro da hexemonía dun único modelo social e económico. - Os conflitos do século XXI en América, Europa, Oriente Próximo, Asia, África Subsahariana e o norte de África. O novo tipo de violencia e a destrución de pobos e cidades. - A globalización: definición, causas e características. A interdependencia entre os países do mundo e o aumento da desigualdade a pesar da homoxeneización. 	<p>1. Definir en que consiste a globalización e identificar algúns dos seus factores.</p>	<p>1.1 Expón algúns dos conflitos que teñen lugar hoxe en día a pesar do proceso de globalización. <i>Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p> <p>1.2 Describe o proceso de globalización e sinala as súas repercusións a nivel social e económico. <i>Com. Lingüística - Aprender a Aprender – Sociais e Cívicas.</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> - A revolución tecnolóxica concebida como Terceira Revolución Industrial. A Tecnoloxía da información e as innovacións nas formas de comunicación. - A arte no mundo actual: a arte dixital, a videoarte e as súas correntes. 	<p>2. Identificar os cambios máis relevantes que supuxo a revolución tecnolóxica.</p>	<p>2.1 Expón a revolución que supuxo a aparición da Internet e compáraa coas dúas revolucións tecnolóxicas anteriores. <i>Com. Lingüística - Aprender a Aprender - C. Dixital.</i></p>
BLOQUE 10		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A necesidade dun desenvolvemento sostible para prever os riscos ambientais. Os esforzos por protexer o planeta: conferencias, protocolos e cumios. - As evidencias do cambio climático: o efecto invernadoiro e o desxeo do Ártico. 	<p>1. Recoñecer que o xeito no que se dispoñen as cousas no presente depende dos feitos que sucederon no pasado e inflúe nas posibilidades do futuro.</p>	<p>1.1 Valora as consecuencias do quentamento global e formula, aínda coas dificultades que se presentan, algunhas medidas ao respecto para prever o seu aumento no futuro. <i>Sociais e Cívicas - C. Lingüística - C. Dixital.</i></p>

Crterios de cualificación.

Os criterios de cualificación que se están a aplicar polos profesores deste Departamento na materia de Historia de 4º de ESO son os seguintes:

1. Os contidos conceptuais e o rigor na expresión conceptual se avalían mediante exames convencionais, e computan un 80% nas notas das tres avaliacións e da nota final.

2. Os contidos procedimentais se avalían mediante traballos complementarios e computan un 10% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
3. Os contidos actitudinais se avalían mediante debates, intervencións dos alumnos nas tarefas de clase, etc. no día a día na aula, e computan un 10% nas notas das tres avaliacións e na nota final.

Procedementos e Instrumentos de avaliación

As actividades ou instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán:

1. Observación na aula: nos permitirá comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, de técnicas e metodoloxía de indagación, e de actitudes do alumnado, como o interese pola materia ou actitudes sociais relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.
2. Traballos de clase individuais e de grupo.
3. As probas: controles e exames. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación do profesor ou exposición de traballos e debates protagonizados polos alumnos. Os exames orientaranse, non como unha mera repetición de conceptos ou ideas expostas previamente na aula, senón cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal, de capacidades de sínteses, capacidades de expresións, razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc.

Alumnos con materias Pendentes: contidos esixibles, actividades de avaliación e criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua

Contidos mínimos esixibles de Xeografía de 3º ESO Pendente.

- O espazo físico: o medio natural.
 - Relevo terrestre. Tempo e clima. Características e elementos. Zonas climáticas.
 - A biosfera.
 - O medio físico de Europa, España e Galicia.
 - Imprescindible a localización das principais referencias de xeografía física: relevo, climas, ríos e paisaxes.
- Xeografía económica.
 - A actividade económica. Axentes e sistemas económicos. A economía de mercado.
 - As actividades agrarias e as transformacións do mundo rural. A actividade pesqueira.
 - A actividade industrial. Materias primas. Fontes de enerxía . Paisaxes industriais.
 - As actividades terciarias: diversidade e importancia dos servizos na economía actual.
 - Localización, caracterización e dinamismo dos principais eixes da actividade económica en Europa, España, con especial referencia ao territorio galego.
 - O impacto da actividade económica: riscos e problemas ambientais.

- O espazo mundo e os problemas globais na actualidade.
 - Organización política das sociedades. Tipos de Estado. Organización política de UE.
 - Organización política e territorial de España e Galicia.
 - Interdependencia e globalización. Desenvolvemento desigual.
 - Os grandes ámbitos xeoeconómicos. As potencias mundiais.
 - Os grandes ámbitos xeoeconómicos. As áreas dependentes.

Critérios, procedementos e instrumentos de avaliación

As actividades, procedementos ou instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán os exames que se aterán sempre a contidos desenvolvidos na clase no seu día. Eses contidos serán coñecidos polos alumnos por estar fixados nos taboleiros de anuncios de cada aula e no taboleiro xeral do centro, ademais de ser lembrados periodicamente polo profesorado que lles impartiu ditas materias.

En canto ós tipos de probas, os contidos están desglosados en exercicios teórico-prácticos parciais de arias cuestión propostas segundo a filosofía recollida no capítulo titulado “Critérios de Avaliación”, e outro exercicio final para aqueles alumnos que non superasen os dous primeiros. Estes exercicios versan sobre os contidos mínimos, preparados previamente polos profesores mediante fichas feitas ex profeso e probas modelo de exercicios.

Dado que o temario e os contidos de terceiro curso da ESO centrábanse ata o presente curso na Xeografía e cuarto abrangue Historia a materia non pode ter carácter propedéutico polo que será necesario ter aprobados os contidos terceiro curso para aprobar a materia independentemente das cualificacións obtidas no Curso cuarto da ESO na materia de Historia.

Esta disposición non sera aplicada os alumnos de PMAR ámbito social para os que rexe a norma propedéutica dado que a materia sería ámbito social polo que aprobado cuarto curso quedan aprobadas as materias de cursos anteriores.

Metodoloxías e estratexias didácticas

- a. Estratexias expositivas: nas exposicións explicativas dos diferentes aspectos a estudar, o profesorado tentará impulsar a participación do alumno fronte á simple recepción dos contidos impartidos na aula. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor. Fomentará as preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo, por exemplo), receos, etc.
- b. Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata. Nas materias de Historia aproveitará a existencia de restos arqueolóxicos de diversas épocas, vivendas, mosteiros, igrexas, ou outros edificios significativos da historia da comarca e de cada un dos concellos para posibilitar unha memorización

máis comprensiva e un aprendizaxe máis significativo. Nas materias de Xeografía as referencias poden ser: os caracteres máis destacados da xeografía local, paisaxes agrarios existentes na bisbarra, características urbanas máis salientables da vila, a xeografía industrial dos concellos, algún deles –como A Pobra do Caramiñal- con facetas moi definidas... É dicir, trátase, tanto en Historia como en Xeografía, de partir das realidades máis concretas e inmediatas para chegar ó estudo das máis xerais e universais, e se outorgará un papel destacado ás actividades prácticas.

- c. Estratexias de indagación para a asimilación de contidos precedimentais e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: pequenos traballos de síntese máis que de investigación (con bibliografía variada), comentarios de textos que mais tarde se exporán conxuntamente, comentarios de mapas históricos e gráficos, traballos sobre mapas topográficos e planos catastrais locais, xogos de localización como a Busca do Tesouro (a partir de coordenadas cartográficas e con planos a gran escala), clasificación dos tipos de industria existentes na localidade con exemplos concretos.
- d. Estratexias de intercambio de debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para a asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, comentario de filmes, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno máis próximo, etc.
- e. Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de todos os aspectos que caracterizan cada civilización –económicos, sociais, culturais e políticos fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos.

Materiais e recursos didácticos.

Libro de Texto: 4º ESO: Ciencias Sociais Historia, Fisterra, 2º Ciclo. Editorial Vicens Vives

Diapositivas:

- Diapositivas de Ciencias Sociais. Editorial Áncora
- Diapositivas Proxecto Terra. Arquitectura Popular.

CASTRO, A.: A pintura do século XX. Edit. Xunta de Galicia

Vídeos:

Hª de España. VHF Multimedia

Mapas Murais da Editorial VICENS VIVES:

* Europa no século XIX.

* Europa no século XX.

Textos históricos seleccionados do libro de texto oficial e os das editoriais Vicens Vives e Oxford.

Programación de temas Transversais

Neste curso se desenvolverán os seguintes temas:

Educación Moral e Cívica. As diferentes fases de realización das actividades individuais e sobre todo as que se fan en grupo (deseño, preparación do material, elaboración e presentación) deben permitir que se acade a participación do alumnado cunha actitude receptiva, colaboradora e tolerante. É moi importante que comprendan que nos traballos de investigación en grupo se necesita a colaboración de todos eles e elas. Os traballos de investigación en grupo e as correspondentes actividades de discusión e de posta en común realizadas por toda a clase poñen de manifesto as diferenzas de capacidade, de opinión e de potencialidade de cada alumno. Neste sentido, convén que os propios alumnos distribúan as tarefas dentro do grupo, atendendo ás preferencias e calidades de cada persoa. Esta é unha forma moi conveniente para que aprendan a valorar positivamente as diferenzas entre as persoas e entre as sociedades e culturas.

O estudo da Historia evidencia dun xeito moi claro a diversidade social, racial, relixiosa, cultural, etc., existente entre as persoas. É moi importante que os alumnos e mailas alumnas consideren esta diversidade como algo enriquecedor, non coma un atranco para a convivencia, e desenvolvan unha actitude crítica perante calquera tipo de discriminación.

Dado que actualmente a violencia é un elemento consubstancial á filosofía de certos grupos radicais, debemos insistir na necesidade de erradicar todo tipo de posturas violentas volvendo de novo á idea do diálogo e da cooperación como mellor vía para o entendemento.

As actividades en grupo teñen que estar reguladas por unha serie de normas e os alumnos e mailas alumnas teñen que poder falar e discutir sobre elas, aceptalas e despois cumprilas. Do mesmo xeito, pero nun ámbito máis amplo, deben valorar de forma positiva a aceptación dos seus dereitos e o cumprimento dos seus deberes como membros das diferentes comunidades humanas. Así, pouco e pouco, irán despertando o seu interese pola práctica dos seus dereitos e deberes como cidadáns e cidadás.

A través da teoría, das actividades e dos traballos en grupo hai que conseguir que aprendan a analizar criticamente o que deberían ser os valores culturais máis representativos da nosa sociedade democrática actual, como a liberdade das persoas, o respecto ante calquera tipo de diferenza (lingüística, racial, relixiosa...), o recoñecemento da igualdade das persoas ante a lei, cos mesmos dereitos e deberes, a xustiza social, a solidariedade, a tolerancia, etc.

As visitas a lugares culturais de uso público, como bibliotecas, museos, monumentos, etc., son útiles para incidir no interese por coñecer e conservar o patrimonio artístico e cultural da nosa sociedade e o doutras culturas.

Tratarase en todas as unidades que o permitan.

Educación para a paz. A discusión en clase de determinados temas de interese histórico e social ou o tratamento de aspectos que interesan directamente ao alumnado axudarán a coñecer e respectar a opinión dos demais. O estudo das opinións expresadas por diferentes medios de comunicación de masas (prensa, radio e televisión) tamén pode ser útil para evidenciar a diversidade de puntos de vista sobre feitos da vida cotiá e o respecto que merecen.

Un coñecemento máis profundo do pasado histórico e do medio social no que se desenvolven as alumnas e os alumnos tenlles que permitir detectar múltiples situacións conflitivas, que lles poden afectar de forma directa ás veces e deben aprender a adquirir unha actitude dialogante ante elas. En calquera caso, é necesario que recoñezan que o diálogo entre as partes enfrontadas é o único medio para chegar a unha situación aceptable para todo o mundo.

A discusión en clase dos temas de maior interese histórico ou actual contribuirá a que aprendan a respectar e valorar as opinións alleas. A tolerancia, a discrepancia, a defensa dos valores democráticos aprenderanse nestas discusións. Tamén a prensa, radio e televisión se

pode empregar como punto de partida de estudio de temas de actualidade. Iso contribuirá a desenvolverlo respecto das opinións e as crenzas dos demais, sen renunciar ás propias. Estes contidos desenvólvense en todas as Unidades.

Educación para a igualdade entre os sexos. O estudio da Historia faralles ver que as actitudes discriminatorias por razón de sexo teñen sido frecuentes. Aínda na actualidade o son en maior ou menor grao segundo en que países. Tomar conciencia desta situación permitirá que desenvolvan unha actitude crítica ante a discriminación de calquera tipo, pero especialmente a sexual. Tentarase non caer en expresións que poidan inducir a unha interpretación sexista, procurando falar sempre de homes e mulleres, de alumnas e alumnos, etc. Tratarase isto en todas as Unidades.

Educación ambiental. Neste curso o alumnado estudará o uso que dos diversos medios naturais realizou o ser humano ó longo dos últimos tres séculos: desenvolvemento da agricultura, a industrialización, etc. Deste xeito decatáranse de que moitas accións que se fan sobre o entorno son irreversibles ou moitas veces non se recuperarán. Este estudio pode representar un punto de partida moi interesante para fomentar no alumnado unha actitude de sensibilización respecto cara ao medio natural. Trátase en todas as Unidades do curso.

Educación do consumidor. Educación para o ocio. É importante que o alumnado se conciencie de que o estrago de recursos e o excesivo consumo nos últimos tres séculos levaron á nosa sociedade á gravísima situación de non saber qué facer coas enormes cantidades de refugallo de todo tipo de produtos e materiais, moitos deles perigosos.

Medidas de atención á diversidade

No centro funcionan cursos de diversificación en 3º e 4º da ESO como medida de atención á diversidade.

Actividades complementarias e extraescolares previstas

- * Visita didáctica ó Museo do Pobo Galego.
- * Visita didáctica a edificios do Barroco Compostela: fachadas da Catedral, Casa do Cabido e Conventos das Mercedarias.

Tratamento do fomento da lectura e das TIC

En canto ó tratamento do fomento da lectura, o Departamento propoñerá unha serie de libros de temática histórica, adaptados ó nivel de 4º de ESO, de lectura obrigatoria, en coordinación cos responsables da Biblioteca do Centro. Estas actividades de lectura estarán encamiñadas ó cumprimento do Programa Lector.

Como xa quedou exposto ao longo da programación as TICs estarán integradas nos procesos de aprendizaxe.

Criterios de Promoción

Non existen ou non se coñecen criterios de promoción por materia, senón por curso, e por esa razón se aplicarán os criterios xerais que marca a Lei para cada curso de ESO, criterios que terán que ser aplicados en todo caso pola Xunta de Avaliación de cada curso.

1º CURSO DE BACHARELATO.

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

Introdución e distribución da materia

O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

A Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia. A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá. A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliados preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islámico. Ao tratar de analizar tales feitos, a historia enriquecese coas achegas doutras disciplinas e mesmo coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos. Podemos incluír tamén a análise noutros idiomas, o uso das tecnoloxías de información e da comunicación, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas deses feitos históricos.

Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos do traballo do/da historiador/a, cun vocabulario científico da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que lle permitan ao alumnado establecer os seus razoamentos e argumentacións.

A través do estudo de Historia do Mundo Contemporáneo, os/as estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e as de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios de Historia do Mundo Contemporáneo. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira

constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase dexeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A Historia do Mundo contemporáneo permite desenvolver metodoloxías activas nas que, como xa se citou, o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

A materia de Historia do Mundo Contemporáneo distribuirase nos seguintes bloques:

Bloque 1: *O Antigo Réxime*

Bloque 2: *As Revolucións industriais e as súas consecuencias sociais*

Bloque 3: *A crise do Antigo Réxime*

Bloque 4: *A dominación europea do mundo e a Primeira Guerra Mundial*

Bloque 5: *O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias*

Bloque 6: *Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos*

Bloque 7: *A descolonización e o Terceiro Mundo*

Bloque 8: *A crise do bloque comunista*

Bloque 9: *O mundo capitalista na segunda metade do século XX*

Bloque 10: *O mundo actual desde unha perspectiva histórica*

Bloque 11: *A Historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina.*

Obxectivos LOMCE para o Bacharelato e competencias clave

Segundo do Decreto 86/2015 de 26 de xuño. Estes son os obxectivos xerais para todas as materias de bacharelato:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuirá súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

No desenvolvemento de cada un dos temas iremos sinalando os obxectivos curriculares propios da Historia do Mundo Contemporáneo.

En canto ás competencias clave, nesta materia trabállanse, con diferente grao de intensidade, as seguintes:

CSC. Competencia social e cívica.

CCL. Competencia en comunicación lingüística.

CAA. Competencia de aprender a aprender.

CD. Competencia dixital.

CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CCEC. Conciencia e expresións culturais.

CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

BLOQUE 1
UNIDADE 1

O ANTIGO RÉXIME
O ANTIGO RÉXIME

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas últimas semanas de setembro</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>b, d, e g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Trazos do Antigo Réxime	Definir os trazos do Antigo Réxime describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais	Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante sobre o Antigo Réxime para completar os traballos, responder cuestións e expor dita información oralmente e/ou por escrito	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade	Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerando as que afectan á economía, á poboación e á sociedade	Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e do século XVIII	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra	Explicar o parlamentarismo inglés do século XVIII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións para logralo	Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
O pensamento da Ilustración	Relacionar as ideas da Ilustración co liberalismo de comezos do século XIX establecendo elementos de coincidencia entre ámbalas dúas ideoloxías	Enumera e describe as ideas da Ilustración e as ideas do Liberalismo de comezos do século XIX	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
Relacións internacionais: o equilibrio europeo	Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo	Sitúa nun mapa de Europa os diversos países ou reinos en función dos conflitos nos que interveñen	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCL
Manifestacións artísticas do momento	Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas	Analiza obras ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CAA • CCL
	Esquematzar os trazos do Antigo Réxime utilizando gráficos e diagramas	Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE • CAA
Vocabulario histórico artístico	Utilizar o vocabulario histórico con precisión inseríndoo no contexto adecuado	Utiliza o vocabulario histórico con precisión inseríndoo no contexto adecuado	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCL
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • Poboación, economía agraria e réxime señorial • A sociedade dos privilexios • O absolutismo e a súa práctica de goberno • As relacións internacionais do século XVIII • A Ilustración e a crítica ao Antigo Réxime • Análise da evolución da poboación no Antigo Réxime • Definición dos trazos da economía do Antigo Réxime: ganaría e agricultura pouco eficiente e industria pouco tecnificada • Identificación das causas da expansión do comercio 		<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento da Sociedade estamental do Antigo Réxime (nobreza, clero e terceiro estado) • Aproximación ao estudo das formas de goberno do Antigo Réxime: absolutismo e parlamentarismo • Descrición das relacións internacionais do Antigo Réxime • Recoñecemento do papel destacado da diplomacia no século XVIII • Identificación dos conflitos do século XVIII e as súas consecuencias • Identificación da orixe e as bases do pensamento da Ilustración e dos seus grandes pensadores 	
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza textos relacionados con aspectos propios do A. Réxime e extrae as súas propias conclusións. • Recompila, organiza e analiza información relevante sobre o Antigo Réxime para completar traballos, responder cuestións e expor dita información oralmente e/ou por escrito • Analiza e compara a evolución da poboación e da sociedade a partir de gráficos. 		

	<ul style="list-style-type: none"> • Obtén información relacionada con aspectos sociais a partir da análise de pinturas. • Identifica as características da industria e da sociedade do Antigo Réxime • Recoñece as formas de ascender aos estamentos privilexiados • Analiza as ferramentas agrícolas que se utilizaban na época do Antigo Réxime. • Explica o desenvolvemento do comercio e o nacemento da banca moderna. • Identifica as diferenzas entre o <i>domestic system</i> e o sistema gremial. • Analiza a evolución dos trazos característicos do Antigo Réxime • Describe as características do parlamentarismo inglés fronte ao absolutismo • Identifica as Revolucións inglesas do século XVII como promotoras do cambio político no Antigo Réxime • Enumera as ideas da Ilustración fronte ás do absolutismo. • Recoñece os pensadores ilustrados máis destacados e a súa obra. • Identifica a <i>Enciclopedia</i> como a obra representativa do pensamento ilustrado • Recoñece a importancia da diplomacia no século XVIII. • Sitúa nun mapa de Europa os diversos países ou reinos en función dos conflitos e as súas consecuencias. • Utiliza mapas conceptuais para explicar as características propias do Antigo Réxime. • Realiza comentarios de obras de artistas do século XVIII e comezos do XIX, como Goya ou David, e sobre textos dos principais filósofos da Ilustración –Voltaire, Montesquieu, Rousseau...-.
--	---

BLOQUE 3: A CRISE DO ANTIGO RÉXIME

UNIDADE 2

REVOLUCIÓNS LIBERAIS E NACIONALISMO

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas semanas de outubro</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e, g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza á primeira metade do século XIX distinguindo os feitos, personaxes e símbolos e encadrándoos en cada unha das variables analizadas.	Realiza eixos cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA • CSC • CSIEE
Nacemento de EEUU	Describir as causas e o desenvolvemento da Independencia de Estados Unidos establecendo as causas máis inmediatas e as etapas de independencia	Identifica xerarquías causais na guerra de independencia de Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
A Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais	Explicar a partir de información obtida en Internet, a Revolución francesa de 1789 incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.	Explica as causas da Revolución francesa de 1789. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución francesa.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
O Imperio Napoleónico	Identificar o Imperio Napoleónico localizando a súa expansión europea e establecendo as súas consecuencias.	Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
O Congreso de Viena e o absolutismo	Analizar a transcendencia que tivo para Europa o Congreso de Viena e a restauración do Absolutismo identificando as súas consecuencias para os diversos países implicados.	Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena relacionándoas coas súas consecuencias	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CSIEE
As revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848	Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, relacionando as súas causas e o seu desenvolvemento.	Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
O Nacionalismo: unificacións de Italia e de Alemaña	Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.	Describe e explica a unificación de Italia e a unificación de Alemaña a partir de fontes gráficas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
Cultura e Arte: Europa entre o Neoclasicismo e o Romanticismo	Descubrir as manifestacións artísticas do comezo do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de Internet e presentándoa adecuadamente	Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE • CCEC
A independencia das colonias hispanoamericanas	Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica.	Realiza un friso cronolóxico explicativo da independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA • CSC • CSIEE
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • A Revolución americana. • A Revolución francesa (1789-1799). • A Europa napoleónica (1800-1815). • Restauración e revolución en Europa (1815-1848) 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da Restauración como oposición á Revolución francesa e as súas consecuencias. • Análise das reaccións á Restauración: revolucións, Liberalismo e nacionalismo. • Identificación dos distintos nacionalismos: disgregadores 		

<ul style="list-style-type: none"> • Os nacionalismos (1848-1871). • A América hispanoportuguesa no século XIX. • Pensamento, ciencia e cultura. • Análise da independencia de Estados Unidos (orixes, guerra e Constitución). • Identificación das orixes da Revolución francesa. • Análise das etapas da Revolución francesa (Asemblea Nacional, Convención, República conservadora). • Aproximación ao estudo da Europa napoleónica e os seus trazos principais. 	<p>(América hispanoportuguesa) (independencia de determinados países) e outros unificadores (Italia e Alemaña).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación da influencia das revolucións no pensamento, a ciencia e a cultura.
<p>INDICADORES DE LOGRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza eixos cronolóxicos dos acontecementos da primeira metade do século XIX. • Identifica as orixes, as causas e as consecuencias da independencia dos Estados Unidos. • Explica as orixes da Revolución francesa. • Explica as distintas etapas da Revolución francesa; os seus trazos característicos e os acontecementos máis importantes. • Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico. • Analiza o sistema político imposto por Napoleón a partir de 1804. • Compara os ideais que inspiraron a Revolución francesa co réxime que implantou Napoleón. • Identifica os principais cambios territoriais en Europa tras o Congreso de Viena. • Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena. • Describe e compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848. • Recoñece os nacionalismos (disgregadores e unificadores) como unha reacción á Restauración. • Describe e explica a unificación de Italia e a unificación de Alemaña a partir de fontes gráficas. • Identifica as características do Romanticismo e a súa influencia na literatura, a música e as artes e as ciencias. • Recoñece os autores e científicos máis destacados do Romanticismo. • Analiza e valora as causas, o proceso e as consecuencias da independencia de Hispanoamérica. • Recoñece algúns dos principais personaxes da independencia de Hispanoamérica. • Identifica e sitúa nun mapa os países que xurdiron das colonias españolas e portuguesas en América.

BLOQUE 2

AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUENCIAS SOCIAIS

UNIDADE 3

A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas semanas de outubro</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e, g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Revolución ou revolucións industriais: características	Describir as Revolucións Industriais do século XIX, establecendo os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais	Identifica as causas da Primeira Revolución Industrial	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CSIEE
Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía	Obter información, que permita explicar as Revolucións Industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.	Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e o novo concepto de cidade)	Identificar os cambios nos transportes, agricultura e poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.	<p>Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.</p> <p>Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
O protagonismo de Gran Bretaña e a extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. A industrialización extraeuropea.	Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizándoos adecuadamente e establecendo as rexións onde se produce ese avance.	Localiza no mapa os países industrializados e as súas rexións industriais	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CSIEE
A economía industrial: pensamento e primeiras crises	Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación dos obreiros do século XIX.	Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
O nacemento do proletariado e a organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento. Os partidos políticos obreiros.			
	Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CCL • CSIEE
		Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas	
		Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.	
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • Orixes e factores da Revolución Industrial. • As industrias pioneiras. • Transportes, comercio e capitais. • A difusión da industrialización. • Liberalismo económico e capitalismo. • A sociedade de clases. • Recoñecemento das orixes da Revolución Industrial e dos factores que a favoreceron. • Identificación das primeiras industrias que se sumaron á Revolución Industrial e os avances que as motivaron. 		<ul style="list-style-type: none"> • Análise dos transportes, o comercio e os capitais como elementos que potenciaron o desenvolvemento da Revolución Industrial. • Localización dos países en que a industrialización atopou unha maior difusión. • Identificación do liberalismo económico e do capitalismo como ideas xurdidas da Revolución Industrial. • Aproximación ao estudo da nova estrutura social resultado da Revolución Industrial: a sociedade de clases. 	

<p>INDICADORES DE LOGRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as causas da Revolución Industrial • Analiza, identifica e explica os factores que favoreceron a Revolución Industrial e as industrias que as fomentaron consultando diversas fontes. • Recoñece a aparición dunha nova estrutura social como consecuencia da Revolución Industrial e a importancia que o proletariado tivo nela. • Identifica e describe as clases sociais da estrutura social. • Identifica elementos propios da transformación que no transporte, o comercio e os capitais supuxo a Revolución Industrial do século XIX. • Identifica os países industrializados e as súas rexións industriais e localízalos nun mapa. • Recoñece as ideas xurdidas coa Revolución Industrial (liberalismo económico e capitalismo) e identifica aos pensadores máis relevantes • Explica as causas e consecuencias das crises económicas • Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial. • Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles
-----------------------------	--

BLOQUE 2 AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUCENCIAS SOCIAIS
BLOQUE 4 A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL
UNIDADE 4 SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E IMPERIALISMO

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas semanas de novembro</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e, g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
BLOQUE 2. AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUCENCIAS SOCIAIS			
Revolución ou revolucións industriais: características	Describir as Revolucións Industriais do século XIX, establecendo os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais.	Explica razoadamente a evolución cara á II Revolución Industrial	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CSIEE
	Obter información que permita explicar as Revolucións Industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.	Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
BLOQUE 4. A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL			
A expansión colonial dos países industriais: Causas, colonización e repartición de Asia, África e outros enclaves coloniais, consecuencias.	Describir as transformacións e conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX distinguindo o desenvolvemento dos mesmos e os factores desencadeantes.	Realiza un diagrama explicando cadeas causais e procesos dentro do período "finais do século XIX e comezos do XX".	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CD • CAA • CSC • CSIEE
	Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e Estados Unidos, a finais do século XIX presentando información que explique tales feitos.	Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, Imperio Austrohúngaro, Rusia, Estados Unidos e Xapón.	
	Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, establecendo as súas consecuencias.	Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da Segunda Metade do século XIX	
		Localiza nun mapamundi as colonias das distintas potencias imperialistas.	
CONTIDOS DA UNIDADE			
BLOQUE 2 <ul style="list-style-type: none"> • A Segunda Revolución Industrial. • Identifica as novas enerxías e as novas industrias, elementos determinantes da II Revolución Industrial. • Recoñecemento do desenvolvemento e da creación de novos medios de transporte e comunicación como impulsores da difusión da II Revolución Industrial. • Identificación das novas potencias industriais: Estados Unidos, Alemaña e o Xapón Meixi. • Análise dos factores da mundialización da economía capitalista. 		BLOQUE 4 <ul style="list-style-type: none"> • A expansión demográfica e as grandes migracións. • O imperialismo europeo. • O imperialismo non europeo. • Recoñecemento da expansión demográfica como causa das grandes migracións do século XIX. • Identificación das distintas causas da expansión imperialista. • Análise da repartición de África por parte dos imperios europeos. • Localización e identificación da expansión imperialista en Asia. • Análise das consecuencias do imperialismo. • Identificación do imperialismo non europeo: Xapón e Estados Unidos. 	
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as causas da Revolución Industrial. 		

	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece a expansión demográfica e as grandes migracións como consecuencias sociais da Revolución Industrial. • Analiza, identifica e explica os factores que favoreceron a II Revolución Industrial e as industrias que a fomentaron consultando diversas fontes • Realiza un eixe cronolóxico cos acontecementos relacionados coa II Revolución Industrial. • Analiza e identifica os feitos que explican a evolución durante a Segunda Metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, Rusia, Estados Unidos e Xapón. • Valora as causas e as consecuencias do colonialismo. • Localiza en mapas as colonias das distintas potencias imperialistas.
--	---

**BLOQUE 2
UNIDADE 5**

**AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUCENCIAS SOCIAIS
OS CAMBIOS SOCIAIS. ORIXE E DESENVOLVEMENTO DO
MOVEMENTO OBREIRO**

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas semanas de novembro</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e, g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Revolución ou revolucións industriais: características	Identificar os cambios nos transportes, agricultura e poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.	Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
O nacemento do proletariado e a organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento, os partidos políticos obreiros	Analizar seleccionando ideas que identifiquen as características da economía industrial e as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación dos obreiros do século XIX.	Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • Unha sociedade urbana e industrial. • O predominio burgués. • A clase obreira e os problemas sociais da industrialización. • As bases ideolóxicas do movemento obreiro. • Orixes e desenvolvemento do movemento obreiro. • A I e a II Internacional. • Análise da nova orde social coa cidade como centro. • Identificación das formas de vida da nova elite social e das clases medias. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento das condicións de vida da clase obreira. • Identificación das ideoloxías en que se sustenta o movemento obreiro: o socialismo utópico, o socialismo marxista e o anarquismo. • Análise da aparición e o desenvolvemento do sindicalismo. • Análise das orixes, formación e obxectivos das Internacionais Socialistas. 		
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala os cambios producidos nas sociedades industriais. • Identifica a cidade como o centro da nova sociedade. • Recoñece as formas de vida das elites sociais e da burguesía. • Identifica e describe os niveis de vida e as condicións de traballo da clase obreira. • Identifica os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX. • Compara as correntes de pensamento social da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. • Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro. • Identifica e explica as orixes, o desenvolvemento e a crise da I e II Internacional Socialista. • Valora o papel do internacionalismo no século XIX e o legado das Internacionais ao sindicalismo e ao socialismo actuais. 		

BLOQUE 4
UNIDADE 6

A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL
AS GRANDES POTENCIAS

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas semanas de decembro</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Evolución dos principais estados en Europa, América e Asia	Describir as transformacións e conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX distinguindo o seu desenvolvemento e os factores desencadeantes	Realiza un diagrama explicando cadeas causais de procesos dentro do período "finais do século XIX e comezos do XX".	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CAA • CSC • CSIEE
<p>Inglaterra Vitoriana.</p> <p>Francia: a III República e o II Imperio.</p> <p>Alemaña bismarckiana, Imperio Austrohúngaro e Rusia.</p> <p>Estados Unidos: da Guerra Civil ata comezos do século XX.</p> <p>Xapón: transformacións de finais do século XIX.</p>	<p>Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e Estados Unidos a finais do século XIX presentando información que explique tales feitos.</p> <p>Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, establecendo as súas consecuencias.</p>	<p>Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra Vitoriana.</p> <p>Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.</p> <p>Identifica e explica razonadamente os feitos que converten a Alemaña durante o mandato de Bismarck nunha potencia europea.</p> <p>Identifica e explica razonadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da Segunda Metade do século XIX.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
A Paz Armada: a Tripla Alianza e a Tripla Entente.	Comparar sinteticamente os distintos sistemas de alianzas do período da Paz Armada.	Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • A Inglaterra vitoriana. • Francia: do Segundo Imperio á Terceira República. • O Segundo Reich alemán. • Os imperios plurinacionais. • Estados Unidos, unha potencia emerxente. • As relacións internacionais (1870-1914). • Explicación das causas polas que a Inglaterra vitoriana converteuse no imperio máis importante. • Análise do proceso que levou a Francia do Segundo Imperio á Terceira República. • Recoñecemento da creación do Segundo Reich alemán e das causas da súa expansión. 		<ul style="list-style-type: none"> • Identificación dos trazos característicos dos distintos imperios plurinacionais (austrohúngaro, ruso e turco). • Recoñecemento de Estados Unidos como unha potencia emerxente. • Identificación dos problemas aos que se enfrontou Estados Unidos ata converterse en potencia. • Análise das relacións internacionais que se produciron en Europa desde 1870 ata a I Guerra Mundial • O problema dos Balcáns a comezos do século XX 	
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Elabora un mapa conceptual con sucesos ocorridos dentro do período "finais do século XIX e comezos do XX". • Explica as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana (apertura política e reformismo). • Explica as claves da transformación de imperio francés dende o Segundo Imperio ata a III República. • Identifica e explica os feitos que converten a Alemaña durante o mandato de Bismarck nunha 		

	<p>potencia europea.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os trazos propios de cada un dos imperios plurinacionais (austrohúngaros, ruso e turco). • Identifica a Estados Unidos como unha potencia emerxente desde a súa independencia ata a súa consolidación como nación democrática. • Recoñece as relacións internacionais que se propiciaron en Europa no período 1870-1914. • Identifica a Tripla Alianza e a Tripla Entente como exemplos dos resultados das relacións internacionais do período 1870-1914.
--	--

BLOQUE 4
BLOQUE 5

A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL
O PERÍODO DE ENTREGUERRAS. A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS
CONSECUENCIAS

UNIDADE 7

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

<i>Temporalización</i>		<i>Segunda semana de xaneiro</i>	
<i>OBXECTIVOS</i>		<i>A, b, d, e g, h, l, m, n</i>	
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
BLOQUE 4. A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL			
A Primeira Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias	Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da Primeira Guerra Mundial, desenvolvendo as súas etapas e as súas consecuencias.	Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CAA • CSC • CSIEE
	Localizar fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, Internet, etc.) e extraer información de interese, valorando criticamente a súa fiabilidade.	Analiza e explica as distintas etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.	
	Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico de finais do século XIX e comezos do XX.	Extrae conclusións de gráficos e de imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.	
BLOQUE 4. O PERÍODO DE ENTREGUERRAS. A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUENCIAS			
Tratados de Paz e reaxuste internacional: a Sociedade de Nacións.	Identificar os Tratados de Paz da I Guerra Mundial establecendo como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.	<p>Explica os acordos dos Tratados de Paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.</p> <p>Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CAA • CSC • CSIEE
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • As causas da guerra. • A Gran Guerra (1914-1918). • As consecuencias da guerra. • Comprensión das diversas causas que propiciaron o clima de tensión entre as potencias previo ao estalido da guerra. • Identificación do detonante da I Guerra Mundial. • Clasificación en dous bloques das forzas enfrontadas. • Recoñecemento das características propias da I Guerra Mundial. • Identificación das fases que atravesou a guerra. • Descrición das consecuencias da guerra (demográficas, económicas e sociais). 		<ul style="list-style-type: none"> • Os tratados de paz e o novo mapa de Europa. • A Sociedade de Nacións e os problemas da posguerra. • Identificación das condicións de paz e as novas fronteiras en Europa tras a Conferencia de Paz de París. • Análise das consecuencias dunha paz imposta e as súas repercusións políticas. • Recoñecemento da Sociedade de Nacións como instrumento para manter unha paz duradeira. • Identificación dos problemas xurdidos na posguerra en Europa e nas colonias. 	
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica causas que propiciaron a I Guerra Mundial. • Explica a formación dos dous bloques de alianzas internacionais. • Analiza a influencia das crises en Marrocos e nos Balcáns no estalido da I Guerra Mundial. • Identifica o atentado de Sarajevo como o detonante da guerra. • Describe e compara as distintas fases da guerra. • Explica e valora a intervención de Estados Unidos na I Guerra Mundial. 		

	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza e explica o desenvolvemento da guerra en Europa a partir de mapas históricos • Extrae conclusións de gráficos e de imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial. • Analiza as repercusións demográficas, económicas e sociais da guerra. • Compara a repercusión da I Guerra Mundial sobre os distintos grupos sociais. • Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial. • Analiza o papel dos vencedores e os vencidos na Conferencia de Paz de París. • Valora as repercusións políticas dos tratados de paz. • Analiza as consecuencias dos tratados de paz a través de mapas históricos • Describe o papel da Sociedade de Nacións nas relacións internacionais. • Explica as causas dos problemas territoriais da posguerra. • Analiza como afectou a guerra ás colonias.
--	--

BLOQUE 5

O PERÍODO DE ENTREGUERRAS. A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUENCIAS

UNIDADE 8

A REVOLUCIÓN RUSA E A URSS

<i>Temporalización</i>	<i>Terceira semana de xaneiro</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
A Revolución Rusa. A formación e desenvolvemento da URSS	Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos e establecendo as súas consecuencias.	Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917 Compara a Revolución Rusa de Febreiro de 1917 coa de Outubro de 1917.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • A Rusia tsarista a comezos do século xx. • A Revolución de Febreiro de 1917. • A Revolución de Outubro e o nacemento da URSS. • A loita polo poder e o triunfo de Stalin. • A URSS baixo a ditadura estalinista. • Análise das causas que conduciron á Revolución de Febreiro de 1917 (inmobilismo político, dificultades de modernización, fracaso das reformas...). • Recoñecemento dos trazos da Revolución de Febreiro de 1917: a caída do tsarismo e o Goberno provisional 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise das causas que provocaron a Revolución de Outubro. • Aproximación ao estudo das consecuencias da Revolución de Outubro de 1917. • Comparación da Revolución de Febreiro coa de Outubro de 1917. • Identificación da loita polo poder na URSS que terminou co triunfo de Stalin. • Recoñecemento das particularidades políticas e económicas da URSS baixo a ditadura estalinista. 		
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Explica cal era a situación de Rusia a comezos do século xx e cales foron os desencadeantes da Revolución rusa. • Compara a política que defendía cada un dos partidos de oposición ao tsarismo. • Analiza os motivos do malestar social en Rusia a comezos do século xx. • Valora os motivos polos que se frustraron as reformas abertas pola Revolución de 1905. • Explica as causas profundas da Revolución de 1917. • Explica as diferenzas entre a Revolución Rusa de Febreiro de 1917 e a de Outubro de 1917. • Valora a importancia da Revolución de Outubro. • Resume as loitas de poder tras a morte de Lenin. • Analiza e explica as políticas económicas e políticas do réxime de Stalin. 		

BLOQUE 5

O PERÍODO DE ENTREGUERRAS. A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUCIÓNS

UNIDADE 9

A ECONOMÍA DE ENTREGUERRAS. A GRAN DEPRESIÓN

<i>Temporalización</i>	<i>Última semana de xaneiro e primeira de febreiro</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte.	Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.	Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século xx.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o <i>New Deal</i> .	Explicar a Gran Depresión describindo os factores desencadeantes e as súas influencias na vida cotiá.	Interpreta imaxes da Gran Depresión	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
Europa Occidental: entre a reconstrución e a crise.		Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.	
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • Os desequilibrios da economía mundial. • A fráxil recuperación dos anos vinte. • O crac de 1929 e a Gran Depresión. • As políticas económicas fronte á Gran Depresión. • Unha sociedade en transformación. • Identificación das consecuencias económicas da guerra. • Recoñecemento do inicio dunha fráxil recuperación nos anos vinte. • Identificación das causas do crac bolsista. 		<ul style="list-style-type: none"> • Explicación do «xoves negro» e o afundimento da Bolsa. • Recoñecemento da Gran Depresión e da extensión da crise ao resto do mundo. • Análise das consecuencias sociais e políticas da crise. • Identificación das distintas iniciativas económicas para afrontar a Gran Depresión. • Recoñecemento dos cambios culturais producidos ao longo do período de entreguerras. 	
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Explica os efectos económicos e financeiros da guerra para os países contendentes. • Compara a situación económica da posguerra en Estados Unidos e en Europa. • Describe a evolución da economía mundial entre 1919 e 1924. • Analiza as distintas políticas para controlar a inflación e pór as bases para a recuperación da economía mundial. • Valora a importancia dos novos medios de comunicación. • Explica por que a sociedade de entreguerras foi unha sociedade en transformación. • Observa e interpreta imaxes da Gran Depresión. • Valora criticamente os efectos sociais da Gran Depresión. • Analiza as consecuencias das masivas repatriacións de capitais estadounidenses. • Compara os efectos da crise nos países industrializados e nos exportadores de materias primas. • Explica por que se afundi a Bolsa de Nova York en outubro de 1929. • Analiza gráficas que explican aspectos da crise económica de 1929. • Analiza os efectos en cadea desatados polo crac bolsista. • Compara as políticas que os distintos países puxeron en marcha na década de 1930 para frear a crise. • Analiza a política do <i>New Deal</i> e sinala que consecuencias tivo a súa aplicación. 		

BLOQUE 5

O PERÍODO DE ENTREGUERRAS. A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUCENCIAS

UNIDADE 10

O ASCENSO DOS TOTALITARISMOS FASCISTA E NAZI

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas semanas de febreiro</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Os fascismos europeos e o nazismo alemán	Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.	Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século xx.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
	Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	<p>Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán</p> <p>Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século xx.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSC • CSIEE
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • Democracias e ditaduras na Europa de entreguerras. • Ideoloxía e bases sociais do fascismo. • A Italia fascista. • A Alemaña nazi. • Recoñecemento da situación política da Europa de entreguerras. • Identificación da ideoloxía e das bases do fascismo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da evolución do fascismo en Italia: desde a etapa parlamentaria ata o establecemento da ditadura fascista. • Identificación da República de Weimar como a forma de goberno previa ao nazismo. • Aproximación da crise da república e o ascenso do nazismo. • Análise da ditadura nazi e das súas políticas sociais (racismo e antisemitismo) e económicas (autarquía e rearmamento). 		
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Explica a crise das democracias liberais europeas no período de entreguerras. • Compara o que ocorreu nas novas democracias e nos países cunha longa tradición democrática na Europa de entreguerras. • Analiza e valora o avance das ideoloxías autoritarias, antidemocráticas e ultranacionalistas na Europa de entreguerras. • Resume os factores que favoreceron a chegada ao poder de Mussolini. • Analiza as tácticas que empregou o fascismo para alcanzar o poder. • Explica como logrou a ditadura de Mussolini un estrito control da sociedade e da cultura. • Describe a evolución da economía italiana baixo o réxime fascista. • Explica que problemas debilitaron a República de Weimar. • Compara o fascismo co nazismo, as súas tácticas para chegar ao poder e o proceso de implantación dos seus Estados totalitarios. • Analiza como levou a cabo o adoutrino da sociedade no fascismo e no nazismo. • Enumera e describe as principais características do fascismo. • Compara as características do fascismo coas dunha democracia. • Compara o totalitarismo fascista co comunista indicando as súas similitudes e diferenzas. • Investiga en internet sobre a orixe dos símbolos fascistas. 		

BLOQUE 5

O PERÍODO DE ENTREGUERRAS. A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUCIAS

UNIDADE 11

A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

<i>Temporalización</i>	<i>Última semana de febreiro e primeira de marzo</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
As relacións internacionais do período de Entreguerras, viraxes cara á guerra.	Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e Xapón.	Identifica e explica as causas desencadeantes da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSC • CSIEE
Orixes do conflito e características xerais		Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.	
Desenvolvemento da guerra	Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá.	Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
Consecuencias da guerra		Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.	
O Antisemitismo: o Holocausto	Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa tanto ao período de Entreguerras como á II Guerra Mundial e a postguerra.	Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña Nazi.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
Preparación da paz. A ONU		Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e asuntos de descolonización.	
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • Orixes e causas da guerra. • O desenvolvemento da guerra. • A «nova orde» nazi en Europa. • As consecuencias da guerra. • Análise das relacións internacionais anteriores ao estalido da II Guerra Mundial. • Identificación do expansionismo nazi e fascista e da debilidade das democracias como orixe e causa da guerra. • Recoñecemento do Pacto xermano-soviético como un indicio de proximidade dun conflito. • Recoñecemento das innovacións técnicas e a táctica militar durante a II Guerra Mundial. 		<ul style="list-style-type: none"> • Identificación das fases da guerra cos seus trazos e particularidades. • Análise da situación dos países conquistados pola Alemaña nazi. • Descrición das consecuencias da guerra (demográficas, morais, económicas e políticas). • Análise das conferencias de paz e os cambios territoriais. • Recoñecemento da creación da Organización de Nacións Unidas como instrumento para manter a paz. 	
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e describe os feitos que conduciron á II Guerra Mundial. • Analiza a política expansionista dos réximes totalitarios. • Valora a reacción das democracias ante a política exterior alemá, rusa e xaponesa • Explica as etapas da II Guerra Mundial. • Identifica as razóns do éxito inicial do exército alemán en Europa. • Explica as razóns do ataque de Xapón a Estados Unidos. • Analiza as consecuencias da invasión alemá da URSS. • Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos. 		

- | | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none">• Analiza a forma en que a Alemaña nazi sostivo o esforzo produtivo que esixiu a guerra.• Explica as razóns polas que certos sectores dos países ocupados colaboraron co réxime nazi.• Investiga a resistencia contra os nazis na propia Alemaña• Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.• Recoñece a II Guerra Mundial como a maior catástrofe que sufriu a humanidade.• Analiza os cambios políticos e territoriais que experimentou Europa tras o final do conflito servíndose de mapas.• Explica os acordos asinados nas Conferencias de Ialta e de Potsdam.• Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña Nazi• Recoñece o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi como un crime contra a humanidade.• Describe e valora o labor e os obxectivos da ONU nas relacións internacionais. |
|--|---|

BLOQUE 6

EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRONTAMENTOS

UNIDADE 12

A GUERRA FRÍA

<i>Temporalización</i>	<i>Segunda e terceira semanas de marzo⁴</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e, g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
A formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: a Guerra Fría.	Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente.	Localiza nun mapa os países que forma o bloque comunista e capitalista.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CAA • CSC • CSIEE
Evolución da economía mundial de posguerra			
Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo			
Estados Unidos e a URSS como modelos. As dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á Coexistencia Pacífica e a Distensión.	Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre o bloque comunista e capitalista, revisando as noticias dos medios de comunicación da época.	Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico	
	Interpretar a Guerra Fría, a Coexistencia Pacífica e a Distensión e as súas consecuencias establecendo acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais.	Selecciona símbolos e imaxes que se identifican co mundo capitalista e o mundo comunista	
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • Xénese da Guerra Fría (1945-1947). • A máxima tensión (1948-1953). • A coexistencia pacífica (1954-1975). • Rebrote e final da Guerra Fría (1976-1991). • Identifica os trazos que explican a orixe da Guerra Fría. • Descrición dos feitos que explican a aparición dos dous bloques e as súas sucesivas ampliacións. • Relación entre o cambio de líderes e o comezo da distensión. 		<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento do movemento dos países non aliados. • Identificación dos conflitos internos dos bloques e entre os bloques. • Análise de rebrote das tensións tras a «ofensiva» soviética e a reacción de Estados Unidos. • Identificación do final da Guerra Fría e a posterior reorganización da política internacional. 	
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Compara os sistemas políticos, económicos e ideolóxicos dos dous bloques. • Explica o proceso que levou á Guerra Fría. • Analiza o papel das Nacións Unidas durante a Guerra Fría. • Localiza nun mapa os países que forma o bloque comunista e capitalista. • Investiga a guerra civil grega, os bandos e os apoios recibidos. • Identifica e explica que son o Plan Marshall, o COMECON, a OTAN, o Pacto de Varsovia, a SEATO, o Pacto de Bagdad. • Enumera e localiza nun mapa os países que formaban cada bloque. • Describe e analiza a expansión do enfrontamento entre os bloques a Asia. • Explica e valora o papel dos líderes dos dous bloques na Guerra Fría. • Compara a coexistencia pacífica e a etapa de máxima tensión. 		

⁴ A temporalización desta unidade e posteriores pode variar por mor da Semana Santa

	<ul style="list-style-type: none"> • Describe o movemento dos países non aliñados. • Explica os factores que favoreceron o inicio do desxeo. • Analiza os conflitos internos que tiveron lugar en cada bloque e entre ambos os bloques. • Compara a situación de cada unha das dúas superpotencias ao longo da Guerra Fría. • Describe a revolución islamista en Irán, a invasión soviética de Afganistán e a caída do muro de Berlín. • Analiza a reacción de Estados Unidos ante a ofensiva estratéxica da URSS. • Valora a existencia de armas nucleares. • Valora o final da Guerra Fría.
--	---

BLOQUE 6 EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRONTAMENTOS
 BLOQUE 8 A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA
 BLOQUE 9 O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX
UNIDADE 13 EVOLUCIÓN DOS BLOQUES NUN MUNDO BIPOLAR

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas semanas de abril</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
BLOQUE 6	EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRONTAMENTOS		
Evolución da economía mundial da posguerra	Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde o punto de vista político, social, económico e cultural.	Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas. Establece razoada e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o mundo comunista.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA • CSC • CSIEE
Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo.	Identificar a materialización dos modelos comunista e capitalista exemplificando coa selección de feitos que durante este período afectan ás dúas grandes superpotencias: URSS e Estados Unidos.	Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficas. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CAA • CSC • CSIEE
BLOQUE 8	A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA		
A URSS e as democracias populares	Describir a situación da URSS a finais do século xx, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica.	Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os diferentes países formados tras a caída do muro de Berlín. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSC • CSIEE
A irrupción de Mikhail Gorbachov. <i>Perestroika</i> e <i>Glasnost</i>	Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á "Perestroika" e á "Glasnost" e resaltando as súas influencias.	Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.	
A desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas repúblicas exsoviéticas.	Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas.	Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI-Federación Rusa.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CSC • CSIEE
A caída do muro de Berlín e a evolución dos países de Europa Central e Oriental.	Explicar a caída do muro de Berlín nomeando as súas repercusións nos países de Europa Central e Oriental.	Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE
	Obter e seleccionar información de diversas fontes (bibliográficas, Internet) que expliquen os diversos feitos que determinan a crise do bloque comunista.	Realiza unha procura guiada en Internet para explicar de xeito razoado a disolución do bloque comunista.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSC • CSIEE
BLOQUE 9	O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX		
Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do séculoxx: O Estado do Benestar.	Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século xx establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos.	Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século xx.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE

Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90.	Describir o Estado do Benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá.	Identifica razonadamente as características e símbolos do Estado do Benestar.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CSIEE
O proceso de construción da Unión Europea: das Comunidades Europeas á Unión. Obxectivos e Institucións.	Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución.	Elabora eixos cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
	Coñecer os obxectivos que persegue a Unión Europea en relación coas Institucións que compoñen a súa estrutura.	Relaciona razoadamente as Institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.	
Xapón e os novos países asiáticos industrializados.	Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural.	Establece razoadamente as características e símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
	Obter e seleccionar información de diversas fontes (bibliográficas, Internet) que expliquen os diversos feitos que determinan o mundo capitalista.	Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSC • CSIEE
CONTIDOS DA UNIDADE			
BLOQUE 6 <ul style="list-style-type: none"> • A evolución dos bloques capitalista e comunista. • Explicación das fases da evolución do bloque capitalista: expansión e crise económica. BLOQUE 8 <ul style="list-style-type: none"> • A URSS. • As democracias populares en Europa oriental. • China, outro xigante comunista. • A expansión do comunismo por Asia e África. • O derrubamento do bloque comunista. • Descrición da evolución da URSS ata a morte de Breznev. • Análise da instauración do modelo comunista e a súa economía nas democracias populares de Europa oriental. • Explicación da crise das economías comunistas do leste de Europa • Identificación de China como a outra gran potencia comunista. • Descrición da expansión do comunismo por Asia e África • Análise do proceso de caída do bloque comunista desde o inicio do goberno de Gorbachov ata 1989. 		BLOQUE 9 <ul style="list-style-type: none"> • A evolución do bloque capitalista. • Estados Unidos. • A evolución de Europa occidental. • O marco asiático do capitalismo. • Explicación das fases da evolución do bloque capitalista: expansión e crise económica. • Análise da evolución económica dos Estados Unidos. • Identificación da política exterior de Estados Unidos e do seu papel de líder mundial. • Recoñecemento do Plan Marshall como motor da reconstrución de Europa occidental. • Descrición do proceso de unidade europea e dos obxectivos da Unión Europea. • Recoñecemento do Estado de benestar como o maior logro do capitalismo. • Identificación das singularidades do capitalismo en Xapón e outros países industriais asiáticos. 	
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas. • Describe o crecemento da economía entre 1950 e 1970. • Analiza as causas das crises dos anos setenta e oitenta do século xx. • Explica as diferenzas entre o modelo capitalista e o modelo comunista. • Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficas. • Identifica os países da Europa occidental. • Identifica os países capitalistas do Pacífico asiático. • Identifica a expansión do comunismo por Europa, Asia e África. • Analiza da expansión do comunismo por Asia e África. 		

	<ul style="list-style-type: none"> • Explica os trazos principais do socialismo africano e asiático. • Identifica a China como o outro xigante comunista. • Recoñece e valora a importancia da Revolución Cultural como o modelo diferenciador do comunismo chinés • Explica a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas. • Explica a orixe das tensións nacionalistas na URSS e a solución proposta por Gorbachov. • Define o concepto de <i>nomenklatura</i>. • Explica as condicións de vida do soviético medio. • Analiza a situación económica da URSS. • Describe as características da economía planificada. • Explica o proceso de desestalinización. • Valora a transformación da URSS tras a morte de Stalin. • Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas a través de mapas. • Valora a situación actual dos países comunistas. • Obtén e selecciona información para explicar os diversos feitos que determinan a crise do bloque comunista • Identifica as causas do crecemento económico estadounidense dos anos cincuenta e sesenta. • Explica o proceso polo que Estados Unidos se converte en líder do mundo occidental. • Identifica os países beneficiados polo Plan Marshall. • Analiza a contestación social que se produciu en Europa occidental nos anos sesenta. • Identifica medidas económicas que se adoptaron para loitar contra a crise dos 70. • Define que é o Estado de benestar. • Identifica e describe os trazos xerais do Estado de benestar e as modificacións que ha ir experimentando. • Describe o proceso de ampliación europea. • Explica os obxectivos da CEE. • Valora a importancia de cada un dos pasos na creación da Unión Europea. • Sitúa nun mapa aos países membros da Unión Europea. • Identifica a función das institucións da Unión Europea. • Define que son as «Sogo Shoshas» e o milagre xaponés. • Compara as causas do crecemento económico de Xapón co dos outros países asiáticos. • Analiza as relacións comerciais de Xapón co resto do mundo. • Identifica o Pacífico asiático como unha zona económica emerxente. • Explica as diferenzas entre o modelo capitalista e o modelo comunista a partir da análise de documentos e da procura de información en diversas fontes.
--	---

BLOQUE 7

DESCOLONIZACIÓN E TERCEIRO MUNDO

UNIDADE 14

DESCOLONIZACIÓN E TERCEIRO MUNDO

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas semanas de abril, primeira semana de maio</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Orixes causas e factores da descolonización	Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización establecendo as causas e factores que explican o proceso.	Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CD • CAA • CSC • CSIEE
Desenvolvemento do proceso descolonizador. O papel da ONU	Describir as etapas e consecuencias do proceso descolonizador e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso	Estabelece de forma razoada as distintas causas e feitos factores que desencadean e explican o proceso descolonización	
	Definir o papel da ONU na descolonización analizando información que demostre as súas actuacións	Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.	
O Terceiro Mundo e o Movemento de Países Non Aliados: problemas dos países do Terceiro Mundo.	Analizar o subdesenvolvemento do Terceiro Mundo e establecer as causas que o explican.	Analiza as características dos países do Terceiro Mundo a partir de gráficas.	
As relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos, o nacemento da axuda internacional.	Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques.	Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.	
	Obter e seleccionar información de fontes primarias ou secundarias, analizando a súa credibilidade e considerando a presentación gráfica ou escrita.	Localiza nun mapa os países do Terceiro Mundo	
		Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliados e dos países subdesenvolvidos.	
	Ordenar cronoloxicamente os principais feitos que interveñen no proceso descolonizador e describir as súas consecuencias a partir de distintas fontes de información, en liña ou bibliográficas.	Elabora liñas do tempo que interrelacionen feitos políticos, económicos e sociais dos países capitalistas, comunistas e do Terceiro Mundo.	
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • Concepto e causas da descolonización. • Etapas do proceso descolonizador. • A descolonización de Asia. • Oriente Próximo e o Magreb. • A independencia do África subsahariana. • A herdanza colonial. • Análise das orixes do proceso de descolonización (impacto da II Guerra Mundial, rendibilidade dos imperios, Conferencia de Bandung, etc.). • Identificación das distintas etapas que seguiu o proceso de 		<ul style="list-style-type: none"> • Análise da descolonización das colonias de Asia. • Descrición do proceso descolonizador nas rexións de Oriente Próximo e o Magreb. • Análise da creación do Estado de Israel e os conflitos aparelados a ela. • Recoñecemento dos trazos da independencia do África subsahariana por parte das nacións europeas (Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Portugal). • Análise e valoración das consecuencias do proceso descolonizador (pobreza, conflictividade. Inestabilidade, desigualdade). 	

descolonización.	
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Localiza en diversos mapas as zonas e países afectados pola descolonización e os seus conflitos • Establece das causas que desencadean o proceso descolonización. • Explica as fases da descolonización e a que zonas afectou cada unha. • Define conceptos como descolonización, non aliñación e antiimperialismo. • Analiza e valora as posturas da URSS e Estados Unidos sobre a descolonización. • Explica a influencia das ideoloxías indigenistas no proceso. • Compara os procesos de descolonización da India e de Indonesia. • Compara a revolución exipcia de Nasser coa islámica de Irán. • Compara a descolonización de Marrocos e Alxeria. • Compara o proceso descolonizador das colonias francesas e as colonias británicas en África. • Sinala as diferenzas entre Irán e os procesos de independencia en Asia. • Analiza e describe as características dos países do Terceiro Mundo a partir de gráficas e diversos textos. • Analiza o papel da ONU na descolonización. • Identifica os termos Norte-Sur, subdesenvolvemento, terceiro mundo, intercambio desigual, neocolonialismo coas relacións entre países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento. • Enumera os principais problemas dos países do terceiro mundo. • Explica as causas e as características do subdesenvolvemento. • Analiza a orixe dos conflitos internos que padecen estes países. • Localiza a través do uso de mapas os Países do Terceiro Mundo. • Analiza textos e imaxes relacionados coa Conferencia de Bandung pola que se crea o Movemento de Países Non Aliñados. • Analiza os principais feitos que interveñen no proceso descolonizador e describe as súas consecuencias a partir de distintas fontes de información, en liña ou bibliográficas.

BLOQUE 4	A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL
BLOQUE 5	O PERÍODO DE ENTREGUERRAS. A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUCIÓNS
BLOQUE 6	EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRONTAMENTOS
BLOQUE 9	O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX
BLOQUE 10	O MUNDO ACTUAL DESDE UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA
UNIDADE 15	AMÉRICA NO SÉCULO XX

<i>Temporalización</i>	<i>Tres semanas de maio</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
BLOQUE 4	A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL		
Evolución dos principais Estados de Europa, América e Asia: os Estados Unidos desde a Guerra de Secesión ata comezos do século XX	Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e Estados Unidos a finais do século XIX presentando información que explique tales feitos	Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, Imperio Austrohúngaro, Rusia, Estados Unidos e Xapón	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
BLOQUE 5	O PERÍODO DE ENTREGUERRAS. A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUCIÓNS		
Estados Unidos e a crise de 1929: la Gran Depresión e o New Deal.	Explicar a Gran Depresión describindo os factores desencadeantes e as súas influencias na vida cotiá.	Interpreta imaxes da Gran Depresión	
BLOQUE 6	EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRONTAMENTOS		
Estados Unidos e a URSS como modelos. As dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á Coexistencia Pacífica e a Distensión.	Interpretar a Guerra Fría, a Coexistencia Pacífica e a Distensión e as súas consecuencias establecendo acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais.	Selecciona símbolos e imaxes que se identifican co mundo capitalista e o mundo comunista	
BLOQUE 9	O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX		
Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90	Describir a evolución política, social e económica de Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinarios do Estado do Benestar.	Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico de Estados Unidos desde os anos 60 aos 90.	
BLOQUE 10	O MUNDO ACTUAL DESDE UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA		
Hispanoamérica: situación actual	Analizar a evolución política, económica, social e cultural de Hispanoamérica.	Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual.	
CONTIDOS DA UNIDADE			
BLOQUE 4		BLOQUE 9	
<ul style="list-style-type: none"> • Estados Unidos, potencia hemisférica (1898-1929). • América Latina na época dos radicalismos (1900-1929). • Recoñecemento do soño imperial de Estados Unidos. • Explicación da posición dos Estados Unidos ante a I Guerra Mundial. • Identificación das políticas de Estados Unidos durante os anos vinte do século XX. • Análise da situación de América Latina nas primeiras décadas século XX. 		<ul style="list-style-type: none"> • Guerra Fría e hexemonía: Estados Unidos de Kennedy a Clinton (1960-2000). • Análise da política da «Nova Fronteira». • Recoñecemento da loita polos dereitos civís do goberno do presidente Kennedy. • Descrición dos cambios sociais na era conservadora. • Recoñecemento do final da Guerra Fría e da hexemonía estadounidense. 	

<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento do intervencionismo estadounidense en América Latina. • Descrición das políticas oligárquicas e radicais en América Latina. <p>BLOQUE 5</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estados Unidos: do crac de 1929 á Guerra Fría (1929-1960). • Identificación do <i>NewDeal</i> de Roosevelt como o instrumento para facer fronte á Gran Depresión. • Análise da participación de Estados Unidos na II Guerra Mundial e as súas consecuencias. <p>BLOQUE 6</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estados Unidos: do crac de 1929 á Guerra Fría (1929-1960). • América Latina: populismo, ditaduras e revolución (1929-1960). • Recoñecemento da política interior da Guerra Fría como ferramenta de contención do comunismo. • Identificación da resposta dos países de América Latina á crise e os efectos da Gran Depresión: populismos, ditaduras e revolucións. • Recoñecemento da posición de América Latina ante a Segunda Guerra Mundial e a Guerra Fría. 	<p>BLOQUE 10</p> <ul style="list-style-type: none"> • Revolución e democratización en América Latina (1960-2000). • Identificación da Revolución cubana e recoñecemento da súa influencia. • Descrición dos movementos golpistas e revolucionarios en América Latina. • Análise da ditadura chilena e o seu reflexo noutras novas ditaduras. • Recoñecemento da evolución das formas de goberno de América Latina cara á democracia.
<p>INDICADORES DE LOGRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece conceptos como estado libre asociado, WASP, <i>red scare</i>, Lei Keating-Owen, Lei sobre Cotas de Urxencia, «lei seca». • Explica os intereses de Estados Unidos na construción do Canal de Panamá e a que países afectou negativamente. • Analiza a intervención de Estados Unidos na Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias. • Valora o significado dos «felices anos vinte». • Explica as características económicas e políticas dos anos 20 do século xx. • Define conceptos como intervencionismo, república <i>bananeira</i>, modelo oligárquico. • Explica os trazos do radicalismo. • Analiza a política de Estados Unidos en América Central no primeiro terzo do século xx. • Valora o crecemento das economías latinoamericanas a comezos do século xx. • Recoñece o discurso do <i>NewDeal</i> como unha das pezas básicas da historia de Estados Unidos no século xx. • Define termos como segregación racial, «caza de bruxas», <i>Fair Deal</i>. • Compara as políticas de Hoover e Roosevelt para facer fronte á Gran Depresión. • Analiza o problema da desigualdade racial en Estados Unidos. • Explica o modelo de vida americano, as súas características e a súa imitación en Europa tras a guerra. • Comenta a evolución das exportacións dos países de América Latina e como incidiu nelas a Gran Depresión. • Identifica o tipo de industrias que se desenvolveron nalgúns países de América Latina tras a crise de 1929. • Recoñece termos como política de substitución de importacións, militarismo, xusticialismo, gobernos progresistas, populismo. • Explica como afectou a Gran Depresión á estabilidade política de América Latina. • Analiza a actitude dos países latinoamericanos ante a II Guerra Mundial. • Recoñece os líderes populistas e ditadores de América Latina. • Recoñece as razóns do fracaso da Alianza para o Progreso. • Explica as principais reivindicacións do <i>Black Power</i>.

	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece a política do presidente Reagan respecto a URSS. • Explica a política exterior de Estados Unidos respecto a antiga Iugoslavia durante o mandato de Clinton. • Recoñece conceptos como hexemonía, illacionismo, <i>neoon</i> ou Nova Dereita, <i>Impeachment</i>, «Contra». • Explica como variou a política de Estados Unidos respecto Latinoamérica neste período. • Compara as diferenzas en política exterior e en política social de republicanos e demócratas. • Valora a loita polos dereitos civís en Estados Unidos e analiza os seus resultados. • Explica que foi e que fixo a Fronte Sandinista. • Recoñece acontecementos históricos relacionados coa axitación revolucionaria en América Latina. • Identifica as Guerrillas suramericanas e recoñece se algunha está activa e se existen conflitos abertos. • Define conceptos como castrismo, antiimperialismo, teoloxía da liberación, golpismo. • Explica o proceso que deu lugar ao triunfo da Revolución cubana en 1959 e a súa evolución ata hoxe. • Analiza a política represiva das novas ditaduras militares latinoamericanas da década de 1970. • Enumera os factores que favoreceron as transicións democráticas en América Latina.
--	--

BLOQUE 10
UNIDADE 16

O MUNDO ACTUAL DESDE UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA
GLOBALIZACIÓN, CRISE E CAMBIOS SOCIOCULTURAIS

<i>Temporalización</i>	<i>Dúas semanas de xuño</i>		
<i>OBXECTIVOS</i>	<i>A, b, d, e, g, h, l, m, n</i>		
CONTIDOS CURRICULARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
A caída do muro de Berlín e os atentados de Nova York: a globalización e os medios de comunicación. A ameaza terrorista nun mundo globalizado. O impacto científico e tecnolóxico.	Analizar as características da globalización describindo a influencia que sobre este fenómeno teñen os medios de comunicación e o impacto que os medios científicos e tecnolóxicos teñen na sociedade actual.	Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CD • CAA • CSC • CSIEE
	Enumerar os trazos relevantes da sociedade norteamericana a comezos do século XXI distinguindo a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país.	Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.	
	Obter e seleccionar información de diversas fontes (bibliográficas, Internet) que expliquen os diversos feitos que determinan o mundo actual	Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas.	
CONTIDOS DA UNIDADE			
<ul style="list-style-type: none"> • A globalización e os seus efectos. • A crise económica mundial. • Os cambios políticos, sociais e culturais e científicos. • Recoñecemento das características da economía global. • Identificación das orixes e factores da globalización. • Explicación da posición dos Estados ante a globalización e dos movementos antiglobalización. 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da crise económica mundial: xestación, estalido e fases da crise. • Identificación das políticas económicas para combater a crise. • Descrición das consecuencias da crise, • Análise e valoración dos cambios políticos, sociais, culturais e científicos da sociedade actual. 		
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza gráficos para coñecer os efectos da globalización. • Compara os trazos da globalización económica coa dos movementos antiglobalización. • Valora a deslocalización empresarial. • Analiza textos e gráficos que explican a crise económica mundial. • Explica as causas da crise de 2007. • Compara as políticas económicas empregadas para saír da crise en Estados Unidos e en Europa. • Valora as consecuencias sociais e políticas da crise. • Explica as razóns da aparición da inmigración ilegal e valora o crecente respecto os dereitos humanos. • Analiza os principais trazos da sociedade postindustrial. • Analiza o impacto de internet sobre a sociedade e a cultura actuais. • Explica que é a globalización, a súa orixe e os factores que a favorecen. • Elabora un esquema sobre a recesión económica actual. • Identifica cales son as principais exportacións chinesas. • Compara a imaxe dunha multinacional tecnolóxica coa dunha pequena tenda de informática e extrae conclusións sobre a globalización. • Valora o feito de que o Fondo Monetario Internacional poida decidir a política económica dun Estado. • Analiza imaxes de protestas e extrae as causas e as reivindicacións que as motivan. 		

	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica a causa polas que a xente arrisca a vida nas migracións. • Investiga a aparición de partidos de extrema dereita como Amencer Dourado. • Identifica o sector máis importante da sociedade postindustrial. • Analiza a aparición da cadea Al Jazira. • Analiza as vantaxes e os inconvenientes das novas tecnoloxías. • Analiza a situación da muller e o problema do maltrato ás mulleres. • Valora a situación da muller no mundo e os problemas aos que se enfrenta a partir da análise de textos e imaxes. • Elabora un breve informe sobre a crise de 2007 a partir de información obtida de diversas fontes. • Analiza a existencia de internet e as súas vantaxes e inconvenientes consultando diversos textos e extraendo as súas propias conclusións
--	--

Criterios de Cualificación

Os criterios de cualificación que se están a aplicar polo profesorado deste Departamento de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato son os seguintes:

- 1) Os contidos conceptuais e o rigor na expresión conceptual se avalían mediante exames convencionais parciais por cada avaliación, e computan un 70% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 2) Os contidos procedimentais se avalían mediante traballos complementarios individuais e de grupo e que computan un 15% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 3) Os contidos actitudinais se avalían mediante debates, intervencións dos alumnos nas tarefas de clase, desenvolvemento de temas transversais, etc. no día a día na aula, e computan un 15% nas notas das tres avaliacións e na nota final.

Actividades e reforzos para lograr a recuperación

En canto ás Actividades de Recuperación, a avaliación que se practica nas disciplinas de Bacharelato é a modalidade de avaliación continua, o que presupón que os contidos de cada avaliación computan na avaliación seguinte, tanto a efectos de contidos esixibles como a efectos de cualificación. Isto implica que un exame aprobado valía o anterior, o que en si mesmo constitúe unha actividade de recuperación.

Pero ademais haberá exames de recuperación que seguirán as pautas marcadas nos capítulos Estándares de aprendizaxe, criterios de logro e Criterios de cualificación, aínda que neste caso só entrarán nos exames os contidos mínimos esixibles, que son os que constan como tales nos diferentes cadros dos temas.

Haberá, como mínimo, un exame de recuperación por cada avaliación.

En canto ós Reforzos para lograr a Recuperación, o profesorado da materia de Hª do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato, asiduamente fai prácticas na aula de exercicios de comentarios históricos, e así mesmo encomenda a realización de tales exercicios para o seu tempo libre, prácticas que logo teñen o seu reflexo nas probas de exame, e na avaliación e cualificación de contidos procedimentais.

Materiais e recursos didácticos.

Libro de texto: VV.AA.: Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato.

Editorial Santillana. Complementado con material documental doutros libros de texto como o de Vicens Vives

Mapas murais históricos da Editorial Vicens Vives:

*Europa no século XIX.

*África na época dos imperialismos.

*Asia na época dos imperialismos.

*Europa trala Primeira Guerra Mundial.

*A Segunda Guerra Mundial.

*A Europa trala Segunda Guerra Mundial

Comentarios de texto tomados do propio libro de texto, e dos libros:

* BAAMONDE, A.- VILLARES, R.: El Mundo Contemporáneo, siglos XIX y XX.

Editorial Taurus.

* BAAMONDE, A.-VILLARES, R.: Hª do mundo contemporáneo. Santillana.

* ARTOLA, Miguel: "Textos fundamentais para la Historia". Alianza Universidad

Textos.

* LÓPEZ CORDÓN MªV.-MARTÍNEZ CARRERAS, J.U.: Análisis y comentarios de

textos históricos II. Edad Moderna y Contemporánea. Alhambra Universidad.

Material Audiovisual

Series sobre a Revolución Francesa, producida por TF1

A serie Apocalipse sobre a II Guerra Mundial

E diversos documentais.

Programación de temas transversais

De conformidade cunha intención integradora e globalizadora descríbese brevemente o xeito en que se incorporaron as diferentes áreas transversais ao currículo da Historia do Mundo Contemporáneo:

EDUCACIÓN PARA A PAZ.

- Delimitar o concepto de paz mais alá da visión occidental herdada do termo "*pax romana*" (ausencia de conflitos bélicos entre Estados), considerando non como antítese da guerra, senón como termo oposto ao de violencia, onde a guerra sisería unha forma de violencia organizada.
- Delimitar o concepto de conflito, lonxe da súa identificación con algo negativo e violento, para consideralo como un proceso natural e consubstancial coa coexistencia humana en sociedade.
- Analizar conflitos sociais, reparando nos seus compoñentes básicos (persoas, procesos e problemas ou diferenzas esenciais) e relacionalos co seu contexto temporal e espacial.
- Desenvolver as capacidades de toma de decisións e de resolución non violenta de conflitos, para axudar no desenvolvemento de condutas prosociais.
- Comprender a interdependencia mundial entre os países e a mundialización dos problemas sociais, para reparar na súa complexidade.
- Coñecer o contido básico da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a súa historia e a súa razón de ser na sociedade actual.
- Formar unha identidade universal desde o respecto e a afirmación da diferenza de etnias e culturas.

- Desenvolver a solidariedade entre os pobos, ao traveso do estudio e valoración dos desequilibrios socioculturais e económicos entre os Estados, con atención especial situación do Terceiro Mundo.
- Coñecer as bases do sistema democrático e as súas características concretas, através da análise da Constitución vixente.
- Desenvolver competencias dialogantes que predispoñen ao acordo xusto e participación democrática.
- Tomar decisións ante un conflito, tendo en conta os puntos de vista e as necesidades de todos os implicados.
- Desenvolver na vida cotiá comportamentos coherentes cos principios e as normas que defenderon persoalmente.

Trátanse estes apartados en todas as unidades do programa de xeito intenso.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E A CALIDADE DE VIDA. EDUCACIÓN SEXUAL.

- Considerar a saúde como estado de benestar xeral (físico, psíquico e social) ao que todo ser humano ten dereito a aspirar para poder gozar dunha mellor calidade de vida.
- Coñecer, desde unha perspectiva histórica e xeográfica, a ampla gama de hábitos culturais relacionados coa alimentación, a hixiene, as enfermidades; así como a evolución que se pode observar ao longo da historia da humanidade.
- Coñecer as consecuencias individuais e colectivas de hábitos alimenticios inadecuados, costumes desfavorables para conservar un bo estado de saúde e erexitar pautas de comportamento que non conduzan a adquisición dun benestar xeral.
- Considerar a sexualidade na súa dimensión biolóxica, emocional e social, apreciando os papeis sexuais feminino e masculino no exercicio da sexualidade como actividade de plena comunicación entre as persoas.
- Reflexionar sobre os propios hábitos e aplicar na propia vida cotiá e no contorno familiar e comunitario os hábitos culturais que potencien unha mellor saúde e calidade de vida.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS.

- Comprender a diferenza entre sexo e xénero; o primeiro como categoría biolóxica e o segundo como construción sociocultural que define as diferenzas emocionais e intelectuais, os comportamentos e os papeis masculinos e femininos que cada sociedade asigna a mulleres e homes.
 - Estudiar os fenómenos e procesos sociais, incorporando a economía doméstica e a historia do papel da muller e incluír o feminismo entre os proxectos éticos contemporáneos.
 - Recoñecer os trazos sexistas que se atopan nas interpretacións dos feitos sociais na mesma documentación.
 - Incorporar nos seus traballos unha visión non sexista e adoptar actitudes na vida escolar, familiar e social que favorezan a igualdade de oportunidades entre os sexos.
- Abórdanse estes temas en todas as unidades.

EDUCACIÓN AMBIENTAL.

- Comprender o medio natural como sistema e reparar na importancia da interrelación e mutua dependencia dos elementos, tanto naturais como antrópicos.

- Adquirir un dominio das escalas temporais e espaciais suficientemente amplo como para poder tomar conciencia das consecuencias a curto e longo prazo de calquera intervención no medio.
- Afondar no coñecemento do medio, facendo especial, énfase nas nocións de enerxía, equilibrio, crecemento, economía, orde, cooperación, etc.
- Analizar as manifestacións da intervención humana desde o punto de vista da súa incidencia no medio natural.
- Adquirir unha visión histórica da evolución da actividade antrópica e da súa repercusión ambiental, especialmente ligada á obtención e xestión da enerxía.
- Analizar os problemas ambientais baixo un esquema multifactorial e contextualizado, evitando interpretacións excesivamente xeralizadas e posicións dogmáticas.
- Abordar problemas referidos ao contorno e formular posibles estratexias de solución.
- Saber desenvolver estudos ambientais mediante a obtención, selección, tratamento e comunicación axeitada da información.
- Adoptar na súa vida cotiá actitudes coherentes coa defensa do medio natural.
- Defender a necesidade de cooperación social en relación á xestión ambiental, no ámbito local, nacional e internacional, e adoptar unha actitude de colaboración activa.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR.

- Adquirir conciencia de consumidor e actuar en consecuencia, coñecendo os seus dereitos e responsabilidades.
- Coñecer a existencia e o contido básico da lei para a defensa dos consumidores e usuarios.
- Desenvolver habilidades para a toma de decisións e actuar como consumidores responsables. Esixir a fabricación de produtos cada vez máis duradeiros, menos contaminantes e de doada reciclaxe.
- Confeccionar orzamentos e elaborar estratexias en función dos presupostos que favorezan o aforro e a xestión máis axeitada dos recursos no ámbito familiar, local, autonómico e estatal.

EDUCACIÓN PARA O LECER.

- Comprender o lecer desde unha perspectiva histórica como unha conquista social que se deriva da diminución da xornada laboral e a disposición de tempo libre.
- Potenciar na vida cotiá o acceso aos mundos da información: cine, vídeo, libros, multimedia... proporcionando ao individuo unha panorámica máis ampla do mundo no que se vive.
- Reflexionar e actuar no noso tempo de lecer respectando o medio natural e social no que se vive.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA.

- Considerar os códigos éticos máis alá dun código normativo social ou relixioso e advertir a necesidade de elaborar criterios morais propios, razoados, solidarios e non suxeitos a simples esixencias externas.
- Desenvolver estruturas universais de xuízo moral que permitan a adopción de principios como a xustiza e a solidariedade.
- Coñecer os sistemas éticos e morais máis relevantes da actualidade e do pasado, que teñen unha incidencia na sociedade actual.

- Recoñecer nos dilemas actuais da humanidade a súa razón ética e moral.
- Analizar conflitos e valores e elaborar solucións baseadas no diálogo e no respecto.
- Discutir dilemas morais, empregando razoamentos que estean abertos ao diálogo e aceptación doutros puntos de vista.

Actividades complementarias e extraescolares

Chegarase a acordos coa Comisión Pedagóxica.

Criterios de Promoción.

Non existen ou non se coñecen criterios de promoción por materia, senón por curso, e por esa razón se aplicarán os criterios xerais que marca a Lei para cada curso de Bacharelato, criterios que terán que ser aplicados en todo caso pola Xuntas de Avaliación de cada curso.

2º CURSO DE BACHARELATO. HISTORIA DE ESPAÑA

Introdución

Como punto de partida debemos ter conta de que a programación desta disciplina de 2º curso de Bacharelato, que ha de ser obxecto de exame de selectividade, segue a filosofía das orientacións do Grupo de Traballo de Historia da CIUG.

A Historia constitúe un campo especialmente propicio para a educación porque facilita notablemente a inserción activa dos individuos na sociedade da que forman parte. En primeiro lugar, porque se trata dunha materia moi axeitada para a reflexión da propia sociedade na que se vive e, por tanto, axuda a desenvolver actitudes intelectuais e socialmente tolerantes. En segundo lugar, porque entre os contidos desta materia se inclúen o análise da multiplicidade dos factores que interveñen nunha realidade humana, o cambio permanente e a irrepeticibilidade dos feitos históricos, o que permite exercer facultades que axudan a adquirir certas habilidades cognitivas e a consolidar unha madureza persoal que facilita actuar de forma responsable e autónoma.

Entre os retos que afronta o sistema educativo a comezos do novo milenio ocupa un lugar preferente o de conciliar as necesidades de formación dos xoves no uso das novas tecnoloxías coa práctica dos valores esenciais do humanismo. Só a harmonización no currículo da ciencia, técnica e humanismo pode contribuír á formación de cidadáns responsables e conscientes dos seus dereitos e deberes coa sociedade e á defensa dos valores democráticos e dos dereitos humanos fronte á intolerancia.

Dentro das ciencias humanas, a Historia ocupa un lugar particularmente vertebrador, que a converte no eixe ordenador do pensamento e, xa que logo, é especialmente útil para proporcionar uns sólidos alicerces sobre os que edificar a comprensión do conxunto das disciplinas vinculadas á actividade humana. Este alto valor formativo esixe que a presenza desta materia nos plans de estudio dos novos Bacharelatos estea suficientemente garantida nuns intres nos que os fondos cambios que experimentan as modernas sociedades, acelerados polas novas tecnoloxías, poidesen ir en detrimento da formación integral dos alumnos.

O ensino da Historia resulta esencial para a conservación da nosa mentalidade colectiva, polo que tamén debe proporcionar-las coñecementos sobre o pasado que axuden á comprensión crítica do presente, o tempo que fomenta o desenvolvemento dunha serie de capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, como a observación, o análise, a interpretación, a capacidade de comprensión empática, o exercicio da memoria comprensiva e o sentido crítico, aspectos que deben ser desenvolvidos cos procedementos axeitados.

Obxectivos xerais

Con respecto aos obxectivos xerais do Bacharelato, a materia de Historia de España debe contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a nondiscriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- j. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- o. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- p. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

Programación de Hª de España. Contidos e temporalización

Contidos conceptuais e temporalización.

A familiarización do alumnado cunha concepción xeral da natureza evolutiva e dexénese, que é a propia da Historia, parece a forma máis adecuada para comprendelaorixe e as características do mundo actual.

A inclusión de procedementos propios do traballo do historiador e de actitudes desolidariedade e tolerancia que permitan ó alumnado analizar e valorar de maneiraautónoma as informacións relevantes sobre o pasado e argumentar de forma crítica eindagadora sobre as realidades da España e a Galicia de hoxe, participandosolidariamente dos seus problemas.O tratamento equilibrado das principais dimensións do proceso histórico total,favorecerá que os aspectos socioeconómicos no sexan infraconsiderados enbeneficio dos políticos e ideolóxico-culturais. Ademais a visión da historia política deEspaña que estará baseada tanto no acontecer dos órganos centrais do Estado,como na historia da periferia e, dentro dela, darase á cuestión nacional unha atenciónproporcionada á importancia real que tivo na dinámica política española.

A inclusión sempre que a súa especificidade o esixa, da Historia de Galicia e a súa interrelación coa do conxunto de España, xa sexa no socioeconómico, xa sexa no político.

Temporalización e contidos da 1ª Avaliación

Desenvolveranse estes contidosentre os meses de Setembro e Decembro, nos que se fará un estudio panorámico daHistoria de España ata finais do século XVIII, para nos trimestres seguintes abordarun estudio pormenorizado da época contemporánea. Os principais contidos da 1ªavaliación serán os seguintes:

1. Hispania e Gallaecia na antigüidade				
Temp: 5 sesións				
 8. Recoñecer, situar no tempo e describir manifestacións relevantes da cultura española, analizando as súas relacións co contexto histórico e ponderando a súa aportación á cultura humana universal. Os alumnos saberán citar e glosar, con precisión cronolóxica, manifestacións culturais de diverso tipo (literarias, artísticas, científicas), explicando a súa relación coa situación histórica na que foron creadas, e valorando os elementos de cosmopolitismo, de diversidade e de peculiaridade da cultura española.
 9. Obter, de fontes diversas, información sobre o pasado, valorar a súa relevancia e detectar a súa relación cos coñecementos adquiridos, recoñecendo a pluralidade de percepcións e interpretacións dunha mesma realidade histórica. Non se trata só de que os alumnos analicen, con algunha sagacidade e sentido crítico, fragmentos de fontes documentais ou de textos historiográficos propostos polo profesor ou profesora, senón de que sexan capaces de obter e valorar eles mesmos informacións relevantes sobre o pasado (por exemplo, a través de testemuñas orais, documentos ou obxectos relativos á vida cotiá, edificios e outros aspectos do contorno urbano), e de que perciban a relación que estes gardan coa historia máis formalizada que estudan na clase. A través disto, os alumnos deben asumir que unha mesma realidade histórica pode ser, non só interpretada, senón tamén percibida de moi diversas maneiras.
 10. Comprender que os costumes, as tradicións, as crenzas, a arte e a historia de Galicia son características culturais que definen unha identidade colectiva e que configuran unha forma de ser diferente doutras comunidades. Trátase de verificar que os alumnos son capaces de identifica-los aspectos culturais, sen que iso signifique creación de fronteiras, nun amplo abano que vai desde as festas populares ata as leis e institucións, aplicando elementos de análise historiográfico a aspectos da vida cotiá.

Estes criterios aplicaranse en probas similares ás que son habituais nas probas deselexividade da CIUG: composición de texto histórico a partir de varios textos que conteñen unha ou varias ideas para o seu desenvolvemento, con unha Opción A e outra B. Nestes exames rexen os principios da avaliación continua en canto acontidos e tamén en canto á validez das cualificacións.

Criterios de Cualificación

Segundo as indicacións do Grupo de Traballo de Historia da CIUG, os Criterios de Cualificación, que eles denominan Criterios de Corrección, se desenvolveran en dous planos:

- Como criterio xeral de corrección "terase en conta a suxeición ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas".
- En canto ós contidos tratados na redacción e referidos ós exercicios presentados nas Opcións A e B, valorarase a correcta selección de contidos ou ideas expresadas nos textos, a correcta referencia documental, e o desenvolvemento desas ideas atendendo ó principio de pertinencia do que se escribe en relación co mencionados textos, e o análise e explicación das mesmas.

Nas indicacións dos criterios de corrección do Grupo de Traballo da CIUG non se fai mención expresa á valoración de cada un destes capítulos, e no noso caso asignámoslle ó primeiro deles un 30% da nota de cada exame, e ós contidos un 70%.

Na cualificación total da avaliación o valor da nota dos exames será un 90% e un 10% o da participación nas actividades.

A nota mínima para acceder á media de cualificación debe ser un 3.

Actividades para superar as materias pendentes.

En canto á avaliación do alumnado coa materia de Hª do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato pendente, os obxectivos, criterios de avaliación e contidos mínimos a superar son os xa mencionados nos capítulos correspondentes de 1º de Bacharelato.

Materiais e recursos didácticos.

Libro de texto: VILLARES, R.: Historia de España de 2º de Bacharelato. Editorial Baía.

Comentarios de texto tomados do propio libro de texto, e dos libros:

- BAAMONDE, A.- VILLARES, R.: El Mundo Contemporáneo, siglos XIX y XX. Editorial Taurus.
- ARTOLA, Miguel: "Textos fundamentales para la Historia". Alianza Universidad Textos.
- LÓPEZ CRODÓN MªV.-MARTÍNEZ CARRERAS, J.U.: Análisis y comentarios de textos históricos II. Edad Moderna y Contemporánea. Alhambra Universidad.

Vídeos: Hª de España. VHF Multimedia

Prensa Diaria.

Bibliografía:

1. Se proporcionará ó alumnado unha bibliografía específica para cada un dos temas desenvolvidos.

2. Utilizarase os recursos de Internet para que os alumnos fagan una biografía dos personaxes mais relevantes de cada período histórico, que deberán presentar enfichas e telos a man en cada tema correspondente.

Actividades complementarias e extraescolares.

* Visita ás exposicións da Sá de Exposicións de Caixanova, no Edificio García Barbón de Vigo.

* Visita ás exposicións de pintura, da Sá de Exposicións de Caixa Galicia na Rúa do Villar.

Criterios de Promoción.

Non existen ou non se coñecen criterios de promoción por materia, senón por curso, e por esa razón se aplicarán os criterios xerais que marca a Lei para cada curso de Bacharelato, criterios que terán que ser aplicados en todo caso pola Xuntas de Avaliación de cada curso.

2º CURSO DE BACHARELATO. XEOGRAFÍA DE ESPAÑA

Introdución

A complexidade do medio no que vivimos percíbemola con certos niveis de organización que é debida á interacción entre o ser humano e a natureza. A comprensión desta organización é indispensable para poder intervir nela ou para contribuír á súa mellora. O espazo percíbese, analízase, explícase e comunícase en virtude de diferentes aspectos persoais e colectivos, ou sexa sociais, e duns conceptos determinados que proveñen dunha teoría que se foi consolidando ó longo dos séculos como científica e que facilita a apreensión da realidade socio-espacial en diferentes marcos territoriais.

Cómpre que no Bacharelato os alumnos e as alumnas completen a súa formación xeográfica cuns contidos que faciliten o coñecemento concreto de diferentes realidades territoriais desde un concepto holístico, multivariable e máis complexo: as rexións, Galicia, España e Europa que aparecen así definidas como territorios diferenciados dentro do mundo (rexión político-administrativa), pero ó mesmo tempo cunha gran variedade de contrastes que fan posible a análise territorial diferenciada.

A rexión, o territorio, aparece así non como unha descrición de caracteres homoxéneos, senón como o resultado explicativo da interacción de variables tanto medioambientais coma sociais. Atópanse así territorios individualizados, mais con problemáticas comúns, dado que a individualidade xeográfica non implica especificidade irrepitible. Por isto, a análise de casos servirá para profundar nestas explicacións, achegándose ós conceptos básicos que explican a diferenza de paisaxes, á vez que facilitará a utilización dos procedementos característicos da análise xeográfica e das técnicas que permiten o tratamento de datos e de informacións.

Nas anteriores etapas educativas os alumnos e as alumnas alcanzaron unha comprensión do medio xeográfico desde perspectivas xeométrico-espaciais, medioambientais e socio-espaciais. Os contidos de Xeografía seleccionados para ser abordados nesta etapa completarán estes aspectos aportando criterios de análise do medio tanto político-sociais coma científico-xeográficos, ó incluílo concepto de rexión e outros conceptos holísticos provenientes doutras teorías que poden non ser xeográficas, mais que permitirán integrar, relacionar e explicar as teorías rexionais.

Por este motivo a selección de obxectivos e contidos da disciplina de xeografía de bacharelato fíxose atendendo a dous criterios:

3. O estudo da nosa realidade xeográfica, das súas características comúns e da súa diversidade, do medio natural e da intervención humana no espazo, tendo en conta tamén a súa dimensión europea e a súa posición no mundo. Galicia, España e Europa aparecen así definidas como territorios diferenciados dentro do mundo (rexión político-administrativa), pero ó mesmo tempo cunha grande variedade de contrastes que fan posible a análise territorial diferenciada. O territorio aparece así como o resultado da interacción de variables tanto ambientais coma sociais, e non soamente como unha descrición de caracteres homoxéneos. Atópanse territorios individualizados, mais con problemáticas comúns, dado que a individualidade xeográfica non implica especificidade irrepitible.
4. En segundo lugar, tívose en conta o desenvolvemento do pensamento lóxico formal dos alumnos de Bacharelato e as súas posibilidades de abstracción, conceptualización e xeneralización para afondar no coñecemento xeográfico e para relacionar e integrar datos nun campo concreto. Tamén se tivo en conta a necesidade de recoñecer as complexas estruturas socio-económicas, as posicións ideolóxicas ante distintos proxectos de ordenación e disposición do territorio, así como a necesidade

departicipar activamente no seu entorno social e territorial. Deste modo téntase xeravalores de solidariedade e de respecto pola diversidade natural e social.

Obxectivos Xerais

O proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia debe contribuír a que osalumnos e as alumnas desenvolvan as seguintes capacidades:

1. Coñecer e empregar un vocabulario científico propio da Xeografía.
2. Identificar e comprende-los elementos básicos da organización territorial,utilizando conceptos, procedementos e destrezas especificamente xeográficas paraexplica-lo espazo como unha realidade dinámica, diversa e complexa, na queinterveñen múltiples factores.
3. Comprender e analiza-la realidade xeográfica de España e de Galicia como un espazo dinámico, que é o resultado da interacción de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico particular.espazos supranacionais con actitude solidaria e participativa.
4. Comprender e explicar a diversidade e a pluralidade do espazo xeográfico español, e identifica-los grandes contrastes e a complexidade territorial derivada dos distintos factores naturais, históricos e de organización espacial que foron modelandoa sociedade, a cultura e o territorio de forma interdependente.
5. Explica-la posición de España e de Galicia nun mundo cada vez mais interrrelacionado, no que coexisten a un tempo, procesos de globalización na economía e de desigualdade socioeconómica, ante a que se formulan respostas locais, prestando una atención especial á Unión Europea, ás súas característicasterritoriais e ás consecuencias da integración en España e en Galicia.
6. Valora-la función do medio natural, dos recursos naturais e das actividades produtivas na configuración do espazo xeográfico español, recoñecer a súa relación mutua coa sociedade, percibi-la condición do home como o axente de actuación maispoderoso e rápido sobre o medio.
7. Entende-la poboación como o recurso esencial coas características cuantitativas e cualitativas que interveñen de forma eminente na configuración e nodinamismo dos procesos que definen o espazo.
8. Saber argumentala desigual distribución xeográfica da poboación española, nas súas diferentes categorías, comprendendo a súa dinámica, a súa estrutura e osproblemas demográficos que poidan formularse no futuro.
9. Comprende-la interdependencia de tódolos territorios que integran España, así como a Unión Europea e outros ámbitos xeográficos mundiais, para desenvolver actitudes de coñecemento, respecto, aprecio e cooperación con espazos próximos e afastados do hábitat do alumno e prestar especial atención á superación dos distintos niveis de desenvolvemento e de saúde das poboacións do planeta.
10. Adquirir conciencia espacial para participar de forma activa e responsable nas decisións que afecten á ordenación do territorio, e valora-la necesidade de potencialoequilibrio natural e a equidade social.
11. Comprender e empregalos procedementos específicos do coñecemento xeográfico para explicar unha situación territorial, partindo das percepcións espontáneas e contrastándooas cos argumentos científicos para elaborar novas e verificables hipóteses a través de datos.
12. Ser conscientes da inestabilidade dos medios xeográficos de Galicia, de España e de Europa e dos graves problemas producidos a causa de actuacións incorrectas: contaminación, degradación urbana, deforestación, degradaciónambiental, desertización, etc.

Programación de Xeografía de España.

Contidos conceptuais e Temporalización.

Os contidos seleccionáronse tendo en conta o resultado das investigacións científicas, os obxectivos xerais propostos, o papel que xoga a materia no Bacharelato e a súa relación con outras materias para poder alcanzar unha comprensión global da realidade.

De acordo con estes criterios os contidos seleccionados tratan sobre: procesos básicos na construción do coñecemento en Xeografía, en especial tanto a causalidade múltiple coma a interacción de variables ecoxeográficas ou os sistemas de organización territorial resultantes; conceptos básicos que explican as paisaxes diferenciadas como clima, relevo, densidade, urbanización etc.; informacións e datos básicos para construílos conceptos e para operar cos procesos antes descritos como datos estatísticos, imaxes xeográficas, descrições de paisaxes, mapas a diferentes escalas etc.; técnicas de traballo que facilitan o tratamento dos datos e das informacións detalladas anteriormente; actitudes positivas ante a forma de aprender que xeran, ó mesmo tempo, valores que foron asumidos por tódolos españois: solidariedade ou respecto á pluralidade. Estes contidos desenvolveranse segundo a seguinte temporalización:

1ª Avaliación. Desenvolverase entre Setembro e Decembro e abarcará os seguintes contidos:

Tema I- España no sistema mundo.

- O espazo xeográfico: noción e características do espazo xeográfico. Elementos e instrumentos de información e representación xeográfica. Nocións de análise de localizacións e distribucións espaciais.
- Globalización e diversidade no mundo actual: procesos de mundialización e desigualdades territoriais.
- Caracteres xeográficos esenciais de Galicia e de España: situación xeográfica. Contrastes e diversidade internos. Posición relativa no mundo e nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas.

Tema II- España en Europa.

- O camiño cara á integración europea. Das comunidades europeas á Unión Europea. Estrutura territorial e institucional da Unión Europea; perspectivas e retos do futuro.
- Natureza e ambiente na Unión Europea. Os contrastes físicos: relevo, climas e hidrografía; situación do ambiente e políticas comunitarias con incidencia ambiental.
- Territorio e sociedade na Unión Europea. Caracteres socioeconómicos xerais da Unión Europea e dos Estados membros. Disparidades rexionais; políticas rexionais e cohesión territorial.
- A posición de Galicia e España na Unión Europea: factores explicativos da integración de España. Consecuencias iniciais trala integración. Situación actual e perspectivas. O impacto en Galicia.

Tema III- Natureza e ambiente en España.

- Características xerais do medio natural. Diversidade xeolóxica, morfolóxica, climática e hídrica.
- A variedade dos grandes conxuntos españois: identificación dos seus elementos xeomorfolóxicos, estruturais, climáticos e bioxeográficos.

- Natureza e recursos en Galicia e España. Materias primas, fontes e recursos enerxéticos.
- Natureza e ambiente español: situación, condicionamentos e problemas. A protección dos espazos naturais.
- A auga: cuncas e vertentes hidrográficas. Réximes fluviais. Regulación edistribución dos recursos hidráulicos. Natureza e ambiente en Galicia.

2ª Avaliación. Desenvolverase entre Xaneiro e Marzo e abarcará os seguintes contidos:

Tema IV- O espazo xeográfico nas actividades económicas.

- Acción dos factores socioeconómicos no territorio español: evolución histórica, panorama actual e perspectivas.
- A pluralidade dos espazos rurais: transformación e diversificación das actividades rurais e a súa concreción en tipoloxías espaciais diversas. As dinámicas recentes do mundo rural.
- A reconversión da actividade pesqueira. A pesca en Galicia e os seus problemas. O desenvolvemento da acuicultura.
- Os espazos industriais: evolución histórica e características ata a industrialización da segunda metade do século XX. Crise do modelo de desenvolvemento concentrado e reestruturación industrial: tendencias actuais da industria galega e española.
- Os espazos de servizos: procesos de terciarización da economía española. A heteroxeneidade dos servizos e o seu desigual impacto territorial. Os transportes e as comunicacións. Os espazos turísticos: factores explicativos do desenvolvemento turístico español. Tipoloxías das rexións turísticas e impacto espacial do turismo.

3ª Avaliación. Desenvolverase entre Abril e Maio e abarcará os seguintes contidos:

Tema V- Recursos humanos e organización espacial en España.

- A poboación española: evolución da poboación e da súa distribución espacial. Dinámica demográfica natural, movementos migratorios exteriores, interiores e o fenómeno da inmigración actual. Despoboamento e reorganización da poboación: o exemplo de Galicia.
- O proceso de urbanización en España: complexidade do fenómeno urbano. Evolución histórica da urbanización. Características do sistema urbano español. O declive do mundo rural. As parroquias e vilas galegas.
- Morfoloxía e estrutura das cidades españolas. A pegada da historia da cidade preindustrial. A cidade industrial. A cidade das recentes transformacións sociais e económicas.
- A organización territorial de España na Constitución de 1978. O Estado das autonomías: orixe, proceso e mapa autonómico. Caracteres xeográficos básicos de cada unha das comunidades autónomas.
- Os desequilibrios territoriais: contrastes espaciais entre as comunidades autónomas. Disparidades demográficas e desigualdades socioeconómicas. Os desequilibrios rexionais en España e as políticas rexionais da Unión Europea.

Contidos Mínimos

Consultado o Grupo de Traballo da CIUG sobre cáles se podían considerar contidos mínimos, se nos aclarou que non existen tales, senón grados de consecución dos obxectivos, e por iso non constan nas directrices do Grupo de Traballo de Xeografía.

En calquera caso neste Departamento consideraremos contidos mínimos os seguintes:

Tema I- España no sistema mundo

- Noción e características do espazo xeográfico. Elementos e instrumentos de información e representación xeográfica.
- Caracteres xeográficos esenciais de Galicia e de España: situación xeográfica. Contrastes e diversidade internos. Posición relativa no mundo e nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas.

Tema II- España en Europa

- A Historia da integración europea. Estrutura territorial e institucional da Unión Europea.
- Os contrastes físicos en Europa: relevo, climas e hidrografía.
- Caracteres socioeconómicos xerais da Unión Europea e dos Estados membros. Disparidades rexionais.
- A posición de Galicia e España na Unión Europea: factores explicativos da integración de España.

Tema III- A Xeografía Física da Península Ibérica

- Características xerais do medio natural. Diversidade xeolóxica, morfolóxica, climática e hídrica. - A variedade dos grandes conxuntos españois: identificación dos seus elementos xeomorfolóxicos, estruturais, climáticos e bioxeográficos.
- A auga: cuncas e vertentes hidrográficas. Réximes fluviais. Regulación e distribución dos recursos hidráulicos. Natureza e ambiente en Galicia.

Tema IV- O espazo xeográfico nas actividades económicas

- Os factores socioeconómicos no territorio español: evolución histórica, panorama actual e perspectivas.
- A pluralidade dos espazos rurais: transformación e diversificación das actividades rurais e a súa concreción en tipoloxías espaciais diversas. As dinámicas recentes do mundo rural.
- A reconversión da actividade pesqueira. A pesca en Galicia e os seus problemas. O desenvolvemento da acuicultura.
- Os espazos industriais: evolución histórica e características ata a industrialización da segunda metade do século XX. Crise do modelo de desenvolvemento concentrado e reestruturación industrial: tendencias actuais da industria galega e española.
- Os espazos de servizos: procesos de terciarización da economía española. A heteroxeneidade dos servizos e o seu desigual impacto territorial. Os transportes e as comunicacións. Os espazos turísticos: factores explicativos do desenvolvemento turístico español. Tipoloxías das rexións turísticas e impacto espacial do turismo.

Tema V- Recursos humanos e organización espacial en España

- A poboación española: evolución, distribución, dinámica natural, migracións e os seus tipos, problemática actual da inmigración.
- O proceso de urbanización en España: evolución histórica da urbanización, características do sistema urbano español.
- Morfoloxía e estrutura das cidades españolas. A cidade preindustrial ou histórica, a cidade industrial e a cidade actual.
- A organización territorial de España ó longo da Historia. A organización territorial na Constitución de 1978: o Estado das autonomías: orixe, proceso e mapa autonómico.
- Os desequilibrios territoriais: contrastes espaciais entre as comunidades autónomas. Disparidades demográficas e desigualdades socioeconómicas. Os desequilibrios rexionais en España e as políticas rexionais da Unión Europea.

OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina	B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.	XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.	CMCCT CAA CCL CD
	B1.2. Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable	B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais	XHB1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas. XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas	CMCCT CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> • d • g • i • l 	B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas	B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico	XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica	CMCCT CAA CD
	B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000	B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000	XHB1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas	
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B1.5. Técnicas cartográficas.	B1.5. Diseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos	XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural	CMCCT CAA CD CCL
	B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado	XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico	
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e 	B2.1. España e a súa singularidade xeográfica:	B2.1. Distinguir as singularidades do espazo	XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa	

<ul style="list-style-type: none"> • g • i • l 	unidade e diversidade	xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade	físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características	CMCCT CAA CD CCL	
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos	B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo	XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.		
	B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas	B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais	XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España		
	B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe	B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.	XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas		CMCCT CAA CCL
	B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía	XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español		CMCCT CAA CCL CD
	B2.6. Corte topográfico: realización e análise	B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor	XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflecte.		
	B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características	B2.7. Identificar as características edáficas dos solos.	XHB2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares		
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación					
<ul style="list-style-type: none"> • d • g • i • l 	B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos	XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España	CMCCT CA CD	
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas	B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferencíalos	XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.	CMCCT CAA CCL CD	
	B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes	B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas	XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima		
	B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación	B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.	XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos		
	B3.5. Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España	B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura	XHB3.5.1. Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.		

			XHB3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico	
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación	B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.	XB33.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente	CMCCT CAA CCL CD
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l • p 	B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía	XHB3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático XHB3.7.2. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflecten as chuvias torrenciais	
<ul style="list-style-type: none"> • d • g • i • l 	B3.8. Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.	B3.8. Identificar as rexións vexetais	XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características.	
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliserias de vexetación	B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas	XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparezan. XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie	
Bloque 4. A hidrografía				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes	B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe	XHB4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España.	CMCCT CAA CCL CD
	B4.2. Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares	B4.2. Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características	XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais	
<ul style="list-style-type: none"> • d • g • i • l 	B4.3. Réximes fluviais predominantes	B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos	XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.	CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B4.4. Zonas húmidas en España	B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características	XHB4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema.	CMCCT CAA CCL CD
	B4.5. Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais.	B4.5. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima.	XHB4.5.1. Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce consecuencias, analizando tamén as características climáticas XHB4.5.2. Analiza e comenta gráficas e estatísticas que reflecten as épocas de seca en relación cun mapa detipos de réximes	

			fluviais dos ríos da Península Ibérica, e saca conclusións.	
	B4.6. Augas subterráneas	B4.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas, utilizando distintas fontes de información.	XHB4.6.1. Selecciona imaxes e novas xornalísticas que reflectan a desigualdade hídrica española e a súa interacción coas actividades humanas	
Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B5.1. Paisaxes naturais españolas.	B5.1. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos.	XHB5.1.1. Distingue as características dos grandes conxuntos paisaxísticos españois	CMCCT CAA CCL CD
			XHB5.1.2. Localiza no mapa as paisaxes naturais españolas e identifica as súas características.	CMCCT CAA CCL CSC
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l • p 	B5.2. Influencia do medio na actividade humana. Políticas favorecedoras do patrimonio natural.	B5.2. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano.	XHB5.2.1. Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes	
			XHB5.2.2. Analiza algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza	
	B5.3. Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais.	B5.3. Describir os espazos humanizados e enumerar os seus elementos constitutivos.	XHB5.3.1. Diferencia as paisaxes humanizadas das naturais.	CMCCT CAA CCL
	B5.4. Aproveitamento sustentable do medio físico	B5.4. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como en bibliografía ou medios de comunicación social.	XHB5.4.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia do medio na actividade humana.	CMCCT CAA CCL CD
XHB5.4.2. Selecciona e analiza a partir de distintas fontes de información novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia das persoas sobre o medio.				
XHB5.4.3. Obtén e analiza a información que apareza nos medios de comunicación social referida á destrución do medio natural por parte do ser humano.				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B5.5. Variedades de paisaxes naturais.	B5.5. Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais	XHB5.5.1. Diferencia as paisaxes naturais españolas a partir de fontes gráficas e comenta imaxes representativas de cada unha das variedades de paisaxes naturais	

			localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas.	
Bloque 6. A poboación española				
<ul style="list-style-type: none"> • d • g • i • l 	B6.1. Fontes para o estudo da poboación. Procedementos de análise en demografía.	B6.1. Identificar as fontes para o estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos.	XHB6.1.1. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación.	CMCCT CAA CD
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B6.2. Evolución histórica	B6.2. Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española.	XHB6.2.1. Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións futuras. XHB6.2.2. Distingue as pirámides de poboación na súa evolución histórica.	CMCCT CAA CCL CD
	B6.3. Movements naturais de poboación	B6.3. Caracterizar a poboación española identificando os movementos naturais.	XHB6.3.1. Aplica a teoría da transición demográfica ao caso español XHB6.3.2. Elixo datos e taxas demográficas que amosen a configuración da poboación dun territorio.	
	B6.4. Distribución territorial da poboación.	B6.4. Diferenciar a densidade de poboación no espazo peninsular e insular, explicando a distribución de poboación.	XHB6.4.1. Comenta o mapa da densidade de poboación actual en España.	
	B6.5. Migracións.	B6.5. Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións.	XHB6.5.1. Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España.	
			XHB6.5.2. Identifica e analiza as migracións recentes.	
			XHB6.5.3. Explica as relacións entre comunidades autónomas en relación coas migracións interiores	
	B6.6. Mapa da distribución da poboación española.	B6.6. Analizar a poboación das comunidades autónomas, definindo a súa evolución e a problemática de cada unha.	XHB6.6.1. Compara e comenta a poboación das rexións que medran e as que diminúen a súa poboación.	
	B6.7. Mapa de densidade da poboación española.	B6.7. Comentar un mapa da densidade de poboación de España, analizando a súa estrutura.	XHB6.7.1. Analiza un gráfico da estrutura da poboación española.	
	B6.8. Conformación do espazo demográfico actual. Definición e cálculo de taxas demográficas.	B6.8. Analizar as pirámides de poboación das comunidades autónomas, incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades.	XHB6.8.1. Resolve problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación.	
B6.9. Diversidades rexionais. Estrutura, problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica	B6.9. Explicar as perspectivas de poboación española e a ordenación do territorio.	XHB6.9.1. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española.		

	galega. B6.10. Ordenación do territorio. Peso do factor demográfico.	B6.10. Obter e seleccionar información de contido demográfico utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como noutras fontes de información.	XHB6.10.1. Presenta e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides, etc., nunha presentación informática ou en exposicións en directo.	
Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B7.1. Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa.	B7.1. Describir as actividades agropecuarias e forestais, especificando as características de España	XHB7.1.1. Identifica as actividades agropecuarias e forestais.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.1.2. Diferencia as actividades do sector primario doutras actividades económicas.	CCL CAA CD
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l • p 	B7.2. Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios.	B7.2. Distinguir as paisaxes agrarias, a súa morfloxía e as súas estruturas, establecendo as súas características	XHB7.2.1. Sitúa nun mapa a distribución dos principais aproveitamentos agrarios	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.2.2. Achega os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas.	CAA CCL
	B7.3. Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: características	B7.3. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat	XHB7.3.1. Selecciona e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das paisaxes agrarias españolas.	CMCCT CAA CCL CD
	B7.4. Estrutura da propiedade e tenencia da terra.	B7.4. Comprender a evolución da estrutura da propiedade e identificar formas de tenza da terra.	XHB7.4.1. Define historicamente, de forma sumaria, a estrutura da propiedade	
	B7.5. Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais. Transformacións agroindustriais	B7.5. Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade e as características das súas explotacións	XHB7.5.1. Identifica e analiza as características das paisaxes agrarias españolas.	
	B7.6. Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC).	B7.6. Explicar a situación do sector agrario español tendo en conta o contexto europeo e as políticas da Unión Europea.	XHB7.6.1. Achega datos ou gráficos de aspectos estruturais que expliquen o dinamismo dun sector agrario dado.	
			XHB7.6.2. Comenta textos xornalísticos que expliquen a situación española na PAC.	CCL CAA
	B7.7. Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego.	B7.7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas.	XHB7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.7.2. Selecciona e analiza novas xornalísticas que tratan problemas pesqueiros e identifica a súa orixe.	CCL CAA
	B7.8. Silvicultura: características e	B7.8. Obter e seleccionar información de contido	XHB7.8.1. Confecciona gráficos comparativos	CCMT CAA

	desenvolvemento no territorio.	xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro, utilizando fontes dispoñibles en internet, en medios de comunicación social ou na bibliografía.	do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade.	CCL CD
	Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial			
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B8.1. Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica.	B8.1. Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación actual.	XHB8.1.1. Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB8.1.2. Establece un eixe cronolóxico para explicar a evolución histórica da industrialización española.	CMCCT CAA CCL
			XHB8.1.3. Selecciona e analiza imaxes que amosen a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto.	CCL CAA CD
	B8.2. Localización das fontes de enerxía en España.	B8.2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España.	XHB8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España	CMCCT CAA CCL CD
	B8.3. Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español.	B8.3. Coñecer os factores da industria en España	XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais	
			XHB8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais.	
	B8.4. Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes.	B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada	XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais.	
	B8.5. Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro.	B8.5. Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro.	XHB8.5.1. Sinala nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais.	CAA CCL CD
			XHB8.5.2. Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial	
			XHB8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro.	CMCCT CAA CCL CD
	B8.6. Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española.	B8.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet, como na	XHB8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas.	

		bibliografía ou nos medios de comunicación.		
Bloque 9. O sector servizos				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B9.1. Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario.	B9.1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos.	XHB9.1.1. Identifica as características do sector terciario español.	CMCCT CCL CAA CD
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B9.2. Análise dos servizos e distribución no territorio.	B9.2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio.	XHB9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española.	CMCCT CCL CAA CD
	B9.3. Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico.	B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura.	XHB9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos).	
			XHB9.3.2. Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio.	
			XHB9.3.3. Describe e analiza mapas que reflectan un sistema de transporte determinado.	
			XHB9.3.4. Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español.	
			XHB9.3.5. Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país.	
	B9.4. Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial.	B9.4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características.	XHB9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial.	
B9.5. Espazos turísticos: características e evolución.	B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais.	XHB9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico.		
B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos.	B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social.	XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español.		
		XHB9.6.2. Explica como articulan o territorio outras actividades terciarias		
		XHB9.6.3. Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos.		
B9.7. Transformacións das paisaxes nas zonas	B9.7. Identificar e comentar unha paisaxe transformado	XHB9.7.1. Confecciona esquemas para analizar	CMCCT CAA	

	turísticas. Caso do litoral.	por unha importante zona turística.	a influencia do sector servizos na economía e no emprego en España, a partir de imaxes que reflicten o seu impacto nunha paisaxe.	CCL CD CSC
Bloque 10. O espazo urbano				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B10.1. Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio	B10.1. Definir a cidade	XHB10.1.1. Define cidade e achega exemplos	CMCCT CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l • p 	B10.2. Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade.	B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados.	XHB10.2.1. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa.	CMCCT CAA CCL CD
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B10.3. Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento.	B10.3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas.	XHB10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización.	CMCCT CAA CCL
			XHB10.3.2. Explica e propón exemplos de procesos de planificación urbana.	CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l • p 	B10.4. Características do proceso de urbanización. Áreas de influencia.	B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade.	XHB10.4.1. Señala a influencia histórica no plano das cidades españolas	CMCC CAA CCL CD
			XHB10.4.2. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta.	CAA CCL CD
	B10.5. Características da paisaxe urbana	B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana	XHB10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica	CMCCT CAA CCL CD
			XHB10.5.2. Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida.	
	B10.6. Usos do solo urbano. Ordenación territorial.	B10.6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio.	XHB10.6.1. Explica a xerarquización urbana española.	CMCCT CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B10.7. Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades	B10.7. Describir a rede urbana española e comentar as súas características.	XHB10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea.	
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l • p 	B10.8. Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso.	B10.8. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.	XHB10.8.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas que amosen a configuración e a problemática do sistema urbano español.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 11. Formas de organización territorial				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l • p 	B11.1. Organización territorial de España.	B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal.	XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma.	CMCCT CAA CCL CD

<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial	B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais.	<p>XHB11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais.</p> <p>XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978</p> <p>XHB11.2.3. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX.</p> <p>XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España.</p>	
	B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais.	B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores.	XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española.	CMCCT CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l • p 	B11.4. Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia.	B11.4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no caso de Galicia.	XHB11.4.1. Explica as políticas territoriais que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos	
	B11.5. A cuestión territorial na España das autonomías.	B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.	<p>XHB11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas.</p> <p>XHB11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas</p>	CAA CCL
Bloque 12. España en Europa e no mundo				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • g • i • l 	B12.1. España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política.	B12.1. Definir a situación xeográfica de España no mundo, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios	<p>XHB12.1.1. Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación.</p> <p>XHB12.1.2. Identifica aspectos salientables de España na situación mundial.</p> <p>XHB12.1.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais</p>	CMCCT CAA CCL CD
	B12.2. España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa.	B12.2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos.	XHB12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea.	CMCCT CAA CCL
	B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	B12.3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España.	XHB12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España.	CMCCT CAA CCL CD

			XHB12.3.2. Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea.	
	B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo.	B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos.	XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España.	CMCCT CAA CCL CSC
	B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais.	B12.5. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos.	XHB12.5.1. Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial.	CMCCT CAA CCL CD
	B12.6. Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais.	B12.6. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social.	XHB12.6.1. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica.	

Criterios de Cualificación

As cuestións que se van a presentar nas probas parciais e finais se centrarán prioritariamente no espazo da Península Ibérica. Os exames ou probas constarán de catro partes que se concretarán nos seguintes tipos de preguntas:

Primeira: Definición breve de cinco conceptos xeográficos básicos relacionados cos bloques de coñecementos orientativos. As definicións de estes conceptos serán proporcionados polo profesor na aula, ben mediante explicacións, ben mediante listas de definicións proporcionadas polo profesor, ou ben ambas as dúas cousas.

Segunda: Exercicio de localización/identificación dunha serie de elementos xeográficos básicos, relacionados cos bloques de coñecementos e procedementos, a partir dun documento de referencia.

Terceira: Desenvolvemento dunha cuestión xeográfica fundamental, referida ós temas principais dos bloques orientativos de coñecemento. Nesta cuestión valorarase os coñecementos dos contidos, pero tamén a capacidade de expresión, a utilización da terminoloxía xeográfica, a claridade na expresión, etc. Exemplo destas cuestións sería Trazos do Sector Servizos na actualidade, As paisaxes agrarias: contrastes e características, O sistema de cidades e a xerarquía urbana en España...

Cuarta: Lectura, interpretación, explicación e análise crítico dun documento gráfico, relacionado cos bloques orientativos, de habilidades e destrezas xeográficas fundamentais. Por exemplo: perfil representativo dun relevo, mapa temático do chegado, pirámides de poboación, etc.

En canto á valoración das probas, será a seguinte:

A primeira pregunta terá unha cualificación máxima de 2 puntos, a razón de 0`4 porcada concepto definido correctamente. Se require unha resposta breve -un máximo de cinco liñas-, concreta -utilizando termos con significado xeográfico- e que cumpraos criterios fundamentais de toda definición: identificar un concepto, describir as características que o singularizan e non repetir no texto da definición o concepto que se quere definir.

A segunda pregunta terá unha cualificación máxima de 2 puntos. Valorase a localización/identificación dos elementos requiridos sobre unha secuencia prefigurada mediante liñas, rutas, símbolos, etc., en documentos gráficos de diversa natureza, como mapas hipsométricos, mapas temáticos, etc. Requírese unicamente citar ditos elementos, non definiilos nin desenrolar valoracións sobre os mesmos. Polotanto a resposta non debe sobrepassar os límites establecidos (máximo dúas ou tres liñas).

A terceira pregunta terá unha cualificación máxima de 3 puntos. Se solicita que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema: valorase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento e a capacidade de establecer relacións comparativas cunha linguaxe xeográfica adecuada. Requírese unha correcta redacción sen faltas de ortografía. aconséllase non sobrepassar a extensión dun folio. Se insiste en que o alumno debe centrarse nos aspectos que se indican e que debe evitar a divagación.

A cuarta pregunta terá unha cualificación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Con vistas a facilitar a resolución deste exercicio, se recordan os puntos básicos ós que debe atender a resposta:

1º. Definir a tipoloxía da imaxe ou documento: identificar o sistema de representación (gammas, lineal, etc.) así como a información que contén e a súa estrutura (tipos de datos, escalas, etc.).

2º Localización no espazo e no tempo: ámbito territorial considerado, secuencia temporal que abarca e significación da mesma respecto ó fenómeno tratado (por exemplo no caso dun gráfico de emigración, se o período temporal constitúe unha ou varias etapas de singular importancia, ou no caso dun texto determinado, proceder á súa contextualización).

3º Centrar o comentario (análise, explicación e interpretación) nos acontecementos reflectidos (por exemplo, no caso dun gráfico de emigración, na intensidade e dirección dos fluxos; no caso dun diagrama climático, no réxime de temperaturas e precipitacións) aludindo ós aspectos relacionados (nos casos anteriores: situación socioeconómica, política; situacións atmosféricas e paisaxes bioclimáticas asociadas).

4º Contrastar e comparar os resultados da interpretación con aspectos ou feitos similares doutros ámbitos espaciais, que axuden á comprensión e explicación dos fenómenos (por exemplo, nos casos anteriormente citados, correntes de emigración comparables noutros países e períodos; diversificación e extensión territorial das condicións climáticas analizadas).

5º Aportación crítica sobre algún aspecto derivado da interpretación do fenómeno, sehai lugar, no contexto da dinámica europea e do mundo actual, e conclusións.

Actividades e reforzos para lograr a recuperación

En canto ás Actividades de Recuperación, a avaliación que se practica na disciplinasXeografía de España de 2º Bacharelato é a modalidade de avaliación continua, o quepresupón que os contidos de cada avaliación computan na avaliación seguinte tantoa efectos de contidos esibibles como a efectos de cualificación. Isto implica que unexame aprobado valía o anterior, o que en si mesmo constitúe unha actividade derecuperación.Estas probas consistirán fundamentalmente en exames de recuperación que seguirán as pautas marcadas nos capítulos **Criterios e instrumentos de avaliación** **Criterios de cualificación**.

En canto ós Reforzos para lograr a Recuperación, o profesorado da materia deXeografía de España de 2º de Bacharelato, asiduamente fai na aula exerciciosprácticos de Xeografía, como realización de perfis topográficos, elaboración dediagramas climáticos, comentario de mapas climáticos e outros gráficos relativos afenómenos atmosféricos, diagramas de caudal de ríos, pirámides de poboación,gráficos de movementos migratorios, planos de cidades, de evolución e de estruturade produción agraria, de produción industrial, gráficos de evolución do turismo,etc., e así mesmo encomenda a realización de tales exercicios para o seu tempolibre, prácticas que logo teñen o seu reflexo nas probas de exame, e na avaliación e cualificación de contidos procedimentais.

Materiais e recursos didácticos

Libro de Texto: Xeografía. Editorial Anaya.

Cartografía:

- Mapas murais da Península Ibérica: Físico, Político, climatolóxico, etc.

Diapositivas:

- Geografía General. Editorial Hiare
- eografía General. Editorial La Muralla
- Geografía de España. Edit. Vicens Vives.
- PÉREZ ALBERTI, A.: A Xeografía en imaxe. Edit. Xunta de Galicia.
- PÉREZ ALBERTI, A.: O relevo da costa. Editorial Bahía.
- Diapositivas de Ciencias Sociais. Editorial Áncora
- Diapositivas Proxecto Terra. Arquitectura Popular.

Enderezos de Internet:

- Google Earth
- Instituto Nacional de Meteoroloxía: www.inm.es

* Plano topográfico 1:25.000 de Pobra do Caramiñal.

Enderezos de Internet:

- Instituto Nacional de Estadística: <http://ww.ine.es>
- Instituto Nacional de Meteoroloxía: <http://WWW.inm.es>
- Greenpeace España: <http://www.greenpeace.es>

Actividades complementarias e extraescolares.

Fíxanse cada curso en acordo coa Comisión Pedagóxica

Criterios de Promoción

Non existen ou non se coñecen criterios de promoción por materia, senón por curso, e por esa razón se aplicarán os criterios xerais que marca a Lei para cada curso de Bacharelato, criterios que terán que ser aplicados en todo caso pola Xuntas de Avaliación de cada curso.

2º CURSO DE BACHARELATO. HISTORIA DA ARTE

Introdución

A sociedade actual inmersa nunha multiplicidade de códigos comunicativos, entre os que destacan os relacionados coa imaxe, fai indispensable preparar ós alumnos para comprender a linguaxe das formas, de xeito que poidan interpretar criticamente o seu significado. Para comprender o significado dos códigos visuais e á valoración estética destes, é necesario estudalos desde diferentes dimensións: estética (cor, debuxo, materia, forma, composición, etc.), semántica (significado, tema, simbolismo, etc.) e funcional (social, histórica, de memoria colectiva, etc.).

A Historia da Arte proporciona os métodos e procedementos adecuados para que a valoración estética, semántica e funcional das obras de arte se dean simultaneamente, logrando así así unha apreciación global.

Todo isto lévanos a comprender o feito artístico no seu contexto histórico. Ao establecerse as conexións da obra de arte cos diferentes campos da realidade sociocultural na que está inmersa, vémonos na obriga de manexar unha serie de conceptos que, cando se interrelacionan co propio obxecto artístico, fanse perceptibles nel, aínda que proveñan de áreas de coñecemento distintas. Desta forma, será necesario que o alumno e a alumna, para entender unha obra de arte, recreen o escenario no que se realizou o que implica o coñecemento e comprensión dunha época determinada e a interrelación entre as peculiaridades desta época e doutras diferentes da historia da humanidade. Calquera proposta metodolóxica deberá perseguir a aprendizaxe, baseándose na indagación dos centros de interese dos alumnos e das alumnas e nas ideas previas que poidan activar e relacionar cos novos contidos. O papel do profesorado consistirá en facilitar a indagación, reconducindo o proceso cara ó esencial e aportando informacións oúmaticeas que ofrezan a posibilidade de establecer novas relacións.

A Historia da Arte pretende, pois, contribuír ó desenvolvemento da sensibilidade artística como enriquecemento cultural, tanto na súa vertente de coñecemento da historia da humanidade como de comprensión da linguaxe das formas e do pensamento visual que presiden a expresión artística. Igualmente, proporcionaralles ós alumnos e ás alumnas unha formación no eido estético que os capacite para acceder ós estudos posteriores, tanto universitarios como de Formación Profesional de grao superior.

Obxectivos xerais

O desenvolvemento desta materia ten que contribuír a que as alumnas e os alumnos adquiren as seguintes capacidades:

1. Comprender e valorar os cambios na concepción da arte e a evolución das súas funcións sociais ó longo da historia.
2. Entender as obras de arte na súa globalidade, como expoñentes da creatividade humana, susceptibles de seren admiradas por si mesmas e de seren valoradas como testemuñas dunha época histórica, dunha sociedade e dunha cultura.
3. Manexar a linguaxe artística de cada unha das artes visuais e utilizar diferentes metodoloxías para a análise das obras de arte, desenvolvendo, ó tempo, a propia sensibilidade e a imaxinación.
4. Recoñecer e diferenciar as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos e artistas da arte occidental, e particularmente as de Galicia, situándoas no seu contexto histórico e espacial, e valorando as posibles influencias e a súa pervivencia na arte posterior.
5. Recoñecer a través dos cambios iconográficos dun mesmo tema a modificación dos valores estéticos, de mentalidade e pensamento propios de cada estilo artístico, do seu contexto histórico e da personalidade do artista.
6. Coñecer e valorar o patrimonio artístico, especialmente o de Galicia, contribuíndo á súa conservación e posibilitando que se transmita ás futuras xeracións.
7. Valorar a cidade, na súa dimensión espacial e temporal, como obxecto da historia da arte e marco privilexiado das súas manifestacións e proxectar esta conciencia cara a súa evolución futura.
8. Contribuír á formación estética, analítica e crítica do alumnado ante as creacións artísticas.

Programa de Historia da Arte

Contidos conceptuais e temporalización.

1º TRIMESTRE

UNIDADE 1: A ARTE

Obxectivos Didácticos

- Identificar a arte como unha forma de expresión que reflicte a forma de ser e de pensar de cada tempo e de cada cultura.
- Recoñecer as distintas fases do proceso creador e os elementos que participan no proceso artístico.
- Coñecer as distintas formas de analizar e clasificar as obras de arte.
- Valorar a función da obra de arte como documento histórico e como ben cultural.
- Comprender a función que desempeñan os museos na conservación, a divulgación e o estudo das obras de arte.
- Recoñecer os principais museos e centros de arte de Europa.
- Clasificar os distintos tipos de manifestacións artísticas.
- Identificar as novas linguaxes da arte e valorar a súa repercusión na construción dun novo imaxinario colectivo.
- Recoñecer a tipoloxía para clasificar o urbanismo.

- Identificar os materiais e os procedementos técnicos utilizados na arquitectura, a escultura, a pintura e o gravado.
- Utilizar o vocabulario das artes plásticas específico da arquitectura, a escultura, a pintura e o resto de manifestacións artísticas.
- Desenvolver a sensibilidade estética e ser capaces de gozar contemplando e analizando distintas obras de arte.

BLOQUE 1 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso artístico e a análise da obra de arte. - A arte como documento histórico. - A arte como patrimonio. A UNESCO e os bens culturais. - Os museos e a arte. Conservación, estudo e divulgación das obras de arte. - As diversas tipoloxías artísticas. Criterios de clasificación. - Valoración dos elementos que participan no proceso artístico. - Percepción da obra de arte como un ben cultural de valor universal. - Recoñecemento dos museos e centros de arte máis importantes de Europa. - Identificación dalgúns dos conxuntos monumentais que forman parte do Patrimonio Cultural da Humanidade. - Toma de conciencia da necesidade de protexer e conservar o patrimonio artístico para o goce das xeracións actuais e das vindeiras. 	<p>1. Recoñecer as características básicas da arte e da historiografía da arte.</p>	<p>1.1 Identifica os principais elementos do proceso de creación artística. Comp. Conc. e expresións culturais.</p> <p>1.2 Enumera as diversas metodoloxías de estudo na arte. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - O urbanismo. Tipoloxías urbanísticas. - A arquitectura. Tipoloxías arquitectónicas. - A arquitectura. Os espazos interiores, os espazos exteriores e a ornamentación. - A arquitectura. Elementos materiais e técnicos. 	<p>2. Identificar os elementos esenciais do urbanismo e da arquitectura en tanto disciplinas da historia da arte.</p>	<p>2.1 Recoñece as tipoloxías nas que se clasifican o urbanismo e a arquitectura. C. Sociais e cívicas.</p> <p>2.2 Explica as características xerais da arquitectura. Comp. Conc. e expresións culturais</p>
<ul style="list-style-type: none"> - A escultura. Formas, materiais e instrumentos. - A pintura. Instrumentos, soportes e técnicas. - O gravado de creación e o gravado de reprodución. 	<p>3. Describir as características básicas da plástica artística: escultura, pintura, debuxo, gravado e outras.</p>	<p>3.1 Define o concepto plástica ou arte da imaxe, especificando as súas principais características. C. Com. Lingüística</p> <p>3.2 Especifica as características técnicas e materiais de diversas artes plásticas. C. Sent. de inic. e esp. Empren.</p> <p>3.3 Explica como evolucionaron as novas formas de expresión artística desde finais do século XIX. Comp. Conc. e expresións culturais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - A fotografía artística e a fotografía documental. - O vídeo e a súa utilización na arte: o vídeo-arte. 	<p>4. Definir o significado e función da arte na cultura de masas.</p>	<p>4.1 Describe o desenvolvemento e a prolongación dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o xeito no que xuxtapoñen diversas linguaxes</p>

		expresivoas. C. lingüí 4.2 Recoñece a gran versatilidade creativa do vídeo na segunda metade do século XX. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de diversas pautas de observación, descrición e análise de obras de arte. - Comprensión da obra de arte tendo en conta o contexto histórico no que foi creada, fuxindo de prexuízos estéticos ou ideolóxicos. 	5.Recoñecer os diversos métodos de análise dunha obra de arte e a terminoloxía específica que debe empregar.	5.1 Identifica e describe os elementos que ten que considerar nunha obra urbanística. Comp. C. e exp. culturais. 5.2 Recoñece as diferentes análises que se realizan no estudo dunha obra de arte: escultura e pintura. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.
Indicadores de logro		
<p>Recoñece as dúas fases do proceso creador: a idea e a realización.</p> <p>Distingue os participantes no proceso artístico e os dous puntos de vista na análise dunha obra de arte</p> <p>Recoñece a diversa información que lle achega unha obra á arte: social, patrimonial, museística</p> <p>Explica as tipoloxías artísticas tradicionais para clasificar as belas artes</p> <p>Define o concepto de urbanismo e as súas tres tipoloxías</p> <p>Recoñece os dous grandes grupos da arquitectura e especifica a tipoloxía da arquitectura civil.</p> <p>Identifica os elementos estruturais máis importantes da arquitectura.</p> <p>Explica os principais elementos materiais e técnicos da arquitectura</p> <p>Distingue entre obras únicas e obras múltiples, e describe as diversas temáticas dunha obra de arte</p> <p>Identifica e describe as técnicas, materiais, instrumentos e formas empregados na escultura</p> <p>Enumera os principais instrumentos, soportes, técnicas da pintura</p> <p>Explica as características do debuxo, o gravado e doutras tipoloxías artísticas</p> <p>Explica o rol dos mass media na popularización das novas linguaxes da arte</p> <p>Sintetiza as principais características que teñen as novas linguaxes da arte: fotografía, cine, vídeo, cartel, cómic</p> <p>Argumenta xustificadamente como o vídeo e as novas tecnoloxías poden potenciar aínda máis a participación do espectador</p> <p>Identifica a relación entre o vídeo e as novas tecnoloxías: o computer art ou net art.</p> <p>Recoñece a trama urbana e os monumentos como elementos para analizar nunha interpretación dun espazo urbanístico</p> <p>Describe as tres vistas básicas a analizar en toda obra arquitectónica</p> <p>Identifica outros elementos esenciais na interpretación dunha obra arquitectónica: función, antecedentes e influencias</p> <p>Describe as análises que se aplican no estudo dunha obra escultórica: formal, conceptual e técnica</p> <p>Identifica os tipos de análises que se aplican no exame dunha pintura e os elementos fundamentais para estudar en cada un.</p>		

UNIDADE 2: ARTE CLÁSICA: GRECIA

Obxectivos Didácticos

- Localizar a civilización grega no tempo e no espazo xeográfico e describir o contexto histórico no que se desenvolve a arte grega.
- Resumir as características da arte grega e a súa periodización por etapas.
- Describir as características da arte minoica e da arte micénica.
- Analizar a concepción do espazo e o urbanismo grego mediante o estudo da organización da cidade de Mileto.
- Diferenciar as características das ordes arquitectónicas dórica, xónica e corintia, a partir de imaxes e fotografías.
- Analizar unha obra arquitectónica, o Partenón, non só desde o punto de vista técnico-formal, senón tamén en canto á súa función e significado.
- Describir a planta e os elementos arquitectónicos dos distintos tipos de templos.
- Recoñecer as características xerais da arquitectura civil grega, a partir do exemplo do teatro de Epidauro.
- Enumerar as características xerais da escultura grega.
- Analizar esculturas de diversos períodos da historia grega (arcaico, clásico, helenístico) e comparar as súas características.

- Distinguir os tipos de decoración, a temática e o estilo das cerámicas gregas desde a época xeométrica ata a época clásica.
- Explicar como se elaboraban os distintos tipos de mosaicos gregos.
- Comprender a influencia que o clasicismo grego tivo sobre a arte posterior e valorar o legado cultural da Grecia Antiga.

BLOQUE 1 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación histórica, xeográfica e cronolóxica á arte grega, e fundamentos sociais e culturais da arte grega. - Contextualización cronolóxica das grandes etapas da arte grega. - Percepción da obra de arte como un ben cultural de valor universal. - Interese polo coñecemento doutras áreas de estudo relacionadas coa arte, como a filosofía, para entender o desenvolvemento artístico na Antiga Grecia. 	1.Describir e situar, no seu contexto histórico e cultural, as concepcións estéticas e as características xerais da arte grega.	<p>1.1 Relaciona as características básicas da arte grega cos seus referentes históricos. C. Con.. e expr. culturais</p> <p>1.2 Explica as características xerais da arte grega e a súa evolución. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - Os antecedentes da arte grega: as civilizacións minoica e micénica. 	2.Identificar os antecedentes da cultura e a arte clásica.	<p>2.1 Identifica a arte cretomicénica como o antecedente da arte grega. C. Sociais e cívicas.</p> <p>2.2 Describe as principais características da arte cretense ou minoica e da arte micénica. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - O urbanismo e a concepción do espazo nas cidades gregas. - A arquitectura grega: a orde e a razón. - As ordes arquitectónicas: dórica, xónica e corintia. - A arquitectura relixiosa: o templo grego. O Partenón. - A arquitectura civil: o teatro. - Análise das técnicas arquitectónicas utilizadas pola civilización grega. - Análise das plantas dos distintos tipos de templos gregos. 	3.Definir os principais elementos e técnicas da arquitectura grega.	<p>3.1 Explica as principais características urbanísticas das polis helénicas. C. Conciencia. e expr. cultural.</p> <p>3.2 Identifica as principais construcións arquitectónicas gregas e a súa función social. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - A escultura grega arcaica. Kouros e Kore. - A escultura grega clásica. O período post-clásico. - A escultura grega helenística. 	4.Explicar as características específicas da escultura grega.	<p>4.1 Recoñece a figura humana masculina como o tema central nas representacións da escultura grega. C. Sociais e cívicas.</p> <p>4.2 Identifica os diferentes períodos nos que se clasifica a escultura grega, e os seus escultores e obras máis representativas. C. Conciencia. e expr. cultural.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - Análise detallada dunha escultura representativa de cada un dos períodos da arte grega: arcaico, clásico e helenístico. - Os diversos estilos da cerámica, xeométrico, de época arcaica e de época clásica, e tipoloxías do mosaico, concretamente de coios e de teselas. - Definición, comprensión e uso correcto do vocabulario específico de cada elemento: métopa, cariátide, kórai, éntase, ábaco, etc. - Análise formal do Partenón, da súa redonda e da súa función a partir dunha 	5.Identificar e examinar obras significativas da arte grega, utilizando unha terminoloxía específica da arte e combinando diferentes métodos de análise.	<p>5.1 Describe as representacións conservadas en obxectos de cerámica e en mosaicos, empregando terminoloxía específica. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p> <p>5.2 Analiza, comenta e clasifica obras representativas da arte grega, xustapoñendo diferentes enfoques metodolóxicos: técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico ou histórico. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p>

serie de documentos textuais e iconográficos.		
Indicadores de logro		
<p>Enumera os principais eventos contemporáneos ao nacemento e desenvolvemento da arte grega</p> <p>Identifica os tres grandes períodos históricos da arte grega: Arcaico, Clásico e Helenístico.</p> <p>Define os conceptos xerais da arte grega: home, natureza, razón, harmonía e beleza.</p> <p>Recoñece a progresión específica da arquitectura, escultura e pintura gregas</p> <p>Distingue as dúas civilizacións que desenvolveron a arte cretomicénica: a minoica ou cretense e a micénica</p> <p>Sitúa xeográfica e cronoloxicamente a civilización minoica ou cretense e a micénica.</p> <p>Especifica os principais elementos arquitectónicos da arte cretense ou minoica e da arte micénica</p> <p>Identifica a pintura e a cerámica como outras manifestacións da arte cretomicénica</p> <p>Recoñece as principais zonas da cidade grega e a súa relación co desenvolvemento da democracia</p> <p>Enumera e describe as principais achegas da arquitectura grega</p> <p>Explica o concepto de orde arquitectónica e distingue as tres ordes da arquitectura grega</p> <p>Distingue os edificios gregos a partir da súa función social: arquitectura relixiosa ou civil</p> <p>Distingue as dúas tipoloxías escultóricas na arte grega: o relevo e a escultura exenta.</p> <p>Identifica os atletas como o ideal de beleza física e espiritual representado na arte grega.</p> <p>Describe as características da escultura grega en relación coas súas tres grandes etapas</p> <p>Explica a evolución da figura humana na arte grega, a partir de obras escultóricas concretas.</p> <p>Recoñece a denominación específica para a cerámica de figuras negras sobre fondo vermello: ática</p> <p>Identifica o nome dos distintos tipos de mosaico: opus tessellatum e opus vermiculatum</p> <p>Identifica e analiza as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, tribuna das cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké, teatro de Epidauro</p> <p>Identifica e analiza as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha métopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo, friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e de Xea).</p>		

UNIDADE 3: ARTE CLÁSICA: ROMA

Obxectivos Didácticos

- Situar no tempo e no espazo a cultura etrusca e a romana.
- Coñecer as características xerais das civilizacións etrusca e romana, e valorar a influencia da primeira sobre a segunda.
- Recoñecer as características xerais dos templos etruscos, a partir do exemplo do templo de Xúpiter Capitolino.
- Identificar os aspectos formais da escultura etrusca e valorar o sentido das pinturas funerarias, relacionándoo co temor á morte e as crenzas no máis alá.
- Entender a arte romana como elemento importante do proceso de romanización.
- Comprender a importancia da cidade no mundo romano, recoñecer a estrutura das cidades e valorar a función das distintas obras de enxeñería.
- Analizar de forma detallada algunhas das obras máis emblemáticas da arquitectura romana: o Panteón, o Coliseo e o Teatro de Mérida.
- Recoñecer as características dos retratos e os relevos romanos e comprender o realismo do retrato romano analizando a súa evolución ao longo do tempo.
- Valorar a importancia do relevo histórico, tomando como punto de partida e modelo de análise a Columna Trajana.
- Distinguir as características dos catro estilos pictóricos da arte romana e identificar as mostras máis representativas de cada un deles.
- Coñecer as distintas técnicas e tipoloxías do mosaico romano.
- Recoñecer as características principais da arte paleocristiá ou tardorromana.
- Valorar a importancia do legado cultural e artístico da civilización romana para a sociedade occidental.

BLOQUE 1 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación á historia do imperio romano. - A xeografía e a cronoloxía da arte etrusca e da arte romana. 	1.Contextualizar histórica e culturalmente as concepcións estéticas e as características xerais da arte romana.	1.1 Describe as características básicas da arte romana a partir dos seus referentes históricos. C. Conciencia. e expr. cultural. 1.2 Describe as características esenciais da arquitectura, escultura e pintura na cultura etrusca. C. Com. lingüíst.
<ul style="list-style-type: none"> - A arte etrusca: arquitectura, escultura e pintura. O templo de Xúpiter capitolino. - A arte romana: arquitectura, escultura, pintura e mosaico. 	2.Describir as características xerais da arte romana, especificando os seus antecedentes culturais e artísticos.	2.1 Identifica a arte etrusca como un dos referentes da arte romana. C. Conciencia. e expr. cultural.
<ul style="list-style-type: none"> - O urbanismo romano: a estrutura das cidades, as obras de enxeñaría, as casas, os monumentos con fins recreativos, os monumentos de carácter administrativo, os monumentos conmemorativos. Materiais empregados. - Identificación dos elementos arquitectónicos que utilizaron os romanos. 	3.Explicar os trazos principais do urbanismo e da arquitectura na antiga Roma.	3.1 Explica o urbanismo e a arquitectura romana en relación co proceso de homoxeneización do imperio. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor. 3.2 Enumera as características e funcións dos principais tipos de edificios romanos. C. Sociais e cívicas.
<ul style="list-style-type: none"> - A escultura romana: o retrato e o relevo histórico. A columna Traxana. - Os catro estilos pictóricos: incrustación, arquitectónico, ilusionista e ornamental. - O mosaico romano: técnicas, temática e estilos. 	4.Especificar a achega da escultura e pintura romana respecto da arte grega.	4.1 Recoñece os dous xéneros propios da escultura romana: o retrato e o relevo histórico. C. Conciencia. e expr. cultural. 4.2 Especifica as características propias da pintura romana desenvolvidas a partir do século I a.C. C. Sociais e cívicas.
<ul style="list-style-type: none"> - Descrición do estilo, da tipoloxía, dos materiais e da localización do anfiteatro Flavio ou Coliseo, da columna Traxana e do teatro de Mérida a partir da información que proporciona a ficha. - Utilización do vocabulario específico da arte etrusca e romana. - Expresión das emocións que espertan as obras de arte seleccionadas e interese pola protección e a conservación do patrimonio artístico. 	5.Identificar e examinar obras significativas da arte romana, aplicando diferentes métodos de análise.	5.1 Analiza, comentar e clasifica obras representativas da arte romana, usando a terminoloxía específica e a partir de diferentes enfoques metodolóxicos: técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico ou histórico. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.
Indicadores de logro		
<p>Identifica os tres grandes períodos históricos nos que se desenvolveu a arte romana Distingue os dous períodos históricos nos que tradicionalmente se clasificou a arte romana. Identifica as tumbas e os templos como as principais construcións da arquitectura etrusca. Recoñece como trazo característico da escultura e da pintura etrusca, a temática realista Identifica as achegas da arquitectura romana respecto ao seu referente grego e etrusco. Identifica a preferencia polo realismo na arte romana como un trazo herdado do modelo etrusco Recoñece as diferentes partes do ordenamento xeométrico en cuadrícula da cidade romana Identifica as pontes e os acuedutos como obras de enxeñaría trascendentes para o territorio romano. Distingue os edificios romanos segundo sexan privados ou públicos, relixiosos ou civís. Identifica as diferentes funcións dos monumentos romanos Explica a evolución do retrato desde a súa orixe até o período do Baixo Imperio o tardorromano Identifica como característica fundamental dos relevos romanos, o seu alto grao narrativo Identifica a práctica do fresco e a preferencia por temáticas cotiás como propio da pintura romana. Diferencia os catro estilos ou sistemas que caracterizan a pintura romana. Describe as características xerais do mosaico romano utilizando unha terminoloxía específica Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, Basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, Acueduto de Segovia, Arco de Tito en Roma, Columna de Traxano en Roma Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo de Arco de Tito (detalle dos soldados co candeeiro e outros obxectos do Templo de Xerusalén), relevo da columna de</p>		

Traxano		
BLOQUE 2 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com.
<ul style="list-style-type: none"> - A arte paleocristiá: as basílicas e a nova iconografía cristiá. - Análise das características da nova iconografía da arte paleocristiá. 	1.Recoñecer os trazos ñecer os trazos ais da arte paleocristiá ou tardorromana.	1.1 Explica a arte paleocristiá en relación difusión do cristianismo polo Imperio Romano. C. Conciencia. e expr. culturais.
Indicadores de logro		
Describe a orixe, características e función dunha basílica paleocristiá Explica a evolución da iconografía paleocristiá, especialmente en catacumbas e sarcófagos		

UNIDADE 4, 5, 6 (I E II): ARTE BIZANTINA, ARTE ISLÁMICA E MUDÉXAR, ARTE PRERROMÁNICA

Obxectivos Didácticos

- Situar no tempo e no espazo o Imperio bizantino.
- Coñecer o contexto histórico no que se desenvolve a arte bizantina.
- Recoñecer os tres grandes períodos nos que se divide a arte bizantina.
- Identificar os elementos construtivos da arquitectura bizantina.
- Analizar a obra arquitectónica máis importante da arquitectura bizantina: Santa Sofía de Constantinopla.
- Recoñecer as principais mostras de escultura bizantina e valorar a importancia que tivo o marfil nos relevos.
- Analizar a temática e a forma dos relevos escultóricos bizantinos.
- Describir a iconografía representada nos mosaicos bizantinos.
- Analizar os aspectos formais, técnicos e simbólicos dos mosaicos da igrexa de San Vital en Rávena.
- Recoñecer os distintos tipos de obras pictóricas da arte bizantina: a iluminación miniada de libros e as iconas.
- Situar correctamente no tempo e no espazo a civilización islámica.
- Coñecer os diversos condicionantes da arte islámica na península Ibérica e as principais etapas en que se divide.
- Recoñecer as características técnico-construtivas da arquitectura islámica, en xeral, e da hispanomusulmá, en particular.
- Comprender a estreita relación que existe entre as manifestacións da arte hispanomusulmá e a relixión da cultura islámica.
- Valorar a importancia da mesquita dentro da arquitectura relixiosa islámica.
- Distinguir as características propias da mesquita de Córdoba.
- Identificar os distintos tipos de edificios da arquitectura civil islámica.
- Recoñecer os edificios máis importantes da arte islámica na península Ibérica.
- Describir os elementos decorativos que introduce a arte islámica.
- Comprender a orixe da arte mudéxar e coñecer as súas principais características.
- Distinguir as características dos focos mudéxares da península Ibérica: castelánleonés, toledano, aragonés e andaluz.
- Recoñecer os principais edificios mudéxares da península Ibérica.
- Definir o concepto de arte prerrománica.

- Situar no tempo e no espazo a arte visigoda, a arte asturiana ou ramirense e a arte mozárabe.
- Coñecer as principais características da arquitectura visigótica.
- Identificar as igrexas visigóticas máis importantes da península Ibérica.
- Establecer ao orixe visigótica do arco de ferradura.
- Recoñecer a importancia da ourivaría na arte visigoda a través do estudo da coroa votiva de Recesvinto.
- Distinguir os trazos característicos da arquitectura asturiana e analizar, de forma monográfica, a igrexa de Santa María do Naranco.
- Valorar a importancia dos elementos e os sistemas construtivos da arquitectura prerrománica como precursores do Románico.
- Distinguir as características xerais da arte mozárabe.
- Recoñecer o arco de ferradura como un dos elementos característicos da arquitectura mozárabe.
- Descubrir outras mostras da arte mozárabe, como as miniaturas.
- Desenvolver a sensibilidade estética e ser capaces de gozar contemplando e analizando distintas obras de arte.
- Valorar as obras de arte como documentos históricos que nos permiten deducir información política, social e económica da época estudada.
- Comprender a riqueza do patrimonio artístico hispanomusulmá e valorar positivamente as medidas para protexelo e conservalo.
- Comprender a importancia da conservación e restauración do patrimonio artístico prerrománico da península Ibérica.

BLOQUE 2 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – O marco histórico e cronolóxico do Imperio bizantino. – A arte bizantina: características xerais. – Distinción das grandes etapas da arte bizantina: o “Século de Ouro”, o período iconoclasta e o período post-iconoclasta. 	1.Describir e situar, no seu contexto histórico e cultural, as concepcións estéticas e as características xerais da arte bizantina.	1.1 Identifica e explica os referentes históricos da arte bizantina. C. Conciencia. e expr. culturais. 1.2 Contextualiza as características xerais da arte bizantina: arquitectura, escultura, artes plásticas. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.
<ul style="list-style-type: none"> – Descrición dos elementos construtivos da arquitectura bizantina: grandes cúpulas, cunchas ou trompas, etc. – A arquitectura bizantina. A basílica. Santa Sofía de Constantinopla. 	2.Identificar e explicar os principais elementos da arquitectura bizantina.	2.1 Recoñece as características esenciais da basílica bizantina. C. Conciencia. e expr. culturais. 2.2 Identifica as similitudes e as diferenzas da arquitectura bizantina cos seus modelos antecesores. C. Sociais e cívicas.
<ul style="list-style-type: none"> – A escultura bizantina. Ourivaría, esmaltes e relevos de marfil. – Observación e descrición de distintos exemplos de relevos en marfil. – O mosaico bizantino: técnica e temática. – Os mosaicos de Xustiniano e Teodora. – A pintura bizantina: a iluminación miniada de libros e as iconas. – Análise técnica e formal dos mosaicos bizantinos. 	3.Describir a produción artística bizantina no ámbito da escultura e das artes pictóricas.	3.1 Enumera os trazos característicos do traballo do marfil bizantino. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor. 3.2 Explica a riqueza decorativa do mosaico e da pintura bizantinos. C. Conciencia. e expr. culturais.
<ul style="list-style-type: none"> – Definición e aplicación do vocabulario específico da arte bizantina. – Análise da planta e o alzado da basílica de Santa Sofía de Constantinopla. – Expresión das emocións e das sensacións que esperta a contemplación das obras de arte seleccionadas. 	4.Identificar e analizar obras significativas da arte bizantina, utilizando unha terminoloxía específica e aplicando diferentes métodos de análise.	4.1 Analiza obras destacadas da arte bizantina, a través de diferentes enfoques metodolóxicos. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.

<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación á historia de Al-Ándalus. - A xeografía e a cronoloxía da arte islámica e as etapas artísticas da arte hispanomusulmá. - Distinción das tres etapas artísticas da arte hispanomusulmá: época omeia e califal, época almohade e época nazarí. 	<p>5.Relacionar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte islámica e da arte mudéxar, co seu contexto histórico e cultural.</p>	<p>5.1 Describe as características xerais da arte islámica a partir dos seus referentes históricos. C. Conciencia. e expr. culturais.</p> <p>5.2 Recoñece as influencias fundamentais da arte musulmá. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p>
---	---	--

Indicadores de logro

- Comprender o contexto histórico dos séculos XVIII e XIX no que se desenvolven a arte neoclásica e a arte romántica.
- Recoñecer os núcleos europeos nos que se desenvolven as distintas correntes artísticas deste período.
- Coñecer as influencias e características xerais da arte neoclásica: procura da beleza, adaptación da orde e equilibrio da Antigüidade grega, academicismo, etc.
- Identificar os principais edificios neoclásicos en Europa e en España.
- Coñecer as características básicas da escultura neoclásica e analizar a obra de Antonio Canova.
- Distinguir os trazos xerais da pintura neoclásica e recoñecer os seus máximos expoñentes.
- Analizar a obra O xuramento dos Horacios do autor neoclásico Jacques-Louis David.
- Valorar o lugar que ocupa a obra de Francisco de Goya na transición entre o Neoclasicismo e o Romanticismo crítico.
- Comprender a evolución da obra de Goya e analizar a obra A familia de Carlos IV.
- Reflexionar sobre as raíces ideolóxicas do Romanticismo e comprender que é un movemento que afecta moitos ámbitos da vida, e non só a arte.

- Distinguir os trazos fundamentais do movemento pictórico romántico e comparalo coas tendencias clasicistas.
- Analizar a obra Liberdade guiando o pobo de Eugène Delacroix.
- Recoñecer a singularidade do romanticismo alemán e do romanticismo

BLOQUE 3 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A xeografía e a cronoloxía da arte neoclásica da arte romántica. - A arte neoclásica: características xerais. - Definición dos conceptos Neoclasicismo e Romanticismo. 	1.Relacionar as concepcións estéticas e as características esenciais do neoclasicismo e do romanticismo, co seu contexto histórico e cultural.	1.1 Recoñece os principais acontecementos históricos dos séculos XVIII e XIX en relación coa evolución da arte neoclásica e romántica. C. Sent. de inic. e esp. Emprend.
<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura neoclásica: retorno aos modelos da Antigüidade clásica. - Descrición dos elementos arquitectónicos da arte neoclásica. 	2.Describir os trazos esenciais da arquitectura neoclásica e analizar algunha das súas obras máis significativas.	2.1 Explica as características máis significativas da arquitectura neoclásica. C. Conciencia. e expr. culturais. 2.2 Analiza, comenta e clasifica obras representativas da arquitectura neoclásica. C. Sociais e cívicas.
<ul style="list-style-type: none"> - A escultura neoclásica. Eros e Psique, de Antonio Canova. - Distinción dos xéneros máis cultivados pola escultura neoclásica: o retrato, o monumento público e o monumento funerario. 	3.Recoñecer o proceso de idealización da escultura neoclásica, e identificar cales son os principais escultores e obras.	3.1 Recoñece os trazos esenciais da escultura neoclásica. C. Conciencia. e expr. culturais.
<ul style="list-style-type: none"> - A pintura neoclásica. O xuramento dos Horacios, de David. - Utilización do vocabulario específico da arte neoclásica. - Expresión das emocións que espertan as obras de arte analizadas e toma de conciencia da necesidade de protexer e conservar o patrimonio artístico. 	4.Explicar as características conceptos básicos da pintura neoclásica.	4.1 Describe as principais características pictóricas no neoclasicismo. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor. 4.2 Analiza obras representativas da pintura neoclásica, a partir de diferentes enfoques metodolóxicos. C. lingüísti.
Indicadores de logro		
<p>Describe os séculos XVIII e XIX como época de grandes cambios e de disputa entre vellos e novos estilos. Describe o rol das Academias en Europa no século XVIII, e, en particular, do Salón de París. Identifica os modelos e tendencias previas nos que se basea a arquitectura neoclásica Enumera edificios e autores neoclásicos destacados de Francia, Alemaña, Estados Unidos e España Identifica e analiza as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio e San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Palacio Real de Madrid, de Juvara e Sachetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva. Identifica os modelos, temáticas, xéneros e materiais característicos da escultura neoclásica. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova. Explica as características esenciais da pintura neoclásica. Recoñece as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David. Analiza as seguintes obras de David: O xuramento dos Horacios e A morte de Marat</p>		
BLOQUE 4 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estad. de Aprend. e Com.
<ul style="list-style-type: none"> - A obra de Francisco de Goya. A Familia de Carlos IV. - Valoración da figura de Goya como precursor de movementos pictóricos posteriores. 	1.Analizar a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte até o seu exilio final en Bordeos.	1.1 Explica a obra de Goya en relación coas tendencias da súa época e as tendencias posteriores. C. Soc. e cívica. 1.2 Analiza e comenta obras representativas de Goya, xustapoiando diferentes enfoques metodolóxicos. C. Sociais e cívicas.

<ul style="list-style-type: none"> - O Romanticismo: unha nova orde ideolóxica. - A pintura romántica. A liberdade guiando o pobo, de Eugène Delacroix. - A contraposición romántica e clasista en Francia: Ingres. - O romanticismo alemán: Caspar David Friedrich. O romanticismo inglés: Os prerrafaelistas. - Utilización do vocabulario específico da arte romántica. 	<p>2. Explicar as características do Romanticismo e os trazos fundamentais da súa arte.</p>	<p>2.1 Describe as características principais do Romanticismo e da arte romántica. C. Con. e expr. culturais.</p> <p>2.2 Identifica e explica as características da pintura romántica. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p> <p>2.3 Analiza obras representativas da pintura do século XIX, a partir de diferentes enfoques metodolóxicos. C. Sociais e cívicas.</p>
Indicadores de logro		
<p>Recoñece na pintura de Goya características tradicionais e características rupturistas.</p> <p>Identifica e analiza as seguintes obras de Goya: O parso, A familia de Carlos IV, O 2 de maio de 1808 en Madrid (A loita cos mamelucos), Os fusilamentos do 3 de maio de 1808; Desastre nº 15 ("E no hai remedio") da serie Os desastres da guerra; Saturno devorando un fillo e A leiteira de Bordeos</p> <p>Distingue a definición específica do termo Romanticismo, fronte ao uso xenérico de romanticismo e romántico</p> <p>Sintetiza os trazos da pintura romántica</p> <p>Explica as características particulares da pintura romántica en Francia, Alemaña e Inglaterra.</p> <p>Distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.</p> <p>Distingue as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner.</p> <p>Identifica e analiza as seguintes pinturas do século XIX: O baño turco, de Ingres; A balsa da Medusa, de Gericault; A liberdade guiando o pobo, de Delacroix; O carro de feo, de Constable.</p>		

TERCEIRO TRIMESTRE

UNIDADE 12: DO REALISMO AO MODERNISMO

Obxectivos Didácticos

- Coñecer o contexto histórico de mediados do século XIX no que se desenvolven o Realismo, o Impresionismo, o Postimpresionismo, o Simbolismo e o Modernismo.
- Recoñecer os distintos proxectos urbanísticos que se propoñen a mediados do século XIX: do proxecto de Cerdà aos falansterios.
- Comprender os cambios que se producen na arquitectura debido á industrialización, e analizar unha das obras máis emblemáticas da arquitectura do ferro.
- Recoñecer as obras e os artistas máis destacados da arquitectura historicista.
- Analizar as características das dúas tendencias arquitectónicas que xorden a finais do século XIX: o Modernismo e a Escola de Chicago.
- Valorar a singularidade da arte de Antonio Gaudí e analizar unha das súas obras.
- Comparar as distintas tendencias escultóricas do século XIX e analizar unha das obras impresionistas máis coñecidas de Auguste Rodin.
- Comprender o contexto político e social da renovación pictórica do Realismo.
- Analizar os precedentes do impresionismo a través da obra de Manet.
- Recoñecer as principais achegas técnicas do movemento impresionista e analizar, de forma detallada, unha obra de Monet.
- Descubrir as formulacións pictóricas do postimpresionismo e coñecer a os seus principais expoñentes, facendo especial fincapé na obra de Paul Cézanne.
- Analizar as características e as causas da aparición do Simbolismo.
- Caracterizar as diversas tendencias do Modernismo ou Art Nouveau.
- Coñecer as tendencias artísticas que se desenvolven en Europa na segunda metade do século XIX de forma paralela á arte de vangarda.

BLOQUE 4 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación histórica, cronolóxica e xeográfica da arte da segunda metade do século XIX. 	<p>1.Describir, a partir do seu contexto histórico e cultural, as concepcións estéticas e as características xerais das tendencias artísticas que houbo na segunda metade do século XIX.</p>	<p>1.1 Explica a aparición de novos movementos e tendencias artísticas da segunda metade do século XIX, en relación ao seu contexto de importantes cambios sociais e culturais. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - O urbanismo: os novos plans urbanísticos e o urbanismo utópico. 	<p>2.Recoñece as características esenciais do urbanismo da segunda metade do século XX.</p>	<p>2.1 Recoñece os distintos propósitos que caracterizaron o urbanismo da segunda metade do século XX: realismo e utopía. C. Conciencia. e expr. culturais. 2.2 Describe a arquitectura da segunda metade do século XX, especificando os seus estilos materiais e función. C. Sociais e cívicas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - A arquitectura: recuperación do pasado e novos materiais. A arquitectura historicista en Europa. A arquitectura do ferro: A Torre Eiffel. - Descrición dos novos materiais que incorpora a arquitectura do ferro. - A escola de Chicago. Louis Sullivan. 	<p>3.Identificar e analizar obras significativas da arquitectura do século XIX, utilizando unha terminoloxía específica e aplicando diferentes métodos de análise.</p>	<p>3.1 Analiza, comenta e clasifica as obras máis significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - A escultura no século XIX. O pensador, de Auguste Rodin. - O Realismo: características xerais. - O preimpresionismo. Almorzo campestre, de Édouard Manet. - O impresionismo. Impresión, Sol nacente, de Claude Monet. - O postimpresionismo. Os xogadores de Cartas, de Paul Cézanne. - A pervivencia da pintura académica. - O movemento simbolista. 	<p>4.Describe os trazos máis característicos das diversas tendencias pictóricas e escultóricas da segunda metade do século XIX.</p>	<p>4.1 Explica a evolución da escultura na segunda metade do século XIX. C. Conciencia. e expr. culturais. 4.2 Explica as características da pintura realista, da pintura impresionista e da pintura neoimpresionista. C. Sociais e cívicas. 4.3 Define o postimpresionismo e o simbolismo de finais do século en relación á pintura. C. Com. lingüística.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura comprensiva dos textos explicativos e observación das obras de arte que os acompañan. - Uso do vocabulario específico da historia da arte do século XIX. - Percepción da obra de arte como un ben cultural de valor universal. - Interese pola protección e a conservación do patrimonio artístico como ben para o goce da xeracións actuais e as vindeiras. 	<p>5.Analizar, comentar e clasificar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p>	<p>5.1 Analiza obras representativas da pintura do século XIX, a partir de diferentes enfoques metodolóxicos. C. Conciencia. e expr. culturais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - O Modernismo. A Sagrada Familia, de Antonio Gaudí. 	<p>6.Explicar o nacemento e evolución do Modernismo en Europa e en España.</p>	<p>6.1 Describe o Modernismo e a súa manifestación na arquitectura. C. Conciencia. e expr. culturais.</p>
Indicadores de logro		
<p>Describe as principais transformacións sociais e culturais que contribuíron ao abandono das definicións tradicionais de arte Explica o novo urbanismo como consecuencia do proceso de industrialización do século XIX. Describe as características e obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX Define a arquitectura dos chamados urbanistas utópicos e enumera exemplos destacados. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo Describe as características e evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e necesidades da revolución industrial Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: Templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorium de Chicago, de Sullivan e Adler; Torre Eiffel de París; Templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí. Explica o desenvolvemento da escultura no século XIX e especifica a renovación emprendida por Rodin. Identifica e analiza as seguintes obras de Rodin: O pensador e Os burgueses de Calais</p>		

Enumera os novos temas do Realismo e argumenta as razóns deste cambio temático
 Explica as achegas técnicas principais do Impresionismo e do Neoimpresionismo
 Define o concepto de postimpresionismo e identifica Cézanne, Van Gogh e Gauguin como importantes precursores de correntes artísticas do s. XX
 Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo
 Identifica e analiza as seguintes pinturas do século XIX: O baño turco, de Ingres; A balsa da Medusa, de Gericault; A liberdade guiando o pobo, de Delacroix; O carro de feo, de Constable; Chuvia, vapor e velocidade, de Turner; O enterro de Ornans, de Courbet; O ánxelus, de Millet; Almorzo sobre a herba, de Manet; Impresión, sol nacente e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; Le Moulin de la Galette, de Renoir; Unha tarde de domingo na Grande Jatte, de Seurat; Xogadores de cartas e Mazás e laranxas, de Cézanne; A noite estrelada e O segador, de Van Gogh; Visión despois do sermón e O mercado, de Gauguin
 Explica as características e tendencias da arquitectura modernista, especialmente a de España.

UNIDADE 13: PRIMEIRAS VANGARDAS

Obxectivos Didácticos

- Coñecer o contexto histórico no que se desenvolven as primeiras vangardas.
- Comprender as causas dos grandes cambios que se producen nas artes figurativas na primeira metade do século XX.
- Recoñecer as formulacións técnicas e construtivas do Funcionalismo, e valorar a importancia de Le Corbusier no desenvolvemento desta corrente arquitectónica.
- Coñecer as características da arquitectura organicista a través da figura e a obra de Frank Lloyd Wright.
- Recoñecer a singularidade das denominadas vangardas arquitectónicas: o Neoplasticismo holandés e o Expresionismo alemán.
- Identificar aos representantes máis destacados do Fauvismo.
- Distinguir os distintos focos do expresionismo que se desenvolven en Europa.
- Describir as características estilísticas do cubismo pictórico a partir da análise da obra de Pablo Picasso.
- Comprender as formulacións ideolóxicas do Futurismo e do Dadaísmo, e recoñecer as técnicas pictóricas que utilizan estes movementos.
- Valorar os cambios que introduce a arte abstracto a través da obra do seu máximo representante: Wassily Kandinsky.
- Relacionar a arte surrealista coas correntes psicolóxicas de principios do século XX e comparar as características das distintas tendencias surrealistas.
- Coñecer os trazos distintivos da obra artística dos autores da Escola de París, do Noucentisme e do vangardismo en Latinoamérica e nos Estados Unidos.

BLOQUE 5 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprendiz. e Com. Clave
— A xeografía e a cronoloxía das primeiras vangardas. – As primeiras vangardas: características xerais.	1.Relacionar as concepcións estéticas e as características esenciais das primeiras vangardas artísticas co seu contexto histórico e cultural.	1.1 Explica o concepto de vangarda artística en relación coas transformacións sociais e culturais de finais do século XIX e principios do século XX. C. Soc. e cívicas.

<ul style="list-style-type: none"> - O Funcionalismo. Le Corbusier. - Descrición dos principios básicos da arquitectura funcionalista. - O Organicismo. A casa da ferverza de Frank Lloyd Wright. - As vangardas arquitectónicas: Neoplasticismo holandés e Expresionismo alemán. 	<p>2.Describe as características xerais da arquitectura da primeira metade do século XX.</p>	<p>2.1 Define o Movemento Moderno na arquitectura, especificando os seus principais movementos. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.</p> <p>2.2 Analiza obras destacadas da arquitectura moderna, a partir de diferentes enfoques metodolóxicos. C. Sociais e cívicas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - O primeiro movemento de vangarda: o Fauvismo. - O expresionismo alemán. A Ponte e O Xinete Azul. - O Cubismo. O profeta, de Pablo Gargallo e O Guernica, de Pablo Picasso. - O Futurismo. Unha nova técnica formal: o simultaneísmo. - O Dadaísmo. O movemento "antiartístico". - A Abstracción. A Composición IV, de Kandinsky. - O Surrealismo. A corrente automatista. O Interior holandés I, de Joan Miró. - O Surrealismo. A corrente onírica. O gran masturbador, de Salvador Dalí. - A Escola de París e o Noucentisme. 	<p>3.Explica as características específicas das diversas primeiras vangardas pictóricas.</p>	<p>3.1 Identifica e describe as principais tendencias artísticas da primeira metade do século XX: Fauvismo, Expresionismo, Cubismo, Futurismo, Dadaísmo, Arte abstracta e surrealismo. C. Conciencia. e expr. culturais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización do vocabulario específico da arte das primeiras vangardas. - Distinción das formas, as técnicas e a temática de cada corrente artística mediante a análise das obras seleccionadas. - Definición dalgúns termos artísticos: <i>avant-garde</i>, <i>fauve</i>, etc. - Comparación de obras de arte das diferentes tendencias artísticas estudadas. - Interese por levar a cabo iniciativas destinadas a profundar na arte contemporánea - Valoración da capacidade de percibir a beleza ou a orixinalidade da obra artística. 	<p>4.Identificar e analizar obras significativas da pintura vangardista da primeira metade do século XX, utilizando unha terminoloxía específica e aplicando diferentes métodos de análise.</p>	<p>4.1 Analiza obras importantes da pintura moderna eira metade do século XX, a partir de diferentes enfoques metodolóxicos. C. Conciencia. e expr. culturais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - O Cubismo. O profeta, de Pablo Gargallo e O Guernica, de Pablo Picasso. - O Surrealismo. A corrente automatista. O Interior holandés I, de Joan Miró. - O Surrealismo. A corrente onírica. O gran masturbador, de Salvador Dalí. - O vangardismo en Latinoamérica e nos Estados Unidos: o Realismo social ou histórico de Diego Rivera e os estilos de Grant Wood, Edward Hopper e Georgia O'Keeffe. 	<p>5.Identificar os artistas españois e americanos máis destacados da arte do século XX e a súa achega ás vangardas artísticas.</p>	<p>5.1 Recoñece movementos e artistas españois destacados no desenvolvemento da arte do século XX. C. Sociais e cívica.</p> <p>5.2 Describe a arte de vangarda en Latinoamérica e nos EUA</p> <p>5.3 Relaciona as características e formulacións comúns entre a escultura e a pintura vangardista.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - O primeiro movemento de vangarda: o Fauvismo. - O expresionismo alemán. - O Cubismo. - O Futurismo. - O Dadaísmo. - A Abstracción. - O Surrealismo. - A Escola de París e o Noucentisme. 	<p>6.Describir as principais innovacións da escultura da primeira metade do século XX e analizar algunhas das súas obras máis representativas.</p>	<p>6.1 Analiza obras importantes da escultura moderna da primeira metade do século XX, a partir de diferentes enfoques metodolóxicos. C. Sociais e cívicas.</p>
<p>Indicadores de logro</p>		

Relaciona as primeiras vangardas cos rápidos cambios da época e coa liberdade creativa dos artistas iniciada na centuria anterior

Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura

Especifica as características da arquitectura orgánica, a arquitectura de Vangardas e o funcionalismo

Identifica e analiza as seguintes obras arquitectónicas: Edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; Pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Savoye en Poissy (Francia), de Le Corbusier; Casa Kaufman (Casa da Fervenza), de Frank Lloyd Wright

Describe a orixe e características do Fauvismo

Explica os acontecementos do expresionismo, as súas características xerais e as súas diferenzas específicas en canto aos grupos A Ponte e O xinete azul.

Explica os inicios do Cubismo e as súas características, distinguindo entre o Cubismo analítico e sintético.

Describe o ideario e principios do futurismo

Describe as características do Dadaísmo como reacción a un contexto de crise.

Describe o proceso de xestación da pintura abstracta, as súas características xerais e as súas diversas vertentes e correntes

Explica a orixe, características e obxectivos do Surrealismo

Identifica e analiza as seguintes obras: A alegría de vivir, de Matisse; As señoritas de Avinyó, Retrato de Ambroise Vollard, Natureza morta con cadeira de reixa de cana e Guernica, de Picasso; A cidade que emerxe, de Boccioni; O berro, de Munch; A rúa, de Kirchner; Lírica e Sobre branco II, de Kandinsky; Cadrado negro, de Malevich; Composición II, de Mondrian; L.H.O.O.Q., de Duchamp; O elefante das Celebes, de Ernst; A chave dos campos, de Magritte; O entroido do Arlequín e Mulleres e paxaros á luz da lúa, de Miró; O xogo lúgubre e A persistencia da memoria, de Dalí.

Define o noucentisme catalán, as obras e artistas

Explica a importancia de Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas

Explica o vangardismo artístico en América

Explica la renovación de la escultura en la primera mitad del siglo XX.

Identifica e analiza as seguintes esculturas: O profeta, de Gargallo; Formas únicas de continuidade no espazo, de Boccioni; Fonte, de Duchamp; Muller peiteándose ante un espello, de Julio González; Mademoiselle Pogany I, de Brancusi; Lagosta, nasa e cola de peixe, de Calder; Figura recrinada, de Henry Moore

UNIDADE 14: SEGUNDAS VANGARDAS E TENDENCIAS POSMODERNAS

Obxectivos Didácticos

- Situar no tempo e no espazo as propostas artísticas da segunda metade do século XX: as segundas vangardas e as tendencias posmodernas e revivals.
- Comprender as causas dos cambios que introducen as correntes artísticas neste período.
- Analizar as distintas tendencias arquitectónicas da segunda metade do século XX: do funcionalismo á arquitectura de autor.
- Recoñecer aos arquitectos máis importantes da segunda metade do século XX.
- Comprender as causas da crise do movemento Moderno e do desenvolvemento da arquitectura posmoderna, en Europa e nos Estados Unidos.
- Distinguir as características do deconstruccionismo mediante a análise do Museo Guggenheim de Bilbao, de Frank O. Gehry.
- Comprender o papel que xoga o márketing nas artes plásticas durante a segunda metade do século XX.
- Distinguir as características xerais das segundas vangardas pictóricas, así como as obras e os autores máis importantes.
- Describir a técnica e as variantes estilísticas do expresionismo abstracto, partindo da análise dunha obra de Jackson Pollock.
- Recoñecer a Andy Warhol como a figura máis influente do movemento Pop, e analizar unha das súas obras máis coñecidas: Sopa Campbell's.
- Identificar as tendencias posmodernas do último terzo do século XX e os movementos revival dos anos 80.
- Enumerar as problemáticas máis importantes coas que se enfronta a arte actual.

BLOQUE 6 E 7		
Contidos	Crit. de Avaliación	Est. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A xeografía e a cronoloxía da arte da segunda metade do século XX. - As características das segundas vangardas e as tendencias posmodernas. 	1.Describir as concepcións estéticas e as características esenciais da arte da segunda metade do século XX, a partir do seu contexto histórico e cultural.	1.1 Relaciona a heteroxeneidade da arte da segunda metade do século XX co novo contexto internacional. C. Lingü.
<ul style="list-style-type: none"> - A arquitectura: do funcionalismo á arquitectura de autor. - A crise do movemento Moderno: a arquitectura posmoderna. - O High Tech e o deconstrutivismo. O Museo Guggenheim de Bilbao. - As últimas tendencias arquitectónicas: A arquitectura de autor. As vangardas arquitectónicas en España. 	2.Explicar o desenvolvemento da arquitectura na segunda metade do século XX.	2.1 Identifica as principais tendencias na arquitectura da segunda metade do século XX. C. Conc.. e expr. culturais. 2.2 Analiza obras destacadas da arquitectura moderna, a partir de diferentes enfoques metodolóxicos. C. Conciencia. e expr. culturais.
<ul style="list-style-type: none"> - As artes plásticas na segunda metade do século XX. - O Informalismo: técnica e estética. - O expresionismo abstracto. <i>Un</i>, de Jackson Pollock. - O Pop-Art. <i>Sopa Campbell's</i>, de Andy Warhol. - O novo realismo francés e a súa crítica ao consumismo. - A Abstracción pospictórica e o Minimal Art. - Arte acción e arte conceptual. Body Art e Land Art. - A arte cinética ou Optical-Art. - A arte Póvera ou "arte pobre". - O Hiperrealismo e/ou Fotorrealismo. - Individualidades artísticas. A Escola de París. - Outras tendencias a partir de 1980. O Revival: Neominimalismo e Neo-Pop. 	3.Recoñecer a heteroxeneidade das propostas artísticas da segunda metade do século XX.	3.1 Identifica e explica as múltiples tendencias artísticas que conforman a segunda metade do século XX. C. Sent. de inic. e esp. Emprendedor.
<ul style="list-style-type: none"> - As tendencias posmodernas: Neoexpresionismo e Transvangarda. - A arte dixital: o vídeo acción e o vídeo experimental. 	4.Describir as tendencias artísticas características da posmodernidade.	4.1 Explica as formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas. C. Conciencia. e expr. culturais. 4.2 Describe a arte dixital e a súa repercusión na creación artística contemporánea. C. Sent. de inic. e esp. Empr.
<ul style="list-style-type: none"> - A escultura na segunda metade do século XX. A obra de Henry Moore. - A escultura en España. O peite do Vento, de Chillida. 	5.Recoñecer a escultura que non se inscribe na clasificación de movementos e tendencias posmodernas.	5.1 Recoñece Henry Moore como un dos escultores máis importantes do século XX. C. Sociais e cívicas.
<ul style="list-style-type: none"> - Análise de obras de arte a partir da información que proporcionan as fichas. - Descrición e valoración das novas técnicas aplicadas: frottage, dripping, etc. - Utilización do vocabulario específico da arte contemporánea. - Valoración do sentido crítico e da renovación constante da arte contemporánea 	6.Identificar e analizar obras significativas da segunda metade do século XX, utilizando unha terminoloxía específica e aplicando diferentes métodos de análise.	6.1 Analiza obras importantes da segunda metade do século XX, a partir de diferentes enfoques metodolóxicos. C. Sociais e cívicas.
Indicadores de logro		
<p>Define o concepto de Segundas Vangardas e de tendencias posmodernas</p> <p>Explica as razóns da pervivencia e difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura.</p> <p>Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas: a High Tech, a posmoderna e a deconstrución</p> <p>Identifica e analiza as seguintes obras: a Unité d'habitation en Marsella, de Le Corbusier; o SeagramBuilding en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o Museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Sydney Opera House, de J.</p>		

Utzon; o Centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o Museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry

Describe o informalismo europeo e o Expresionismo abstracto, enumerando os seus autores principais

Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo.

Explica a Abstracción postpictórica.

Describe o minimalismo e o seu proceso de desmaterialización que culminou na arte conceptual.

Describe as seguintes manifestacións de arte non duradoira: Happening, Body Art e Land Art

Distingue e explica a arte cinética e o Op-Art

Recoñece e explica o significado dos materiais usados na Arte Povera.

Enumera as características comúns entre o neoexpresionismo alemán e a transvanguardia italiana.

Identifica outras tendencias a partir de 1980: neominimalismo e neopop.

Recoñece a popularidade do videoarte nas manifestacións artísticas máis recentes.

Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación e difusión da arte

Describe a obra de Henry Moore, en particular o seu primitivismo e a importancia nela da figura humana.

Identifica (o autor e a corrente artística, non necesariamente o título) e analiza as seguintes obras: Pintura (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; Berró nº 7, de Antonio Saura; One: number 31, 1950, de J. Pollock; Ctesiphon III, de F. Stella; Equivalente VIII, de Carl André; Vega 200, de Vasarely; Unha e tres cadeiras, de J. Kosuth; Iglú con árbore, de Mario Merz; Marilyn Monroe (serigrafía de 1967), de A. Warhol; O Papa que berra (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; A Gran Vía madrileña en 1974, de Antonio López

Critérios de cualificación

Os Critérios de Avaliación e Cualificación se concretarán en modelos de exame empregados polo Grupo de Traballo da Ciug nas probas de acceso á Selectividade, e consistirán en propoñer dúas Opcións, A e B, para escoller unha delas. Ambas as dúas Opcións constarán de dúas obras de Arte reproducidas fotograficamente, que serán valoradas cada unha en catro puntos repartidos do seguinte xeito: 1 punto pola súa catalogación (cultura/estilo/movemento. Cronoloxía. Autor e Obra); 1 punto polo contexto histórico e 2 puntos polo análise iconográfico e estilístico, facendo un total de 8 puntos entre as dúas obras.

O exame completárase coa formulación, en cada unha das opcións, de catro preguntas breves que versaran sobre definición de conceptos, e que puntuarán 0,5 puntos cada unha (lémbrese que hai unha lista de termos artísticos no apartado de Orientacións do Grupo de Traballo ó DCB).

Xunto cos termos artísticos hai propostas unha serie de obras de arte representativas dos diferentes estilos ao longo da Historia.

Sen embargo, o exame representa o 80% da nota de avaliación. O 20 % restante vai indicado para as diversas actividades de mellora de comentario e análise das obras das distintas etapas artísticas.

Actividades e reforzos para lograr a recuperación

En canto ás Actividades de Recuperación, a avaliación que se practica na disciplinas Historia da Arte de 2º Bacharelato é a modalidade de avaliación continua, o que presupón que os contidos de cada avaliación computan na avaliación seguinte tanto a efectos de contidos sexibles como a efectos de cualificación. Isto implica que un exame aprobado valía o anterior, o que en si mesmo constitúe unha actividade de recuperación.

Estas probas consistirán fundamentalmente en exames de recuperación que seguirán as pautas marcadas nos capítulos correspondentes aos ***Criterios e instrumentos de avaliación*** aos ***Criterios de cualificación***.

En canto ós Reforzos para lograr a Recuperación, o profesorado da materia de Hª da Arte de 2º de Bacharelato, asiduamente fai prácticas na aula de exercicios prácticos de arte que consisten

en análise e comentario de obras de Arte, seguindo as pautas encomendadas pologrupo de traballo de Arte da Selectividade, prácticas que logo os alumnos deben facer tamén como traballos extraescolares. Tales exercicios teñen logo teñen o seu reflexo nas probas de exame, e na avaliación e cualificación de contidos procedimentais.

Materiais e recursos didácticos

Libro de Texto: Non hai un libro de texto específico, o material lle é aportado por correo electrónico tema por tema.

*Diapositivas:

CAAMAÑO GONZÁLEZ et altera: Unha saída didáctica de Hª da Arte. A Catedral de Santiago de Compostela. Edit. Xunta de Galicia.

Historia Universal del Arte y de la cultura. Editorial Hiares

Historia del Arte Español. Editorial Hiares.

De GREGORIO, E. e SENDÍN, A., Dicionario de Arte, Edicións Xerais

CASTRO, A.: A pintura do século XX. Edit. Xunta de Galicia.

Colección *El Arte y sus creadores*, vols. 1-30, de Historia 16

Cuadernos del Arte Español, de Historia 16 (nºs. 1-100)

Tamén a serie documental *Grandes Épocas del Arte*, así como *Construir lo Imposible* ou *La Vida Privada de las Grandes Obras*, entre outras.

Actividades complementarias e extraescolares

No caso de que o desenvolvemento da programación o permita:

* Visita á Catedral de Santiago de Compostela.

* Visita ó Museo de Arte Contemporánea "Reina Sofía" e ó Museo del Prado en Madrid.

Criterios de Promoción.

Non existen ou non se coñecen criterios de promoción por materia, senón por curso, e por esarazón se aplicarán os criterios xerais que marca a Lei para cada curso de Bacharelato, criterios que terán que ser aplicados en todo caso pola Xuntas de Avaliación de cada curso.

ANEXO I

Plan de recuperación dos contidos mínimos non desenvolto ao longo do pasado curso

De acordo coas instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o Departamento de Xeografía e Historia procedeu á revisión da programación didáctica para así centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre do pasado curso nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían ter desenvolvido os alumnos logo do comezo do estado de alarma. Deste xeito, unha porcentaxe dos contidos mínimos das distintas materias do departamento non puideron ser impartidas. De seguido indícanse os contidos mínimos de cada materia que non puideron ser impartidos durante o pasado curso:

1º ESO, Xeografía e Historia, desde a unidade 8 á 11

2º ESO, Xeografía e Historia, desde a unidade 8 á 11

3º ESO, Xeografía e Historia, desde a unidade 9-12

4º ESO, Xeografía e Historia, desde a unidade 11-15

1º Bacharelato, Historia do Mundo Contemporáneo, desde a unidade 13 á 16

No curso correspondente, o profesorado de cada materia deberá ter en conta:

- a. Revisar a listaxe dos contidos non impartidos que afecten a esa materia: ao comezo do curso o profesor examinará os devanditos contidos determiando cáles son necesarios para o desenvolvemento da nova materia deste curso.
- b. Determinar e planificar en que momento e situación resultará máis axeitado o tratamento de tales contidos. A estes efectos, o profesorado introducirá na súa programación de aula o tratamento temporal dos mesmos.
- c. Tales contidos trataranse na medida do posible de maneira transversal e complementaria sempre que se vaia a introducir un tema que manteña relación con eles ou sexa continuación dos mesmos.
- d. En todo caso eses contidos non impartidos o pasado curso serán non avaliados.

ANEXO II

Tratamento da semipresencialidade en bacharelato

As instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que deben ser adoptadas no curso académico 2020-2021 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece a existencia duns parámetros de seguridade que afectan significativamente ao funcionamento do noso centro. Así, os bacharelatos de diurno deberon axustar o seu número ao aforo existente, o que obrigou á administración do centro a adoptar un sistema de semipresencialidade que obriga a un tratamento específico tanto polo centro como por este departamento. Entre as medidas a adoptar destacamos:

1. A división en catro quendas ao longo de todo o curso escolar, de xeito que cada semana un grupo de alumnos deberá rotar para poder manter o aforo correcto nas aulas.
2. Dito grupo de alumnos non asistirá ao centro durante esa semana, polo que a súa formación deberá continuar de xeito telemático.
3. A metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia será desenvolvida a través do Aula Virtual onde cada profesor do departamento posúe un curso virtual para o seu grupo de alumnos.
4. O profesorado deberá realizar un seguemento contínuo do traballo a distancia a través do Aula Virtual sen prexuízo doutros medios telemáticos.
5. Desde a dirección do centro e do departamento de Xeografía e Historia tratarase de asegurar o dereito á educación a aqueles alumnos que non poidan ou teñan dificultades para seguir o ensino telemático, poñendo en marcha todas aquelas medidas que sexan necesarias para que poidan facelo.

ANEXO III

Plan de continxencia no caso de confinamento

As instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que deben ser adoptadas no curso académico 2020-2021 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece a existencia dun plan de continxencia no caso de que a situación sanitaria leve a un novo confinamento. Deste xeito, como outros departamentos, o departamento de Xeografía e Historia establece unha serie de pasos que deberán ser levados a cabo para un correcto desenvolvemento das clases telemáticas no caso de darse tal situación.

Actuacións preliminares

- a. Ao comezo do curso, cada titor/a elaborará unha lista dos problemas de seguemento telemático da súa titoría que deberá remitir posteriormente á Xefatura de Estudos.
- b. A Dirección procurará solucións viculadas á fenda dixital que poida ser localizada en cada curso.
- c. Cara docente deberá poñer en funcionamento a súa Aula Virtual nas primeiras xornadas do curso, asegurándose de que todo o seu alumnado estea matriculado.
- d. Cada titor/a dará unha explicación básica aos seus titorandos sobre o funcionamento do Aula Virtual, simplemente a través do ordenador e da pizarra dixital.

Desenvolvemento da actividade telemática

- a. O Aula Virtual deberá ser o punto de encontro para toda a actividade lectiva. Sen embargo, cada docente será libre de empregar calquera outro recurso telemático. En tal caso, sempre deberá deixar constancia no seu espazo do Aula Virtual. Todos os alumn@s poderán empregar o Aula Virtual como medio informativo sobre cáles son as canles escollidas polos docentes para o desenvolvemento da súa función.
- b. Cada docente proporcionará a debida información, durante as primeiras xornadas do curso, a todo o seu alumnado, de cal será o tratamento a todos os niveis da súa materia no caso de confinamento. Esta información é a maiores da recollida polo departamento na súa correspondente programación didáctica.
- c. Cunha periodicidade semanal, cada docente deberá enviar ao titor/a dos seus grupos, un pequeno informe cos aspectos fundamentais do seguemento da súa materia no seu grupo.
- d. O titor/a recompilará e gardará os informes de cada docente semanalmente e se detecta algunha desconexión significativa debora porse en contacto coa familia (por teléfono ou correo electrónico, que atoparán no Sixa) e transmitirá esa información á xefatura de estudos por se tivera que actuar.
- e. Cada docente será responsable de xestionar o seu traballo telemáticamente.
- f. Cada docente deberá velar porque os seus cursos virtuais estean operativos xa desde a primeira semana de outubro e deberá asegurarse de que todo o seu alumnado sabe utilizar o aula virtual.
- g. Cada docente proporcionará, nas primeiras sesións de clase ao seu alumnado toda a información necesaria reactiva á súa materia para garantir un correcto seguemento da mesma en caso dun escenario de ensino telemático, con especial atención a aqueles que se atopan en risco de desconexión dixital.
- h. As aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias claves están indicadas nos seus cursos correspondentes no apartado de contidos mínimos referidos aos pendentos, perfectamente aplicables a os cursos correspondentes.

Actuación diante de casos de NEE

- O docente preparará material escrito e adaptado, facéndoo chegar ao titor/a.
- O titor/a recompilará ese material do alumno/a e o trasladará ao equipo directivo.
- O equipo directivo imprimirá e o fará chegar ás familias polas canles precisas (protección civil, policía...)

Todo isto farase cunha periodicidade quincenal.

- As familias, na medida do posible, achegarán o material xa cuberto ao centro. No caso de serlle imposible tal desprazamento, seralle recollido o material seguindo as mesmas canles polas que se lles fixo chegar.
- O traballo recollido chegará ao docente a través do correo ordinario.

Instrumentos e procedementos de avaliación.

Serán os consignados nesta programación paraq cada curso e materia. Dado que permiten determinar o nivel competencial acadado polo alumnado tanto nun escenario presencial como non presencial.